

COORDINA: Celestino Pardellas de Blas

COLABORAN	PÁX.	ARTIGOS
Sonia Prieto	2 - 5	O AUTÉNTICO RUFINO PRIETO ABAL
Arturo Sánchez Cidrás	6 - 10	ONS E A RELACIÓN DA FAMILIA RIOBÓ CÓS MASSÓS
José Taboada García	11 - 12	POEMARIO
Celestino Pardellas de Blas	13 - 16	O SOLPOR DA CULTURA POPULAR DA ILLA DE ONS (IV). MEIGAS, BRUXAS, FEITIZOS,... "MULLERES CON PODERES (II).
Antón Mascato	17 - 19	DAS CHATAS DO GROVE Á ONOMÁSTICA POPULAR CAMBADESA
Lino J. Pazos Pérez	20 - 22	ONS, UN FARO DE CULTURA. A MIÑA PAIXÓN POLOS FAROS
Xulio X. Pardellas de Blas	23 - 25	NUN BARCO DE PESCA DE ARRASTRE NOS CANTÍS DIANTE DE ONS
Emilio Xosé Insua	26 - 30	"MARIÑEIRO DA LANZADA", UN EMBLEMÁTICO POEMA DUN AUTOR MOI ESQUECIDO: LUÍS RODRÍGUEZ SEOANE
Juan Castiñeiras	31 - 33	SALDÓNS
Xosé Fuentes	34	O PEIXE DO SANTO
Adrián Ferrer Reboiras	35 - 38	A ILLA DE ONS ANTE O RETO DOS RESIDUOS: UNHA ALTERNATIVA POSIBLE
Francisco Calo Lourido	39 - 42	HOMENAXE A CELESTINO PARDELLAS DE BLAS
Cosme Damián Romay Cousido	43 - 47	POR UN MONTE CASTROVE LIBRE DE EÓLICOS
Adolfo Fernández, Patricia Valle,...	48 - 51	A FACTORIA ROMANA DE CANEXOL: UN XACEMENTO Á MERCÉ DO MAR
Rafael Quintía Pereira	52 - 55	"ALGO MÁIS QUE CUNCHAS"
Álvaro Díaz Vidal	56 - 57	1985. A LENDA. CAPÍTULO 5. "O PRIMEIRO TESOURO, A FONTE CRISTALINA"
José Manuel Dopazo Entenza	58 - 61	O VIÑO TINTO HAINO QUE BEBER NO CACHO DUNHA CENTOLA
Francisco Meis Durán	62 - 64	VIGO E O GROVE UNIDOS POR JENARO DE LA FUENTE: A HISTORIA OCULTA TRALA CASA DO POETA LUÍS A. MESTRE
Fernando Alonso Romero e Antón Bouzas Sierra	65 - 68	A PEDRA VIXÍA DA ILLA DE ONS: ESPANTALLO MONOLÍTICO E CALENDARIO ASTRONÓMICO
Redacción Asociación PineirÓns	69 - 73	RUTA XACOBEOA MARÍTIMA-FLUVIAL DAS ILLAS CASSITÉRIDES
Jaime Bernardo Blanco Dios	74 - 75	A ILLA DE ONS, UN PECULIAR UNIVERSO MICOLÓXICO
Anxo López Vergara e Tino Pardellas	76 - 77	ACREDITADO BIÓLOGO, SEDUCIDO POLA PINTURA
Julio Santos Pena	78 - 80	FAREIROS DE ONS DO MEU TEMPO NA ILLA

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Sonia Prieto	2,3,4,5
Arturo Sánchez Cidrás	6,7,8,9,10
Celestino Pardellas de Blas	Portada, 11, 12, 13, 14, 16, 32, 35, 37, 39, 40, 41, 42, 57, 58, 69, 70, 71, 72, 73, 78, 79
Museo Pobo Galego	15
Antón Mascato	17,18,19
Lino J. Pazos Pérez	20,21,22
Xulio X. Pardellas de Blas	23,24,25
Emilio Xosé Insua	26,27,28,30
Juan Castiñeiras	31,33
Jacobo Fernández	34

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Adrián Ferrer Reboiras	36,37,38
Cosme Damián Romay Cousido	43,44,46,47
Grupo GEAAT-UVigo	48,50,51,68
Rafael Quintía Pereira	52,53,54,55
Álvaro Díaz Vidal	56
José Manuel Dopazo Entenza	59,60,61
Francisco Meis Durán	62,63,64
Fernando Alonso Romero	65,66,67,68
Jaime Bernardo Blanco-Dios	74,75
Jacobo Fernández Casal	76,77
Julio Santos Pena	80

Revista Aunios:

<https://viladebueu.eu>

<https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/aunios.htm>

<https://viladebueu.eu/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL

"PineirÓns"

Apartado de correos 51 / 36980 O GROVE
Lugar de Aios 172, Pbj.1, Praia de Pragueira /36990/ Noalla.
Sanxenxo

Pontevedra – Galicia – España
Telf: 649 42 4950

tinopardellas1957@gmail.com
celestinopardellas@gmail.com

CORRECTOR LINGÜÍSTICO
Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número



O AUTÉNTICO RUFINO PRIETO ABAL

Por: Sonia Prieto

A vellez é como unha canción, só hai que interpretala.

Falamos dunha etapa vital que ten o seu propio ritmo e melodía, e a maneira na que cada persoa a vive depende de como a interprete, depende da actitude e o sentido que lle de, xa que lle podemos dar un toque creativo, persoal, emotivo...

Ademais, así como unha canción ten altos e baixos. A vellez como outra calquera etapa ten os seus desafíos e alegrías, pero é fundamental saber como se aborden ou experimenten. É unha oportunidade para vivir de maneira plena, persoal, significativa, como quen interpreta unha canción con paixón e sensibilidade.

Sentir no profundo, vivir o día a día, aceptar o presente sen medo ao futuro...

“Everglow” de Coldplay é a canción que elixo para interpretar a historia de vida do meu tío avó, unha canción reflexiva sobre o impacto poderoso e duradeiro que os amigos, a familia e os amores poden ter nas nosas vidas. A letra detalla como, mesmo cando as persoas próximas a nós falecen, aínda permanecen nos nosos corazóns e almas, brindándonos emocións sostidas e eternas de paz, consolo e amor.

Coldplay canta que esas persoas especiais poden darnos un “brillo eterno”, unha luz que nunca se desvanece, mesmo despois de que se foran. Na última instancia, a canción alenta aos oíntes a apreciar as relacións humanas e non dalas por sentadas, estas teñen a capacidade de facer que as nosas vidas sexan máis brillantes incluso nos momentos de desesperación. Ademais, trata de invitarnos a reflexionar sobre a natureza transitoria da vida.

É polo tanto que contarei e expresarei esta historia en presente porque considero que dunha determinada maneira ese “brillo eterno” segue aí.

Lembrete: os recordos resucitan no presente, e aquel/a que ten memoria nunca esquece!

COMEZAMOS...

Rufi ten 86 anos e vive en Arra, unha parroquia do Municipio de Sanxenxo (Pontevedra) cunha estimación 163 habitantes. Reside na súa casa de toda a vida, herdada dos seus pais.

Vive só, pero non se sente baleiro. Hai moitas cousas que verdadeiramente lle enchen como o de ir a camiñar, esculcar, ler, falar con xente...



Dende ben pequeno buscou a fuxida como vía de escape para protexerse dos lugares e persoas que lles facían dano. Aquelas veces que se escapaba da casa durante días non eran por gusto, senón porque tiña que buscar algún refuxio onde poder sentirse seguro. O medo que lle atormentaba o seu pai cuxo alcume era o de “teniente” non está descrito con palabras.

Por iso e por máis factores, sempre foi unha persoa desconfiada e insegura, o que lle fixo desenvolver un carácter

picaresco de autodefensa co fin de alentarse ante os posibles perigos, activando desta maneira o seu sistema de supervivencia e protección.

A súa casa sempre está en completo desorde, pero ben que se amaña. Así mesmo, é propio del aproveitar cousas que lle chaman a atención pola rúa, e que ao mellor nós pensamos que non teñen ningún tipo de utilidade, pero para el si a teñen.

Non xulgues, trata de entender. Hai situacións invisibles aos nosos ollos.

É unha persoa solitaria e independente, simple, sinxela e reservada. Habitualmente vai ler o xornal para estar ao tanto de todas as noticias, ademais fíxase nos pequenos detalles, sempre sabe dos acontecementos do día a día, quédase moi rápido cos nomes, coas datas, cos santos, cos prezos, coas cancións antigas, co número de coches que hai nos locais... É increíble a súa memoria!

Encántalle camiñar, pero sempre co seu bastón de complemento, coa súa viseira, ou co seu chaleco reflector para que ningún coche o pille. A pesar de que se queixa de que lle doen os dedos dos pes polos callos, vai ao mercadillo como un campión a comprar rosquillas ou a por unha litrona de cervexa ao supercor, e con iso xa é feliz.

A miúdo, temos que falarlle alto e claro porque non escoita moi ben. Ás veces asinte coa cabeza, outras di “non sei que dises” ou simplemente cámbiache de tema.

É humilde, nunca se mete con ninguén, transmite boa fe, agarimo, bondade e tenrura. Tan só coa súa mirada é capaz de mostralo. Máis, non hai que ser egoísta pero...»amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale!”. Iso me di cando algunha persoa ruín lle toca un pouco o carallo.

Gústalle xantar, sobre todo cousas ricas porque “a quen lle amargha un dulce”, e iso que só lle queda un dente. Aproveita todo canto hai, ademais di que “o bacalao, os callos e o pulpo non os sabe facer calquera”. É “panseiro”, encántalle o pan, e que mellor maneira que acompañalo cunha cunca de viño onde sempre recalca que “para a comida é mellor o tinto”. Tamén lle gusta o café, pero que saiba amargo porque di que “o café ten que saber amargo, senón non sabe a café”.



Destaca sempre con orgullo o seu traballo durante un período curto na Telefónica poñendo os paus da luz, ademais diso estivo como axudante na Panadaría, no Cánting de Paxariñas, e no Hotel Montalvo a cambio de comida ou algunha que outra miseria en pesetas.

Con cautela da voltas ao redor da casa ata que vexamos a súa silueta pasar e o convidemos a xantar. Hai persoas que din tan pouco pero á vez falan tanto... Nunca deas nada por feito, os pequenos detalles marcan sempre a diferenza.

Chámame “feona”, e cando me ve cos auriculares postos dime se ando coa radio como os bañistas.

Os domingos cando vén a casa a comer despídese dicindo que “mañán é día de escola”.

Caracterizado por ser unha gran persoa observadora, onde sempre pon o foco de atención no que se ve reflexada a sociedade actual: “agora ándanche todos cos aparatitos”. Os cambios sociais, a nova era da tecnoloxía que trae consigo un camiño a novas incertidumes e nostalgia ao deixar algo tan valioso perdido polo camiño.

Vive esperando a festa do ano: San Amaro. O 15 e 16 de xaneiro, non pode faltar acudir a Ermida de San Amaro a

tocar a campá, unha pequena capela que se sitúa na parroquia de Arra, escondida dentro dun núcleo de casas con rúas estreitas onde abundan construcións artesanais tales como hórreos e alprendes rústicos.

En xeral, Rufi vive o presente e a súa maneira, aínda que sempre nos recorde cousas do pasado, porque por moito que sexa pasado seguen estando presentes: hai cousas que nunca cambian!

Da igual a idade, como di Mafalda: “Qué importan los años? Lo que realmente importa es comprobar que a fin de cuentas la mejor edad de la vida es estar vivo”

Coiñéoo toda a aldea, por como é, un camiñante que vai e vén, unha persoa diferente, auténtica e única. Porque a pesar de que sexamos diferentes somos iguais, somos persoas cos mesmos dereitos, e a diversidade nos enriquece.

E se todos e todas fósamos iguais que pasaría? Eu penso que o mundo sería tan aburrido...

Coa súa linguaxe coloquial un tanto peculiar déixanos caer moitas reflexións e leccións de vida baseadas en frases feitas ou refráns tales como: “cambiarás de muiñeiro pero non de ladrón”, “ovella que berra, bocado que perde”, “lo que no llevan los ladrones, aparece por los rincones”.

A pesar da súa boa enerxía para afrontar o día a día, nestes últimos meses notámolo un pouco decaído, non sabemos moi ben que lle sucede, pero xa non se levanta da cama para ir

camiñar. El pon sempre a escusa de que é cousa dos callos dos pés que lle impiden camiñar, e digo escusa porque antes tamén os tiña máis ía igual.

Rufi caeu enfermo. Atópase ingresado no hospital, afectado por unha serie de complicacións graves que non lle permiten gozar dunha saúde estable. Unha das causas máis preocupantes é que padece leucemia. Aínda que está a recuperar algo pouco a pouco, sendo realistas, as esperanzas son poucas e o tempo de vida limitado.

Un mes despois, trasládase a unha residencia de Pontevedra ao carón dunhas profesionais que lle dan os coidados que necesita, e con xente estraña coa que aínda non fixo boas migas.



“Se morro, que me enterren aquí mesmo”, dinos con un ton irónico que se sentía como una mestura de emocións tras analizar a realidade do contexto onde se situaba. Esa sensación de illamento ou crenza de que a residencia era para el o seu “último lugar”. A continuación miña nai responde ante esa expresión: “Non te preocupes, que eu me encargo de que esteas no lugar que che pertence”, dando por feito que se merece a súa respectuosa e digna cerimonia na súa aldea natal, porque é importante e as persoas máis próximas o valoramos e apreciamos, como diría meu pai: “os de lei sempre están”.

Porén, sempre coa cabeza ben alta dinos: “Primeiro quero curarme, e na casa non me curo”. Moito camiñou xa, e o corpo pídelle un pouco de descanso. Máis aínda, se fora por el, non vos vaiades a pensar, que seguía coa súa rutina diaria: ida e volta ao redor de Arra e parada obrigatoria na Panadería.

Unha tarde sentados na sala de visitas, consciente da actualidade, repite unha das súas frases comúns: “Hai moitos roubos”, ao que nos deriva na conversa a que hoxe existe máis inseguridade que seguridade, provocando na sociedade esa sensación de vulnerabilidade que se sinte cando un/unha é menos capaz de protexerse do entorno que lle rodea, a

nostalxia dos tempos máis seguros... Onde quedou ese certo sentido de comunidade e protección?

A saúde estalle a pasar factura. Supoño que son cousas da vida polas que todos/as pasamos, e que á vez debemos aceptar. Así mesmo, pensar en positivo e ter a esperanza presente é a única maneira de sentirse vivo e de recuperarse.

Cabe destacar que tamén é unha importante oportunidade para decatarse do lugar onde se atopan as verdadeiras amizades, xa que nos recalca por varias ocasións: “Aquí é onde se notan os amighos”. Aqueles que están nas boas, pero sobre todo nas peores.

Todo un exemplo de resiliencia, unha desas palabras que agora tanto está de moda, pero máis que iso, unha ferramenta de vida de gran utilidade para aplicar ante as adversidades da mesma, e a cal ten como significado a capacidade de preservar e adaptarse cando as cousas saen mal.

Rufi é o rei, e que ninguén diga o contrario. Cada Nadal sempre lle fago a mesma pregunta: que lle vas a pedir aos reis?, e a súa resposta tamén é a mesma: “o camiño para andar”. Só lle fai falta o camiño, porque

a súa firme actitude de non darse nunca por vencido permítalle seguir camiñando.

Oxalá todos/as tivésedes a oportunidade de coñecelo, de verdade que é unha persoa espectacular, ou polo menos para min o é.

Existen sentimentos intrínsecos nas persoas, nos vínculos e relacións que son difíciles de expresar con palabras, por máis que unha o intente.


Acompañar é tan sinxelo como atender, escoitar, valorar, compartir e estar. Esixe mirar ao outro como persoa, independentemente das súas circunstancias, comprendendo as súas perspectivas e puntos de vista, sen xulgar. Rufi buscaba iso, a seguridade de sentirse a gusto e reconfortado.

Arra sempre será o seu fogar e alí lembráremolo con agarimo!



Ons e a relación da familia Riobó cós Massós

Por: Arturo Sánchez Cidrás



A illa de Ons na man dos Massó, Os Massó e a familia dona da Illa de Ons, Os últimos anos da Ons de Riobó etc. poderían ser titulares deste artigo pero, e sen saírnos dese eixo familia Riobó-familia Massó achegámonos a un dos encabezamentos indicados por Celestino Pardellas de Blas¹ nun recente artigo da revista Os Galos². E, ante os retos e propostas de “investigación a realizar” sobre Ons feita no mesmo, afronto o compromiso de abordar cuestións por el expostas así como achegar algunha resposta ás súas preguntas, moitas delas xa tratadas por min noutros foros³ dos que agora recollo e amplifico parte da información para artellar este artigo.

Tendo en conta que nas conversas/entrevistas con amigos/as, nos comentarios a pé de rúa ou en escritas sobre o tema de Ons, danse unhas constantes con respecto á Didio Riobó e familia que, tendo en conta o que se coñece documentalmente, non sempre se acercan á realidade polo que tratarei de filtralas e contrastalas con fontes, en principio, fiables. Isto é polo que, sen pretender desmentir ou confirmar o que outros poidan dicir, darei pinceladas centrando a luz en Didio e familia ata chegar aos Massó controlando o patrimonio familiar dos Riobó. Comezaremos entendendo quen manda e pode tomar decisións e quen non na illa de Ons, polo que cómpre coñecer a pertenza desta⁴, así como o devir dos seus protagonistas, tramado económico e todas aquelas outras circunstancias que poidan ser relevantes para dar respostas coherentes co acontecido.

ILLA DE ONS 1919-1930



Manuel Riobó


O noso relato comeza o día 3 de febreiro de 1919, festividade de S. Brais, cando Marcial Bernadal⁵, natural e veciño de Ons⁶, e Manuel Riobó Guimeráns, de Cela, mercan en sociedade⁷ a Illa de Ons aos herdeiros, pai e esposa, de Fernando Quiñones de León, marqués de Mos e Valadares.

Ao pouco tempo, e ante as serias desavinzas entre os novos donos das illas, Manuel Riobó chega a un acordo con Bernadal para quedarse como único propietario a cambio de pagarlle dous prazos de 65.000 ptas⁸ e facerse cargo, entre outras, do crédito hipotecario.

Por esas datas, aínda que a illa xa pertencía a Manuel Riobó, o control e uso da mesma estaba en mans dos colonos por reivindicacións de antigo e polo ambiente hostil cara ao novo dono que deixou a familia Bernadal⁹.

Ante esta situación, Riobó tomou cartas no asunto e foi, acompañado do xuíz municipal de Bueu e outro persoal do mesmo, a facerse cargo das súas posesións insulares e aclarar, dunha vez por todas, a situación coas xentes que habitaban ese territorio.

Cando chegou, tras un día complicado de enfrontamentos verbais e ameazas, a noite deulle un respiro nas hostilidades, o que aproveitou o Riobó para plasmar un documento demoledor para os habitantes da illa, de non ser acatadas as súas condicións. Á mañá seguinte, 30-11-1921, o xuíz explicoulles o contido destas aos representantes máis remisos a negociar condicións co dono e, vendo estes que a cousa ía en serio e poderían ser botados da Illa sen contemplacións,



Acta de Conciliación de Manuel Riobó e colonos de Ons – 1921

1 Presidente da Asociación Cultural Pineiróns e director da revista *Aunios* editada por esta.

2 Os Galos 2025. nº 19 páx. 15-19

3 Arturo Sánchez Cidrás. *Ons a illa que navega no tempo*. Edición do concello de Bueu. 2021.

4 Farémolo de forma resumida pois, aínda que relevante, non é o tema a tratar.

5 Que dende 16-1-1911 era o arrendatario ou administrador da Illa de Ons.

6 Súa nai, Rosario Bernadal, era natural de Sto. Tomé de Piñeiro (Marín).

7 Manuel no momento da sinatura da documentación aporta 100.000 ptas do seu pecuniario e o resto, ata as 250.000 ptas a través dun crédito hipotecario a nome da sociedade Riobó-Bernadal. Este reintegrárase nos anos 1920-21.

8 Ao longo dos anos aínda houbo máis pagos de pequenas cantidades por diversos conceptos. A liquidación total foi en 1934.

9 Sobre todo un dos fillos.

accederon todos a asinar o documento imposto. Documento que polo contido e redacción semella máis unha capitulación de vasalaxe pola que se recoñece a Riobó dono absoluto, que un contrato do século XX.

Nun primeiro momento, sería Manuel Riobó o que daba as ordes e marcaba as directrices do conglomerado empresarial (salga, parcería de gando, alugueres, correo, transporte etc.) que era Ons. Pero todo iso requiría tempo e dedicación exclusiva, dado o volume de cousas a facer ou controlar. Riobó seguiu co labor de médico¹⁰ e, sen deixar de todo o control da empresa, puxo ao fronte de Ons, con responsabilidade de xefedono, ao seu fillo maior, Alfonso¹¹. Pero este, socavada a súa saúde desde que estivera en Filipinas, acusou a humidade do clima atlántico da illa. Deste modo, tiveron que chamar a outro dos fillos, Dídio¹², que pouco a pouco foi facéndose coas responsabilidades que levaba Alfonso, e no 1925 xa estaba a exercer como xerente único.

Durante este período, Dídio non deixou de sufrir fortes tensións e ata injurias graves por parte dalgúns dos colonos, o que levou a ter que intervir a Manuel Riobó, como dono, que tras un acto de conciliación xudicial volveu a impoñer algo de paz na illa.

SOCIEDADE “ISLA DE ONS S.L.”

Superados os 70 anos de idade, Manuel Riobó decide regular o futuro do patrimonio familiar en mans do, nese momento, seu único fillo e xestor, Dídio, e, de paso, ter en conta a os seus netos¹³ para o que constitúen, 24-7-1930, a Sociedade Mercantil “Isla de Ons S. L.”.

A súa constitución a fan como socios, Dídio Riobó (co 80%) xerente e administrador único e seu pai

Manuel Riobó (co 20%). Un e outro achegan non só cartos en metálico senón tamén capital inmobiliario como: as dúas illas de Ons: con casa principal e capela, almacén de salga, balandros a vela (transporte, cartería ou mercadorías)¹⁴ e “outras cousas que utilizan os colonos”, todo cun valor 581.000 ptas das que houbo que deducir unhas 259.000 ptas de dúas hipotecas¹⁵.

Feitas estas transaccións quedan 222.000 ptas que unidas ás 28.000 do gando e ás 5.000 ptas que hai en efectivo, dan 255.000 ptas como valor real das que Manuel aporta 250.000 ptas e Dídio participa con 5.000 ptas.

De todas formas, precisan liquidez que conseguen cun préstamo de 200.000 ptas do Banco

Hipotecario de España máis outras cantidades aportadas por acredores, amigos e familiares¹⁶ de Dídio. Con eses cartos invisten nunha plantación de árbores, arranxo de casas de colonos, merca de embarcacións etc. o que daría neses primeiros anos a un pequeno reparto de beneficios.

Por mor das peculiaridades en que se desenvolve á actividade económica da “Isla de Ons S.L” e a súa imbricación coa problemática social dos colonos os períodos de bonanza serían o mencionado do inicio e o do seu final, logo de ser vendida a Illa. Como exercicios máis negativos temos o 1932-33 pois había pouca liquidez polas inversións e tamén pola lei da reforma agraria¹⁷ que se pensou viña solucionar o problema e que non fixo máis que agudizalos o non ter en conta a peculiaridade da illa¹⁸. Outro fito importante de penurias tamén foi o ano 1936 onde o Banco Hipotecario de España fai movementos de prema polos pagos da débeda dándose a circunstancia de que Dídio non ten liquidez pois os colonos non pagan e así el tampouco pode facelo. O 1938, xa sen Dídio, e a pesar dos esforzos por parte da nova xerencia, sería o ano



10 Dende 1912 xa era forense en Vigo.

11 Acabou presentándose e aprobando a unhas oposicións de secretario de concello. Destinado a Vega de Paz (Santander) e logo a outros sitios dos que nunca tomou posesión pois morría enfermo de pulmón o 11 de xuño de 1928.

12 Eligio estaba como telegrafista no exército en África. Falecería en Vigo en 1927 a consecuencia dunha febre collidas en África.

13 Alfonso Riobó e Margarita Nigorra tiveron 4 fillos: M^a Dolores, Margarita, Manuel e Pedro.

14 Nese mesmo ano engadiránselle un barco a motor de aceite pesado e una traíña a motor de gasolina valoradas en 21.000 ptas.

15 114.000 ptas a Paulino Yáñez e 45.000 ptas ao Banco Anglo Sudamericano de Vigo.

16 Seu cuñado Felipe Rittatore ou a súa sogra Adela Palanca. Hai constancia de que seguiron cobrando cantidades fixas ata 1947.

17 21 de setembro de 1932. De todas formas esta sería unha arma de dobre fio para as expectativas de donos e colonos.

Todo dependía da valoración da mesma e das cesións aos colonos.

18 En decembro dese mesmo ano o estado pecha toda posibilidade de expropiación.

máis desastroso da sociedade pois aos problemas mencionados engadíranse os derivados das actividades propias dunha economía de guerra na que estaba sumida o país.

As solucións virían, pouco a pouco, a consecuencia da xestión profesional do patrimonio e, sobre todo ao cambio nas decisións políticas de 1941 que remataron coa venda do patrimonio con resultados ‘in extremis’ favorables para todos menos para as expectativas e os verdadeiros protagonistas como era a poboación colona da illa.

DÍDIO RIOBÓ BUSTELO

Para entender o agonizar de Ons como capital privado, a figura de Dídio Riobó é clave, quizais tanto ou máis que a do seu pai Manuel. El, o seu facer e as súas decisións como dono e xerente único de Ons foron determinantes para o destino da Illa de Ons e das súas xentes.



Dídio Riobó

Para non esmiuzar a súa biografía cinguireime no relato a un par de momentos que nos axudarán a artellar argumentos e respostas que aclaren mellor a finalidade deste artigo.

DÍDIO POLÍTICO REPUBLICANO:

Moito se dixo, sen apenas amosar evidencias do papel político de Dídio. O certo é que na política local, a parte de aparecer nunhas listas e votacións que non tiveron apenas consecuencias, a súa actividade política foi practicamente nula. Onde si tivo significación política foi na súa pertenza a o Centro Republicano Radical¹⁹, fundado por Alejandro Lerroux, partido que nun principio era, ou considerábase, de *centro dereita*²⁰, *republicano, anticlerical, anticatalán...* Facer notar que esta militancia no partido Radical si foi aproveitado por Dídio para achegarse a Madrid para xestionar con compañeiros de partido no goberno a adquisición da Illa por parte do estado.

No comezo da sublevación militar, Dídio séntese relativamente seguro ante os novos gobernantes polo achegamento do seu partido a estes²¹ e polas medidas de submisión, aceptación e financiación do novo réxime. que el, e logo a súa muller, manifestaban doando moedas e xoias de ouro para o exército nacional e milicias.

MORTE DE DÍDIO:

Durante os primeiros meses de 1936 Dídio e a súa muller María ante as dificultades económicas, problemas sociais, panorama político, futuro incerto... fan plans, por se fora necesario, de achegarse a Arxentina, patria de acollida nun momento dado de ambos onde seguía a residir a familia dela.

Para estar preparados, Dídio pediu autorización²² para a viaxe, e así quedou constancia no Libro de rexistro de emigrados do concello de Bueu. A saída fôrona retrasando, entre outras cousas por ver se se clarexaba algo a situación na que quedaría o patrimonio familiar: illa, tenda, salga...



¹⁹ Dídio foi fundador e tamén presidente do partido en Bueu.

²⁰ Logo no bienio 1934-36 de *dereita* que chegou a gobernar coa CEDA (Confederación Española de Dereitas Autónomas) e partido Agrario (propietarios de terras afectados pola reforma agraria do periodo Reformista). Seu pai Manuel pertenceu ao partido liberal de Eduardo Vincenti.

²¹ Lerroux estaba exiliado en Portugal desde onde envía carta de adhesión e recoñecendo aos sublevados.

²² María Antonozzi non a precisaba pois, aínda que italiana, tiña nacionalidade arxentina.

Todo isto quedou truncado por mor do falecemento de Dídio. O seu suicidio, na primeira hora do sábado 3 de outubro de 1936, pode considerarse que é o inicio da saída da familia Riobó do control directo da Illa de Ons.

Arredor desta morte hai unha grande cantidade de opinións, comentarios e xustificacións, máis ou menos plausibles, das que logo de filtrar algunhas das máis verosímiles podemos concluír que ningunha foi determinante pero si axudaron, en menor ou maior medida, a que este tomara a determinación do suicidio. De forma resumida indicaremos que as posibles causas desa drástica decisión tiveron a súa orixe pola situación económica da empresa, polo peche dunha solución para a adquisición da Illa por parte do estado, o acontecemento bélico e de represión política no panorama nacional, a personalidade pusilánime de Dídio etc. dos que como ingredientes perfectamente combinados co medo ás represalias anunciadas de broma por parte dun amigo, foron o desencadeante do fatal desenlace.



Dídio Riobó e María Antonozzi

A FAMILIA RIOBÓ E OS MASSÓ

Falar da relación dos Riobó coa familia Massó é remontarse aos primeiros anos do exercicio como médico de Manuel Riobó, máis concretamente no 1887. Seu status profesional e a súa implicación coas sociedades de recreo, como o casino, permitíronlle relacionarse cos empresarios da vila como Tapias, Alonso, Massó etc. No caso concreto coa familia Massó, o achegamento vese incrementado a partires de abril de 1900, cando Manuel Riobó e familia chegan de Filipinas e comparte oficio con José Massó Ferrer²³ (ese ano tamén alcalde). No 1904 os Riobó edifican unha casa en Montero Ríos, na que abren tenda, o que facilitará a relación cós veciños conserveiros. Ese mesmo ano preséntase con José Massó a unha das dúas prazas de médico que convocara o concello²⁴, prazas que co tempo exerceron os dous. A súa relación era boa ata o punto de que chegaron a operar os dous xuntos²⁵.

A finais do século XIX entrelázanse os nacementos dos fillos de Manuel Riobo-Dolores Bustelo e Gaspar Massó-Ramona García; as diferencias de idade dos fillos era pouca o que facilitou o trato xeracional entre eles. Mais a relación coa ampla familia Massó foi se cabe máis fluída logo da voda de Dídio con María Antonozzi (21-3-1928), e máis concretamente do ano 1929, logo de casarse os irmáns Gaspar e Jose M^a Massó García coas irmáns Amalia e M^a de los Ángeles Bolívar Sequeiros, pola amizade entre elas. Todos estes nexos, aínda que con pequenos episodios de desavinzas, veríanse reforzados dende que os Riobó se involucraron en actividades como a salga, comercialización de peixes, polbo etc.

Non é de estrañar que nos momentos previos o seu pasamento Dídio pensase en Gaspar Massó, amigo e coñecedor do mundo empresarial. O fixo deixándolle unha carta co encargo de velar pola empresa e pola súa familia. No mesmo día que atoparon a Dídio morto, a súa viúva acode ao amigo Gaspar solicitando axuda urxente e este mostroulle a súa reticencia ante ese labor, mais tivo que ceder pola insistencia e desesperación desta, non sen antes poñer unha serie de requisitos de control para a xestión, así como da asunción de gastos.

María Antonozzi aceptou todas as condicións e non só iso senón que, como socio maioritario, llas impuxo a súa cuñada, Margarita Nigorra viúva de Alfonso Riobó, consecuencia do cal xuntas asinan un poder a favor de Gaspar cós requisitos solicitados.

No pasan moitas horas cando comezan os movementos empresariais, que quedan reflectidos nos libros e diarios de contabilidade, poñendo un punto de partida a evitar o declive económico da entidade.

Como exemplo do realizado para afrontar as dificultades que a súa falta engadirían máis problemas económicos e sociais cos colonos, podemos citar o acordo dunha quita do 50% como condonación da débeda destes, ou mesmo o peche contable que determinou o resultado final, ata esas datas, das ganancias e perdas, dispoñibilidade de recursos etc.

²³ Fillo de Salvador Massó Palau e Esperanza Ferrer Ros. Casou co Guillermina García Feijoo.

²⁴ Por algún motivo que descoñecemos cubriuse unha con José Massó e a outra quedou vacante, que logo dunha reclamación lla deron a Manuel Riobó.

²⁵ Como en 1908 que fixeron unha operación (extirparon un anaco de intestino gangrenado), co médico pontevedrés Celestino López de Castro e que foi recollida por varios medios de comunicación



A VENDA DE ONS

Como xa se mencionou, a necesidade de desfacerse da Illa de Ons por unha venda que contentara a todos os implicados (dono, colonos e administración do estado) estivo presente en case todas as actuacións de Dídio, sobre todo desde os primeiros días de 1934 ata finais de setembro de 1936.

Tras as pescudas realizadas por Dídio no ámbito galego e estatal, o goberno da nación, no que está como Ministro de Estado o seu mentor Alejandro Lerroux, saca un decreto²⁶ en outubro de 1935. Poñendo como desculpa a creación dunha colonia agrícola para vagos e malfeitores, tiñan a intencionalidade de solucionar unha situación anacrónica na que vivían case medio milleiro de persoas en réxime de colonato e que a Lei Agrícola non resolvía.

Ante a publicación deste decreto, tanto a oposición nas Cortes como a prensa, ao que axudou a proximidade de eleccións (16-2-1936), fan unha campaña descarnada poñendo de manifesto o escandaloso da mesma, no contido e, sobre todo, no orzamento por non consideralo axustado á realidade.

O rebumbio foi de tal calibre que o mesmo consello de ministros anula (6-2-1936) o decreto anterior.

O resultado deste revés ás expectativas de Dídio e das xentes de Ons foron tremendamente negativos. O clima social na illa íase enrarecendo cada vez máis e o control da situación escapábaselle ao dono que ata tivo que acudir as autoridades reclamando tomaran carta no asunto para evitar futuros males maiores. Como tamén quedou apuntado, isto sería unha peza máis nese puzzle que acabaría coa vida de Dídio.

María Antonozzi, logo da morte do seu marido e de convencer ao amigo Gaspar Massó da xestión do patrimonio familiar veu o camiño expedito para refuxiarse²⁷ baixo a protección familiar na Arxentina.

A partires de aquí Gaspar xa é a verdadeira cabeza visible da sociedade Isla de Ons S.L. máis a que ten a última palabra é M^a Antonozzi. Gaspar manda e xestiona pero rende contas de todo e consulta decisións relevantes con ela.

Dende 1937 ata 1942²⁸ Gaspar Massó, outros membros da familia, como seu irmán Antonio²⁹, e empregados (Pancho Puig, José M^a Estévez e Camilo Veiga) encargados cada un deles dunha faceta de xestión da Sociedade: contabilidade, distribución parcelas, recadación, vendas, pesca etc.

En 1941, os trámites realizados por Gaspar Massó e equipo, co Ministerio do Exército (ramo da guerra) cristalizan nun preacordo de expropiación, posteriormente ratificado, por un importe de 1 millón de pesetas, cantidade esta aceptada polas partes pois con iso púidose facer fronte ás débedas hipotecarias e, coas 773.775,50 ptas restantes pagar os traballos ao equipo xestor dos que 50.000 ptas adxudícanse coma pago a Gaspar, e logo repartir beneficios entre os dous socios María Antonozzi (75%) e Margarita Nigorra (25%).

A partires de xuño de 1947 a relación da familia Massó co que queda da familia Riobó deixa de ter connotacións económicas para quedarse en amizade aínda que fora na distancia.



Gaspar Massó

²⁶ Presentado polo ministro de traballo, sanidade e xustiza, Federico Salmón Amorín (que xa afora anteriormente ministro con Lerroux como presidente).

²⁷ Chegou a Buenos Aires co seu irmán Isaías o 9 de febreiro de 1937.

²⁸ Quizais habería que dicir ata maio de 1947 que foi cando volveu María Antonozzi a España a asinar os documentos nos que se repartían e saldaban da sociedade.

²⁹ Era o que ía a Madrid a xestionar cancelacións dos préstamos, liquidacións con Facenda, xustificacións de contas...



POEMARIO

Por: José Taboada García

GALAIÇOS ROMANCES

Adegas con viño
pan pro camiño
lume na lareira
mazás na maceira
cartos na carteira
pócemas menciñeiras
bágoas mentireiras
amores finxidos

Mares bravíos
ondas xigantes
néboas cegantes
saraibas matantes

Cabaliños do demo
paxaros de ferro
almas en pena
de noite vagando
linguas de serpe
mal falando.

Gatos á xaneira
fariña na peneira
gatas á raxeira
bolboretas danzantes
vagalumes brillantes
lóstregos lumeantes
tronos asustantes
Lúa de prata
estrelas de ouro
o sol, un tesouro!

FANÁTICOS

Malos pagadores
peores perdedores
grandes gabadores
dos males alleos

Aboiados polas rúas,
andan de vellos.
Soidade da cidade
de xente chea.

Cantares das ondas
saídes do mar
quen vos puidera
sempre escoitar
a brisa da praia
na cara nos dá



Orquestra "A Illa é Nosa" actuando na Illa de Ons.

ARTES

O poeta pinta palabras
o pintor fermosos cadros
o músico do son arte fai
o escultor sorrisos
das pedras saca
os paxaros fan o niño
os peregrinos o camiño
Vos mozos. Sentidiño!!!



Sorriso pétreo do profeta Daniel, no Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago.



Fogueira de San Xoán na Praia das Dornas na Illa de Ons. 2007

SAN XOÁN

Son as lavercas
aves subidoras
as gaivotas dos pastores
as lavandeiras compañeiras
dos labradores

Corazóns rotos
cantan desamores
fan as cegoñas
niños nas torres

Noites de San Xoán
canta o grilo
croa a ra
lume nas fogueiras
sardiñas para asar

Fermosas mozas
de cabelos ó vento
vestidas de cores
sorriso nos beizos
pensamento na mente

Pícaras miradas
ós mozos da festa
flores na ventá
flores de verdade
flores na auga
para a cara lavar
flores, flores
flores de namorar.

O SOLPOR DA CULTURA POPULAR DA ILLA DE ONS (IV) MEIGAS, BRUXAS, FEITIZOS,..., “MULLERES CON PODERES” (II)

Por: Celestino Pardellas de Blas



De novo, un ano máis, quero resaltar a importancia de Ons no campo da etnografía e antropoloxía, pois sendo unha das súas peculiaridades máis interesantes é, por desgraza, a menos estudada polos investigadores.

Como xa teño dito, queda só unha xeración, a que vai dos 65 aos 85 anos, que aínda pode gardar algún recordo dese universo máxico que representou a cultura popular auniense; cando desapareza esa xeración, non teremos onde escudriñar, porque esa sapiencia naceu coa vida dos seus antepasados e foi transmitida oralmente de pais a fillos e, agás honrosas mínimas excepcións, ninguén o investigou e polo tanto non quedan restos escritos delas que dean fe da importancia da sabedoría popular auniense.

Aínda así, sigo dicindo que hai poucas, pero que poden ser atraentes, as posibilidades de obter información.

Pero esa información ten que ser elaborada por persoas cualificadas e dun xeito técnico e científico, para así aproveitar o pouco, ou moito, que os informantes pode proporcionarnos.

É por iso que solicito á Consellería de Medio Ambiente, a Parques, Consellería de Cultura, Deputación, Concello de Bueu,..., que poñan todo da súa parte para que especialistas nestas materiais reciban a axuda que necesiten para investigala, do contrario, esa cultura popular que naceu en Ons hai 200 anos, perderémola para sempre.

INTRODUCCIÓN

Aínda que relativamente preto do continente, a comunidade auniense viviu un illamento e un forte retraemento que fixo que os seus habitantes foran moi remisos á hora de establecer relacións con persoas fóra do seu entorno insular e, aos visitantes, moi complicado coller confianza e entrar na estrutura social auniense.

A falla de transporte co continente, o pequeno espazo nas dornas polbeiras, as inclemencias meteorolóxicas, o estado do mar, a falla dun porto adecuado,..., facía moi difícil a comunicación cos pobos da costa próxima o que provocaba unha



Peirao de Ons totalmente anegado nunha marusía de verán no 2013.

falla de contacto e relación con outras persoas de fóra da súa colectividade illán. Aínda que os homes, mariñeiros, si se desprazaban aos puntos de venda de peixe e marisco e a zonas costeiras para abastecerse (sobre todo entre as décadas de 1940 – 1965) de produtos que na illa escaseaban polo exceso de poboación como: miñoa, cangrexos, broza, madeira,..., pilas, viño,..., pero, ata nesas situacións, o contacto habitual, seguía sendo cos seus paisanos aunienses; atopábanse como máis seguros.

As mulleres, non estaban enroladas nas dornas, e aínda que algunha, de xeito puntual, podía acompañar ao seu home nalgunha faena pesqueira preto da Illa, a súa función era a

dedicación aos labores caseiros, atención aos fillos, coidado do gando,..., e faenas agrícolas. Iso traía que o contacto co continente era moi inferior ao dos homes e só puntualmente ían ao médico, a dar a luz, ao mercado, algunha festa se estaban ofrecidas,..., ou a outra faena que desenvolvía mellor que o seu home, pero, aínda así, a relación coas persoas do continente era a precisa e imprescindible, segundo ao asunto polo que se desprazaran.

A isto hai que engadir a falla de servizos na propia illa. En Ons as casas carecían de electricidade, de auga, saneamento,..., nunca houbo servizo médico, nin veterinario,..., si houbo mestra/e, aínda que as veces as ausencias eran prolongadas por non poder achegarse á illa por mor do temporal, o espazo que facía de escola era do máis precario e os materiais escolares

brillaban pola súa ausencia. A falla de transporte provocaba que as dúas tendas existentes, sobre todo no inverno, careceran de provisións de todo tipo, que eran imprescindibles para unha mínima calidade de vida. ...

HOUBO QUE BUSCARSE A VIDA

Todas esas privacións obrigaron aos aunienses a buscar fórmulas que substituíran ás súas carencias. A vida transcorría de xeito tranquilo, sen moitos sobresaltos. Non lles faltaba alimento para a familia, o campo e o mar cubrían as súas necesidades. Traballaban arreo pero felices durante a semana, e os sábados á noite e os domingos, o son das pandeiretas no Curro, facilitaban eses intres de diversión para maiores e nenos, e era o momento de andar a facer as beiras entre os mozos/as.

Levarse ben era unha obriga, necesitábanse uns aos outros para unha gran maioría dos labores diarios, dende subir e baixar a dorna para ir faenar ata os labores de sementeira e colleita.

Pero, aínda que a unión e a harmonía, parecía algo evidente, na realidade existía, aínda que non o puxeran de manifesto directamente, rivalidades, desavinzas, envexas,..., que, ás veces, acababan en inimidades, que tamén é certo, non eran moi duradeiras pois, como dixemos, estaban condenados a entenderse, necesitábanse.



As matanzas, onde os veciños axudábanse

DÚAS MULLERES “ESPECIAIS” CON PODERES

Como comentaba, a falla de servizos médicos e veterinarios, provocou o xurdir de persoas, xeralmente mulleres, que compensaban esa carencia, especializándose como curandeiras que axudaban, senón a curar si aliviar ou aconsellar, a aquelas/es veciños/as, e tamén a animais, que padecían algún mal, aínda que, se o mal non pasaba, e tal como explicabamos no número anterior¹, acudían, se tiñan posibilidades, ao médico ou a “*unha muller desas*”, de fóra da illa.

Pero, tamén había mulleres (non teño datos de homes) que posuían unhas habilidades, moitas veces herdadas, transmitidas pola súa familia ou adquiridas por experiencia propia, que axudaban á veciñanza en cuestións, dificultades, complicacións,..., que por si soas, non eran quen de resolver. Eran as consideradas adiviñas no caso positivo, ou “bruxas” nos casos negativos.

Sobre estes dous casos: adiviñas e “bruxas”, e das que podemos dicir que posuían unha fama de selo entre os aunienses, temos, aínda que podería haber máis, dous casos² curiosos: Marcelina e Manuela.

Marcelina adiviña: Era famosa porque botaba a “Peneira”. Uns din que a facía bailar cunha tesoiras e segundo onde parara, con respecto a onde ti estabas, sabía o que che ía ocorrer. Sen embargo outros falan de que botaba dentro unhas pedras, como bólas e, ao movela, segundo como quedaran na peneira, sabía o que ía a acontecer. Esta muller tiña a especialidade en amoríos e a ela acudían mulleres, principalmente, pero tamén homes. Con respecto a enfermidades, non ían onda a ela.

Contaba o Sr. Piñeiro: *“Moitos homes ían para meterse con ela. Como era pobre, levábanlle calquera cousa, sobre todo comida, e lle dicían que lles botara a Peneira. Ela o facía e dicíalles que rapaza andaba tras deles, ou como era a moza coa que se ían casar,..., ou o que tiñan que facer para conquistala,...”*

“Mentres estaban todos xuntos, ríanse dela e do que dicía, pero logo ás escondidas, ían sós xunta dela para que lle contara máis cousas, tiñan vergonza de que os viran. Primeiro ían burlarse, pero según o que lles dixera, volvían para saber máis, pero sen que ninguén os mirara.”

A siña Josefa comentaba, que as mulleres ían xunto dela, porque sempre acertaba: *“... e como non ía adiviñar!! Ías xunta ela e dicíache, que o home co que ías casar era alto, que xa fora ao servizo, que vivía nun barrio do sur da illa,... Logo ías ao baile, e como viñera un que non fose como ela dicía, xa non lle facías caso, buscabas ao que tivera a figura e os modos que ela lle dixera. Algunhas case quedan solteiras por facerlle caso. Eran cousas das mulleres de antes!!!”* - *“Tamén, na illa coñecíanse todos e falaban no río³, á porta da casa,..., cando ían co gando, e a ela tamén lle contaban e así sabía quen lle gustaba ou quen andaba detrás de cada moza da illa. Logo, ao ir canda ela, xa lle daba os datos do mozo que andaba por ela. Por iso acertaba...”*

¹ Celestino Pardellas de Blas. “O solpor da cultura popular na Illa de Ons (III). Meigas, bruxas, feitizos..., e “Unha muller desas (I)”. Revista AUNIOS. 2025. Nº 30. Páxs. 23-26.

² Volvo de novo a repetir, que os nomes que dou, son ficticios, co fin de evitar problemáticas ou ferir susceptibilidades cos seus familiares, aínda que nalgúns casos, os nomes poden coincidir coa propia persoa ou con outros veciños da Illa.

³ Na illa chamábanlle “río” ao lugar onde ían lavar a roupa.

Sobre a siña Marcelina, o señor José do Caño, explicoume que, aínda que ían a consultala por cousas de noivados, sen embargo collera moita sonda polo seguinte. Díxome: *“Contoume o meu pai que ese ano fora de moita seca, xa dende a primavera non caía nin gota. As patacas e o millo non ían pa riba. As fontes botaban un fío de auga, que había que aproveitar para a casa, ata moitos chegaron ir buscar cubos e barreños de auga salgada para botar ao millo, perdiamos a colleita.*

Vñera o cura de Beluso á Illa, non recordo como dicía meu pai que se chamaba, e dixerónlle de sacar os santos da igrexa pa lavarlle a cara e as mans polas fontes pa ver se facían por chover. El dixo que si, e dividiron os santos. Eran pequenos e pesaban pouco. Uns foron polas fontes das Xabreiras, Canexol e Pereiró e outros polas de Caño, Chan e Cucorno, en cada unha había que lavarlle a cara e as mans cun pano de man.



<https://luzdetea.wordpress.com/2021/08/04/coscinomancia-i-as-sortes-da-peneira-e-as-tesorias/> A autora do artigo desta foto di: *“Miña avoa contaba que na súa adolescencia, ela e un par de amigas usaban a peneira e as tesoiras para saber se verían ós seus noivos no baile, ou se os seus namorados as sacarían a bailar”*. Autor da Foto: Gustav Henningsen. Museo do Pobo Galego

Fixeron a procesión, pero non choveu. Uns dicían que non se fixo como era, había que ir a oito fontes e non foron. Outros que o pano tiña que ir antes a bendicir na misa, e non o levaran,,,..., o caso foi que non chovía.

No recordaba a quen se lle ocorreu a idea de ir xunto a Marcelina a que lle botaran a Peneira, a ver que dicía. E alí foron. Ela aceptou facelo e díxolles un día da semana, non recordo cal, e que ía a chover a semana enteira. E non foi a acertar!!!

Non comezou a chover o día que ela dixera, non sei se foi antes o despois, pero estivo chovendo sete, oito ou dez días. Dende aquela, colléronlle moita devoción.”

Manuela, feiticeira, ou persoa con facultades singulares: Era unha muller que compaxinaba poderes malévolos e, ás veces, propicios. Tiña moi mala fama, ata chegaron a comentar dela que lle botara unha maldición aos seus propios fillos. Comentaban sobre un deles: *“... díxolle que ía morrer afogado, e morreu. E, sabes por que foi, porque estivo casado na casa e despois saleu. Era mala e difícil convivir con ela.”*

Segundo parece, non permitía que lle levaran a contraria, nin tan sequera a súa propia familia. Manuela non tiña gando era pobre. Dicían: *“... chamaba á xente para que lle levaran un carro de esterco. Como non llo levaran, din que lle botaba maldicións para eles e para os animais. Xa podías necesitalo ti, pero co medo, quedabas ti sen el e levábasllo. Algúns non lle facían favores a ninguén, pero a ela, se lles pedía, cen carros á porta, co medo que lle tiñan a que lles botara unha maldición...”*

Contan que ás veces quedaba un leira sen traballar. Como lle interesara, ía a pedirla ao dono que, polo medo, deixáballe. Logo buscábase a vida para que lla traballaran outros veciños: *“... xa podías estar traballando cos bois e familia na túa finca que, como chegara a pedirche que lle foses a labrar, tiñas que arriar todo na túa finca e ir á dela”*.

A pesar diso, se se levaban con ela, facía todo por axudarlles: *“... mira, cando andas preñada, se che piden unha cousa e non lla dás, dicíanche: “Agora terás un orizón”. E che nace no ollo.*

Manuela era experta en curar as avenidas, os granos nos ollos e o aire malo. Tiñas que levarlle nove granos de trigo e con cada grano, que o poñía cerca do ollo, dicía:

*<Santa Lucía tres ollos tenía,
unos bordaban e outros cosían,
outros tiraban as avenidas
dos ollos de quen as tenía.*

*Un Padrenuestro
con un Ave María>*

Tiña que facelo nove veces, unha vez por cada grano.”

Para curar os orizós (*orzuelos*), a siña Manuela usaba tamén outro sistema. Contoume a siña Lucía: *“... botaba allo e loureiro na boca e os rillaba ben. Logo mandábache abrir o ollo e botábache o alento. Logo dicía unhas palabras, que non se lle entendían e, ao outro día, pasábache.”*

Contaban que xa a súa nai era unha boa menciñeira e tiña herbas de todo tipo. A siña Delfina contoume: *“... xa a nai de Manuela collía herbas na mingunte de agosto. Tiña herbas de remedios para curar a barriga, os cólicos, para a cabeza, os catarros,..., ata unha vez, unha muller que quedara en cinta, dun do destacamento do Faro durante a guerra, foi xunta á nai de Manuela. Disque empezou a coller herbas que ela coñecía, para cocelas e que tomara o bebedizo, para que se desfizera a criatura e abortara. ...”*

A xunto Manuela e a súa nai, si acudían para ver de curar enfermidades ou por problemas que tiveran os animais pero, como fosen cousas complicadas, disque non acertaban. Se iso pasaba, e sen dicirlles nada a elas, acudían a “unha muller desas” fóra da illa. Pero, se curaba a persoa ou animal, dábanlle as grazas tamén a elas. Non fora ser!!!

O XURDIR DA PALABRA “BRUXA” ENTRE AS/OS AUNIENSES

Como comentei, os veciños estaban obrigados a entenderse para poder convivir nun espazo tan pechado como Ons, pero iso non evitaba que houbera rifas, desavinzas e conflitos entre eles, que moitas veces, para evitar poñerse a mal, levábano ás caladas, ou coñecíanas só os máis achegados, aínda que, máis cedo que tarde, saían á luz.

Estes conflitos levaban a culpar sempre a outros dos males que ocorrían á familia ou ao seu entorno: *“Antonia e moi vividora, fala mal de todas. O outro día díxome: <Ti sabes quen lle ten o porco embruxado á Maruxa, pois é a muller de Luís, miroulo, e dende que llo mirou, non comeu máis>.*

Aínda que despois, seguindo a conversa, veu darlle a razón a Antonia, dicindo: *“Josefa, a muller de Luís, é moi envidiosa, un día veu xunta de min a que lle vendera pitos, e eu díxenlle: <Eu non che vendo por que tes máis ca min>. Pois dende que veu aquí e mirounos, morréronme máis de trinta. Esa muller é bruxa, ten moita envidia e mal de ollo”.*

A palabra “*envidia*” estaba sempre detrás de todos os males que ocorrían e esa envexa, transformábase rapidamente en complicacións e adversidades: *“A irmá da miña sogra, tiña moita envidia. Non sei por que, tomouna co meu cuñado, non quería que tivera nada.*

Ela tiña fillos, pero non eran bos mariñeiros e vía que o meu cuñado sempre traía pulpo e peixe, e vendía ben. Entón predeuna con el e, como o mirara ir pa o mar, o meu cuñado, ou pescaba pouco ou tiña avaria no barco... Esa muller é bruxa...”

En todas as historias onde hai roces entre veciños, e algunha sofre algún tipo de mal, a palabra <bruxa> aparece deseguido. Comentaba Luísa: “... e ela acababa de parir. Un día, estaba dando de mamar ao neno, cando comezou a botar sangue no bico dos peitos. Foi onda a súa veciña para ver que había de facer, e sen máis, xa lle estampou: *“non estivo na túa casa, fulanita e che veu darlle de mamar, pois foi ela a que che puxo así. Sabes que é bruxa e ten mal ollo, e como non puido ter fillos, anda a procurar mal a quen os ten.”* ...

Podería seguir contando moitas máis historias aunienses relacionadas coa palabra “bruxa” en relación a culpar a outros polos males que lle xurdían a algún familiar ou animal, pero enchería o artigo de testemuñas moi parecidas, aínda que un bo profesional do mundo da etnografía e antropoloxía, sabería quitarlle moito proveito a estes relatos.

É tamén moi interesante o apartado que se lle podería dedicar ás diferentes descrições sobre amuletos ou talismáns que empregaban os aunienses para evitar e espantar ás bruxas, á santa compañía, eludir o mal de ollo, evitar o buscar procedementos para librarse dos males,...

Entre as testemuñas máis interesantes sobre como protexerse de todos os males, estaban a utilización do *Pau de Noiteboa* ou as súas cinzas e o *Ramo seco das Herbas do San Xoán* que, estratexicamente empregadas ou situados en lugares sinalados da vivenda, libraban a esta e á familia de calquera complicación.

Só espero que con estes concisos relatos, anime a estudosos e investigadores a intentar pescudar sobre o fascinante mundo etnográfico da comunidade humana da Illa de Ons.



Galiñas e porcos eran os animais que máis se vían afectados polos casos de malos ollos

Das Chatas do Grove á Onomástica popular cambadesa

Por: Antón Mascato

Dedicado a Anxo López Vergara, José Taboada e Celestino Pardellas, polo intenso e fecundo traballo feito para que esta Revista Aunios permanecese viva ao longo do tempo...

Aos poucos, a sociedade civil, a xente, vai esclarecendo espazos do patrimonio cultural inmaterial que semellaban ficar ocultos para sempre, se non se botaba man del. É o caso dos alcumes, o que no Grove chamamos *chatas* e en Cambados nomean como *alcuños*. E aínda referíndonos a dous traballos publicados e asinados por persoas concretas, no fondo deses traballos está a xente, a veciñanza, que vén sendo a verdadeira autora das diferentes entradas e acepcións que figuran nas obras: *As chatas do Grove*, asinado por Arximiro Fernández Cabanelas, Rosabel Magdalena, Patricia Arias, Antón Mascato e Xoaquín Cambados; e *Onomástica Popular Cambadesa*, que lle debemos a Xoán Antonio Pillado Silvos. Dúas obras semellantes no seu obxectivo e distintas na súa metodoloxía, concibidas para o mesmo fin, mais con singularidades que as fan diferentes e complementarias, nas que podemos conferir ata arredor de dous mil alcumes, destes dous concellos do Val do Salnés.

A Real Academia Galega, máxima autoridade en materia lingüística, di que o alcume é “un substantivo masculino, con dúas acepcións”:



Antón Mascato, Patricia Arias, Rosabel Magdalena e Arximiro Cabanelas, autores de *As Chatas do Grove*.

1.- Nome que se lle dá coloquialmente a unha persoa en lugar do seu propio, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias. *Ten un alcume moi orixinal. O alcume vénlle de familia.*

Sinónimos: adeallo, alcume, nomeada.

2.- Informática. Nome, xeralmente curto e fácil de recordar, usado por un internauta ou por un grupo de internautas nas conversas, grupos de novas ou outras aplicacións de Internet para asegurar o seu anonimato. *Das persoas que introduciron comentarios só coñecemos os seus alcumes.*

Sinónimo: alias.

Vemos pois que a RAG non recolle o sinónimo de chata, na entrada dos alcumes, que é tan recoñecible como de uso extenso entre as persoas do Grove. En realidade esta palabra é unha creación léxica que se constrúe a partir dunha metátese, ou cambio de lugar dun son dentro dunha palabra, neste caso dentro de “tacha”, termo que usa Castelao na súa frase “*Non lle poñades chatas á obra namentres non se remata. O que pense que vai mal, que traballe nela. Hai sitio para todos...*” coa que lle pide á xente que se sume a traballar pola idea nacional de Galicia, ao tempo que afirma que nese labor hai espazo para todas e todos. Tampouco recolle a variante cambadesa de “alcuño”. Eivas dunha Real Academia Galega, que tamén non recoñece o termo “meco” ou “meca” como identificador, ou xentilicio, da procedencia

das persoas nadas no Grove, acepcións que non ha tardar en engadir aos seus traballos e ditames a comisión de Lexicografía desa centenaria institución (non si?, Paco de Xenxa).

Seguindo a definición da RAG temos, pois, que os alcumes son os nomes populares que lle damos ás persoas en substitución dos seus propios, e que teñen a súa orixe en determinadas “inspiracións” orixinadas en vicios, defectos ou outras circunstancias, e cos que identificamos, de xeito oficioso, a unha persoa ou a toda unha familia; nalgúns casos son retratos fieis do individuo a quen se lle adxudica a nomeada, noutros trátase dunha especie de axuste de contas social sobre alguén que logo se transmite aos seus herdeiros. Caso distinto, moi relacionado coa informática e as redes sociais, son os chamados “nik”, palabra inglesa que podemos traducir por alias e que se refire a un nome que oculta a onomástica real do seu utilizador que usándoo pretende permanecer no anonimato. Neste caso, aínda que poden corresponderse coas chatas, ou alcuños, de quen o usa, non procede necesariamente desa representación real do utilizador, nin de calquera invención baseada na deturpación da realidade.

Quédanos por expresar, no fondo da patela de peixe desta maré, a idea da construción popular do “corpus” lingüístico que hoxe representan os dous mil alcuños e chatas que recollen nos seus libros Xoán Antonio Pillado Silvoso, de Cambados, e Patricia Arias Chachero, Arximiro F. Cabanelas, Rosabel Magdalena, Xoaquín Cambados e Antón Mascato, do Grove, e que en todos e cada un deles amosan que se trata dunha creación popular, orixinal, propia de intelixencia colectiva, singular, facendo uso dunha finísima ironía, e tamén ás veces dunha dose non contida de crueldade, segundo os casos. Un acto creativo, consciente e individual, obra da colectividade, da veciñanza dos portadores das chatas e alcuños que co pasar do tempo, remata por ter mais forza como elemento de identificación de persoas e familias que os nomes e apelidos de cada persoa. Ogallá antes que tarde, se recollan tamén na documentación oficial, herdanzas, rexistros civís, contratos mercantís... como xa forma parte indisoluble das esquelas mortuorias e nas referencias textuais da intrahistoria de cada unha das vilas citadas.

PATRIMONIO INMATERIAL

De que falamos cando nos referimos ao corpo de entradas que constitúen o tesouro dos alcumes? Pois ao que a *Lei do Patrimonio Cultural de Galicia* denomina como Patrimonio Cultural Inmaterial e que no seu Título IV recolle que:

(...) integran o patrimonio etnográfico de Galicia os lugares e bens mobles e inmo-
bles, así como as actividades e os coñecementos que constitúan formas relevantes
ou expresións da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego
nos seus aspectos materiais ou inmateriais.



Xoaquín Cambados

Coñecementos, formas relevantes e expresións da cultura e modos de vida tradicionais... A mesma *Lei do Patrimonio* inclúe medidas de protección sobre estes “saberes que constitúen formas de cultura”, polo que ten especial relevancia que autorías como as mencionadas se comprometan coa recolleita e rexistro deste corpo de alcumes, co seu estudo, fixación, divulgación e posta en valor desta riqueza que é lingüística, que é propiedade non de quen leva o seu *alcuño* ou *chata*, senón que é de todas e todos nós, como creación colectiva pertence cada unha das persoas da veciñanza do Grove ou de Cambados.

Malia que algúns dos alcumes son levados con honra, non sempre acontece esa fachenda cos portadores, polo que resulta urxente esa fixación dos mesmos. A asunción pública e a tendencia a seren obxecto de posicionamento como marca comercial (Transportes Bandido, Taberna Lavandeiño, Casa do Ferreiro...) sendo positiva, non garante a súa permanencia no tempo, xa que en poucos anos podería iniciarse un proceso de perda progresiva do seu uso e coñecemento, ao non incorporárense a eles as novas xeracións. Sendo o seu uso de carácter oral, propio da transmisión oral, tradicional e popular, resulta fulcral o rexistro escrito da maior parte dos que chegaron ata nós. Sen este corpo bibliográfico das dúas obras as que nos referimos *As chatas do Grove e Onomástica popular cambadesa*, non sería posible albiscar un futuro de permanencia das nomeadas populares nestas vilas da beiramar, traballos como os referenciados van favorecer a súa permanencia no tempo e axudar a que se consolide o orgullo polo coñecemento dos saberes da cultura comunitaria, do propio.



Xoán Antonio Pillado



Nas dúas compoñentes etimolóxicas que forman a palabra etnografía (“etno”, co significado de tribo, ou pobo; e “grafía”, referida á escrita, o que daría lugar ao significado de escritura, ou descrición, sobre o pobo) temos implícita a importancia de recompilar sobre o terreo, ao pé da xente que é portadora do coñecemento xerado por ela mesma, os valores que atesouran, os saberes dos que son protagonistas colectivos, sexan crenzas, mitos, costumes, historias, coplas, refráns ou nomeadas das persoas... Ese saber popular, anónimo, de creación colectiva, ten que ser recuperado mediante o traballo de campo feito entre a xente, en entrevistas cos membros desa comunidade, e coa axuda dos informantes mais acaídos en cada un dos casos.

UNHA CLASIFICACIÓN DAS ORIXES

Nos dous traballos referidos, as autorías dos mesmos optaron por unha metodoloxía distinta, tanto na narrativa das entradas, como nos criterios de clasificación do tipo de alcumes, o que en nada merma o interese de cada obra. A xeito de proposta imos aventurar un dos posibles agrupamentos temáticos, o que non significa que atendamos a algunha das dúas,

senón que facemos un refundido de ambas para presentar unha posible orde clasificatoria das orixes e motivacións das diferentes entradas de cada proposta, dito sexa a título simplemente informativo: Animais: Galo, Furón... Antropónimos: Ghabel, Minguíños... Apelidos: Mighés, Ferreiro... Aspecto físico: Tripa longa, Mighallas... Calidade ou condición: Rubio, Muda... Escatolóxicos: Conainas, Cagharria... Oficios: Sineiro, Cobertoreiro... Peixes ou mariscos: Lura, Birbiricho... Plantas: Rabizo, Masán... Toponimia, ou orixe: Castrelán, Ghardés... Xentilicios: Meca, Andalucía... A ter en conta que outros alcuños ou chatas poden ser compostos e ter dúas referencias na súa composición: Pesca na pedra, Pes de pau... E que outras compre agrupalas dende a diversidade de motivacións que lle deron orixe.

Imos poñendo o ramo a esta encomenda que nos fai o Consello de Redacción da *Revista Aunios*, deixando mostra de gratitude polo esforzo das autorías mencionadas en ambos traballos, e aconsellando a mestras e mestres de escola primaria e secundaria que se ocupen mais dos asuntos que lle son propios ao seu alumnado e enfronten traballos semellantes, para



o que en principio abonda con que procedan a levantar un rexistro das diferentes chatas e alcuños do seu alumnado, cunha mínima explicación de cada alcume, seguramente sentirán o agradecemento das familias ao decatárense de que o saber popular, comunal e de transmisión oral forma parte desa creación colectiva, intanxible, que constitúe o noso Patrimonio Cultural Inmaterial, que é de protección obrigatoria por parte dos poderes públicos do noso país, ao que non é allea a Consellaría de Educación na que están adscritas as persoas que se dedican á docencia. Non parece razoable que a día de hoxe só coñezamos dous traballos deste tipo feitos e publicados en todo o Val do Salnés, e moi poucos mais referidos á totalidade do noso país.

Non queremos rematar sen expresarlle o noso fondo agradecemento ás persoas que no seu día puxeron os alicerces desta fermosa realidade que é a *Revista Aunios* e a todas as persoas que a fixeron posible ano a ano. Para quen pretenda saber mais de Ons, O Grove, e as comarcas do Morrazo e o Salnés, esta publicación resulta absolutamente imprescindible. Honra, pois a Tinón, Anxo e José e neles ao resto da xente que a fixo realidade.

ACTIVIDADES “PineirÓns”

Agradecemento á:



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

Colabora


Ons, un faro de Cultura A miña paixón polos faros

Por: Lino J. Pazos Pérez



Cando no ano 1985 comecei a fotografar os faros para aquel traballo que logo publicaría a editorial Galaxia en 2003 (reeditado ao ano seguinte), *Faros de Galicia*”; para min todo era fascinante...

na súa maioría continuaban habitados, mesmo nalgún vivían en determinadas tempadas os nenos; recordo perfectamente a primeira vez que fun visitar o da illa de Sálvora, cos técnicos, creo que Carlos foi o que me atendeu, todo un privilexio. Fotografáronme na lanterna, deixáronme furgar nos seus libros, ensináronme as anotacións doutros fareiros, e deles mesmos, feitas á luz da lúa ou en días tormentosos, cando o espírito aventureiro destes profesionaisponse a proba; o acendido, manual nun tempo, lembraba as noites de insomnio con algún barco nas inmediacións correndo o perigo de irse contra as rochas, un mundo que logo, cando visitei Sisargas, onde pasei un par de noites, contábame o fareiro, sentado nas escaleiras de ferro fundido por Sargadelos, os medos que induce a soidade, a angustia que se sente cos ventos tempestuosos, sabendo que “ti”, si, “ti”, es o responsable de que os barcos que navegan nas “túas augas” (todo é persoal) poidan orientarse pola “túa” luz; ou cando logrei acceder ao de Bares, despois de visitar aquela ruína en que se convertera o semáforo máis ao Norte de España, punto divisorio do Cantábrico e o Atlántico (hoxe reconvertido en hoteliño con encanto); recordo que me levou a el un antigo zapateiro que traballara medio século en Cuba, e que retornara, xa maior, á súa terra, *iso é exercer de galego*, díxenme mentres nos encamiñabamos ao faro, onde o seu técnico, unha muller de afouto carácter e moi atenta coas miñas preguntas, permitíume subir á lanterna para que ollara “as súas propiedades”; esta muller, que montaba perfectamente a cabalo (a lombos dun equino ía cando a coñecín), convidoume a un café nunha pequena sala do faro onde departimos o soño eterno dos que



No apunte dedicado ao Faro de Ons, di: “Funcionamiento irregular”

soñamos espertos....

E así, ata un centenar de faros que, sen poder acceder a maioría deles, fun visitando e fotografando ao longo da costa desta sinuosa península Ibérica durante uns trinta anos...; todo para saciar as miñas ansias de coñecemento sobre o mar e as súas xentes, vivencias que publiquei nese medio centenar de libros que agora me acompañan nestas derradeiras singraduras....

Pois ben, a illa de Ons abordeina por primeira vez nun dos últimos anos da década dos 70 do século pasado, cando, despois de pescar nas súas inmediacións (pesca submarina), achegabámonos á taberna de Checho onde nos preparaban unha saborosa caldeirada coas maragotas conseguidas (era onde estaba o teléfono de manivela, único contacto con terra firme cando había temporal); aquilo si que era unha lenda viva, escoitar aquelas xentes que se batían coas necesidades máis apremantes, que entregaban a súa vida ao mar para sacarlle un sustento que ás veces se negaba a recompensalos poñendo a proba a súa integridade, e sobre todo a súa paciencia para, despois de xornadas nas que non se podía pescar debido aos malos tempos, había que volver embarcarse na fráxil dorna e dirixirse de novo ao mesmo lugar de sempre, esperando que a pedra lle cedese algunha das súas pezas, fanecas, unha centola, un polbo, o que fora, pero que puidese volver á praia coa comida para os seus, onde o esperarían para axudar a poñer a embarcación en seco.

Nos anos oitenta comezaron a chegar á illa os primeiros turistas, e, entre eles eu, (con Toñy, Montse e Susana) acompañando aos que formarían o embrión da asociación “Pineiróns”, que aínda hoxe en día defende o Patrimonio insular (primeiro fomos A Peneira), nome que eliximos por facer referencia a ese molusco chamado en castelán *oreja de mar* (*Haliotis corrugata* ou *tuberculata*) e que en Galicia coñécese como peneiras (na miña colección de cunchas, todas recollidas de ani-

mais mortos e atopados nas praias despois dos temporais ou de que pasase algún barco pesqueiro con aqueles rastros agora por sorte prohibidos), polos orificios que ten a cuncha, ademais do exclusivo *nacarado* (agora chámanlle *abalón*, nome que nós neses anos nunca utilizamos) ; naqueles momento non se consumía, soamente as pezas medianas cociñábamolas con arroz, pero pouco máis; hoxe en día cotízanse en lonxa (consultado Internet dime que o seu prezo oscila entre os 40 e os 800 € o quilo para o mercado internacional, verdadeiramente, estamos tolos).

Non direi que as visitas ao faro eran continuadas, pero si que se fixeron varias, eu polo menos, sempre en compañía de membros da asociación citada, o que si mantiñamos era unha fluída charla co fareiro cando baixaba ao “pobo”, ou sexa, á de Checho ou Acuña, que por aquela, e agora, eran os que fornecían os comestibles e bebidas, sobre todo cando o mar dificultaba a chegada do barco coas subministracións.



Proxecto do Faro de Ons. Arquivo Autoridade Portuaria e Ría de Pontevedra. (AAPMRP)

O FARO DE ONS

Ten dúas etapas claramente diferenciadas, en canto á súa estrutura; froito daquela Lei de Sinais de 1847, foi levantado na cima do monte, a algo máis de 120 metros de altitude (nun primeiro momento pensárase en Onza, pero é unha illa difícil de abordar con malos tempos, polo que se apostou por Ons. Comezaron as obras nos anos 60 (século XIX) con planos do arquitecto José Elduayen Gorriti, que, despois de varios e serios problemas coa administración por temas de espazo para os dous fareiros que eran necesarios e modificacións do enxeñeiro Ángel García do Hoyo, foi finalmente acendido en abril de 1865. Deberon ser anos difíciles para as familias dos que se encargaron do seu mantemento e control, dada a precariedade do peirao que en épocas invernais, con temporais de practicamente calquera cuadrante, facía difícil a subministración

das vituallas necesarias para a súa subsistencia; deste capítulo encargábase Manuel Lojo Varela, que tamén atendía as necesidades dos faros de Cíes ou Sálvora.

Cos albores do novo século chegaba o momento de modernizar os sinais (no Libro de Faros de 1901 advertíase que o da Illa de Ons tiña “*funcionamiento era irregular*”) e, en 1915, comeza a súa reforma de mans dos enxeñeiros Martínez Campos e Rafael da de la Cerda, pero será Ramiro Pascual o que lle deu o impulso final en 1921, quedando o faro e as súas dependencias como hoxe en día vémolos, melloradas e actualizadas, está claro.



Foto cedida para este traballo por David “Santiago”

CHEGA A AUTOMATIZACIÓN E OS FAREIROS XA NON SON IMPRESCINDIBLES

Os técnicos de sinais marítimas, como os emigrantes galegos á meseta de Castela, fan as súas maletas, atan os seus fardos, e un día... teñen que deixar o

seu traballo ao pé do mar, abandonan a súa casa, e, mentres están neste mundo, van vivir a un piso...; o cambio é demoledor para algúns, pero a vida continúa e teñen que adaptarse á nova situación.

Ao faro de Ons chégalle tamén o momento do abandono, e xorde a necesidade de dedicar esta obra de enxeñaría que soportou ventos tempestuosos e temporais de todos os cuadrantes, e darlle, o mesmo que ao fareiro, unha nova vida, mentres a súa luz segue guiando aos mariños na escuridade da noite, por moitos instrumentos electrónicos que leven a bordo.

A NOVA SITUACIÓN E A POSIBILIDADE DE DEDICAR ESTAS CONSTRUCIÓNS A OUTROS USOS

Dicía a prensa este mes de setembro que ao redor dos máis de 1.000 edificios industriais singulares, base sobre a que se fundou a actual economía galega, léase, serradoiros, fábricas de salgadura ou conservas, carpinterías de ribeira, estaleiros etc., entre os que tamén incluírían os faros de axuda á navegación, poderían obter licenzas para a súa reconstrución, dedicación a vivendas, lugares de lecer, culturais etc., decisión moi loable, aínda que chea de incógnitas.

O mundo que rodeaba esas fábricas derrubouse cando foron vencendo os prazos daquelas concesións outorgadas a finais do século XIX ou principios do XX que tiñan unha vixencia de cen anos..., que parecía que serían para sempre, pero os cen anos pasaron, como pasa todo na vida, e os empresarios e os seus descendentes viron como os permisos non se renovaban, algúns xustamente, pero outros pola simple desidia dos gobernantes..., así, deixouse de investir naquelas industrias que moveron a economía galega durante tanto tempo, abandonando aqueles espazos e construcións que, aos poucos, foron arruinándose sen que ninguén lles botase unha man, aínda que soamente fose para que non viñesen abaixo, como así foi en moitos casos.

Bo, e que se podería facer para darlle a estas construcións unha nova vida...?; aquí poderíase abrir un amplo abano de ofertas, a saber: industrias como

as que ocuparon eses almacéns agora abandonados e en ruínas, fábricas de salgadura e conserva, novos serradoiros, novos portos e ramplas para poder acceder facilmente á costa, centros de estudo da contorna privilexiada onde se levantaron, observatorios de aves, ou mesmo, lugares onde albergar coleccións de instrumentos ou ferramentas sobre a temática relacionada con eles, xa que, dunha ou outra maneira, esas construcións pertencen á totalidade de habitantes da Comunidade; e para os faros en xeral e o de Ons en particular..., pois, eu persoalmente, e creo que é a idea que ten a miña contorna, sería que, as súas salas inferiores, aquelas que serviron de vivenda aos fareiros, e como homenaxe ao seu traballo, convertéranse en salas de exposición e, por se se nos fai caso, e tendo sobre a mesa o magnífico traballo realizado por María Eyo e Enrique Abati, “*Ons, la memoria del faro*”, publicado pola Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra en 2024, pido, creo que en nome de moitos namorados do mar, desde esta tribuna que me brinda Pineiróns, “AUNIOS”, que leva publicándose desde marzo de 1999, que “*o noso faro de Ons*” dedique polo menos esa planta baixa a mostrar a colección de pezas rescatadas do esquecemento, que formaron parte do devir da illa, que servirían de ornamento a unha biblioteca sobre sinais marítimas, que ao tempo recollese publicacións sobre os accidentes que por desgraza ocorreron nas inmediacións destas maxestosas construcións que son salvagarda do mariño....

Eu, que recoñezo ter unha mirada demasiado romántica sobre o que significan os faros, se me permitides, poñería ao dispor desa biblioteca situada no faro de Ons, as primeiras edicións de Naufraxios nas Rías Baixas, Naufraxios costa NW; Naufraxios de la Armada; Aqueles barcos de madeira, Por los faros del Cantábrico, Faros de Galicia, etc., e todos os apuntes e fotografías referentes a estes temas...


Non quixera finalizar este artigo sen ter un entrañable recordo para os fareiros, e, sobre todo, para Ramiro, auxiliar do faro de Ons, e Aurita, a súa dona, polos bos momentos pasados escoitando as súas vivencias naqueles anos dourados da nosa mocidade.



Instalación de paneis solares. Foto realizada en 1998

NUN BARCO DE PESCA DE ARRASTRE NOS CANTÍS DIANTE DE ONS

Por: **Xulio X. Pardellas de Blas**



Completamente decidido a vivir unha experiencia de pesca, o 20 de xulio de 1970, presenteime no ISM de Vigo ao exame para obter o certificado de competencia mariñeira e uns días despois xa me deron a libreta de mar na Axudantía de Mariña de Marín.

EMBARQUE E O PRIMEIRO DÍA

Eu sabía que no bar Lelé de Marín recollían as solicitudes de mariñeiros para os barcos de pesca, o 28 de xullo fun informado de que no arrastreiro Domínguez Macaya precisaban un cociñeiro para completar a tripulación e ao día seguinte estaba eu no peirao para embarcar. Alí me dixeron que debía levar traxe de augas e botas, e coa maior ignorancia só levei a maiores unha manta, algo de roupa e un neceser elemental. Xa no barco descubrín que tódolos mariñeiros levaban unha *colchoneta* de goma espuma, sabedores de que as liteiras do rancho a proa eran de madeira, mais, eu con 21 anos decidín que podía resistir o desafío desa cama de madeira e así o fixen. Saímos sobre

as 10 da noite enfrontados a unha nortada furibunda, con ondas que batían a proa con golpes continuados, pero aínda así recordo que conseguín durmir.

Unha anécdota curiosa: cando o suboficial da Axudantía revisou a documentación do barco para dar a autorización de saír ao mar, comentou: “unha libreta a estrear, mañá teredes un mareado a bordo”. Eu xa sabía que tal cousa non ía acontecer, porque eu nunca me mareei nun barco.

En torno ás 5.30, apenas coa luz da alborada espallándose polo horizonte, alguén me espertou para iniciar os labores da primeira largada do copo e déronme a explicación de que debía estar atento a asegurar que a malleta e a rede se moveran axeitadamente cara a popa sen ningún atranco para calar na auga. A operación foi rápida, porque todo estaba xa preparado desde o día anterior. A seguir, achegueime á cociña, o meu posto teórico de traballo no barco, mais, o cheiro no interior foi tan nauseabundo que me obrigou a saír de contado e case vomitar. Dentro estaba un rapaz (o máis novo da tripulación que tería uns 16 anos), como encargado de cociñar ate ese momento, e logo dunha breve conversa con el e o contramestre chegamos ao acordo de que fose el quen seguise cociñando, cousa que por outra parte facía de marabilla.

Ao longo da mañá o mesmo contramestre describíume de forma moi sucinta as características do meu traballo a bordo, que xa ía descubrindo e ampliando co paso dos días. O que tamén descubrín foi que a maioría dos tripulantes levaran alimentos para si (café, viño, refrescos) que complementaban o que achegaba o armador (pan, aceite, patacas, ovos, hortalizas, leite), mentres que eu tampouco levara nada. Por fortuna, o rapaz embarcado para facer os días de mar necesarios na obtención do título de FP marítimo, apiadouse de min e prestoume o seu bote de Cola Cao para o almorzo, de todas formas, non quixen abusar da súa axuda e moi logo me habituei a comer peixe nas tres comidas do día (e tamén ovos fritos nalgunha cea). Con este rapaz entendínme moi ben desde o principio e foi o meu alicerce de socialización ao longo de toda a travesía, porque co resto dos mariñeiros apenas cruzaba algunha palabra nas manobras de largado e recollida. A realidade é que sen dúbida había un certo distanciamento cultural con eles, e asemade cómpre dicir que o contramestre berraba con todos menos con nós os dous, o que podía ser igualmente unha causa máis para aquel distanciamento.

A TRIPULACIÓN E O BARCO

O mando principal do barco era o patrón de pesca, quen dirixía tódalas operacións desde as 5.30 da mañá ate as 9.30-10 da noite, decidía o rumbo, os lugares onde se debía largar o copo e canto tempo duraba o arrastre. A partires das 10 da noite tomaba o mando o patrón de costa, quen seguía o rumbo que lle marcara previamente o de pesca e actuaba auxiliado por un mariñeiro en quendas de dúas horas. A tripulación a bordo constaba de seis mariñeiros (un deles era eu e outro o rapaz en prácticas), un motorista, un cociñeiro e máis un contramestre, quen coordinaba os traballos de cada operación. O noso contramestre era un home roxo, de baixa estatura e moi mal xenio, tiña unha xenreira especial co rapaz cociñeiro, ao que berraba seguido, aínda que para min cun certo fondo de tenrura paternal.

Polo que despois souben, o barco Domínguez Macaya medía uns 23 metros de eslora e 120 TRB, construído totalmente en madeira armaba un equipamento de radar, gonio, sonda, radiofonía, “*maquinilla*” (nome que lle dan os mariñeiros, a pesar de ser a principal para mover os cabos, as portas e o copo), e máis outras dúas máquinas na cuberta, unha auxiliar que xera a luz e os servizos e outra con pluma haladora e escobén para levantar o copo. Nun espazo a popa gardábase o aparello de reserva, no que moitas tardes cando tiña tempo libre me sentaba para observar no horizonte os pobos da costa. Baixo a ponte de mando estaba a cociña e na metade da cuberta a entrada á neveira, onde se gardaba a un lado o almacén do avituallamento e ao outro os depósitos, ben abastecidos de xeo, para colocar o peixe. O barco faenara antes en parella e só había uns anos que fora transformado en arrastreiro. Non sei o ano en que foi construído, pero non durou moito despois do meu desembarco, pois logo duns meses foi despezado.

A PESCA E O TRABALLO A BORDO

Como adiantei antes, o primeiro día fun despertado e situado a estribor para vixiar a correcta largada do aparello pola popa. Esta operación presentaba un certo risco de ser golpeado pola malleta que corría a cada lado do barco e levaba as portas para calar no mar, elementos fundamentais no arrastre, porque conseguen manter aberto o copo dentro da auga. O contramestre berraba a oito a todos para asegurar a rápida manobra e asemade, como dixen, para evitar o perigo dun golpe coa rede. Completada a operación de largado había un tempo libre para o almorzo.


Como é lóxico, ese día eu aproveitei o tempo libre para percorrer, coñecer e familiarizarme co barco, para min novo por completo. Así descubrín onde había auga potable, tamén onde me podía lavar e unha sorte de latrina que apenas usei, dada a súa escasa limpeza, porque era máis cómodo mexar pola borda.

Máis ou menos a mediodía, estando eu de faladoiro co rapaz de prácticas, escoitamos o son da campá que avisaba da manobra de virar, nome que recibía a recollida da rede. Toda a tripulación (agás os patróns, claro é) nos situamos diante da tapa da neveira mentres a *maquinilla* enrolaba os dous cabos da malleta, logo subiu as portas e levou o copo á banda de babor, onde a pluma o levantou sobre a cuberta. De seguido o contramestre desfixo a xareta do fondo do copo e este abocou a carga de peixe diante de nós.

Velaí o comezo das operacións básicas para a tripulación ao longo do día, que supoñían para uns o traballo de limpar con rapidez o copo de algas e refugallos deixándoo listo a unha nova largada, e para todos a selección e almacenamento do peixe na neveira. Esta operación duraba unhas dúas horas, pola cantidade abocada na cuberta e máis pola necesidade de colocar axeitadamente cada grupo de peixes na súa caixa antes de baixala á neveira. A especie principal eran as cigalas, que debían tratarse co máximo coidado por seren daquela o obxectivo económico máis importante para o armador. As pescadas, os meros e os rapantes eran as segundas e colocábanse en caixas aparte, tódalas demais, abadexos, congros, xurelos, salmonetes, bacaladillas, etc, ían igualmente separadas, e xa ao final.

A selección facíase a man e que eu recorde ningún mariñeiro usaba luvas. Iso significaba unha singular batalla entre a pel e as escamas dos peixes, algunhas delas especialmente agresivas que mesmo chegaban a provocar feridas. Claro é que moitos dos membros da tripulación mostraban calos e durezas nas mans como resultado de anos movendo os peixes e arrastrando os cabos nas diferentes manobras a bordo. Como é lóxico, non era o meu caso e ao remate da travesía a pel das miñas mans exhibía unha longa xeografía de rabuñadas, cortes e asemade durezas, case coma os vellos de mar.

Xa comentei antes que as faenas a bordo era paralelas no tempo, de feito, mentres unha parte da tripulación se dedicaba por enteiro á selección do peixe, outra parte vixiaba a largada do aparello pola popa, aínda que de seguido se incorporaba ao mesmo traballo dos primeiros. Completada a colocación do peixe, cumpría baldear a cuberta e limpar ben a tapa da neveira, dado que resultaba ser a mesa onde se colocaría a caldeira común do xantar. Pola metade da faena de selección o cociñeiro elixía un peixe que sería a base do noso compango. Recordo que o primeiro día tocou pescada, mais, ao longo de toda a singradura observei que agás cigalas, o mellor peixe do montón era destinado para o xantar da tripulación (comemos mero un par de veces, pescada moitas e tamén congros e abadexos).



Aparello de arrastre




Arrastreiro “Domínguez Macaya”

O menú habitual era un guiso en caldeirada, con patacas, tomate, pementos e chícharos. Colocábanse un par de bancos a cada lado da tapa da neveira, cada un de nós facíase cun prato, unha culler e pan, e ía apañando a comida, podendo repetir mentres houberse anacos no caldeiro. Eu que son moi de mollar o pan, pedín permiso para facelo e dixéronme que debía agardar a que rematasen todos para rebañar o fondo da pota. Ao patrón de pesca levábanlle o prato á ponte de mando e o de costa sentábase connosco. Despois do xantar había de novo un tempo libre, que algúns mariñeiros aproveitaban para durmir, outros para pescar con liña pola borda e eu, laiándome de non ter levado algún libro para ler, sentaba a popa no aparello de reserva e contemplaba o mar, ou ben latricaba co rapaz de prácticas. En torno ás seis e media-sete da tarde volvía a soar a campá para avisar da segunda virada e todo se repetía máis ou menos igual, agás a faena dunha nova calada da rede que como é natural, quedaba lista para a mañá seguinte.

A cea era loxicamente despois da última recollida, mais, neste caso non sempre era comunitaria, dado que varios mariñeiros preferían prepararse algo na cociña, en función dos alimentos que levaran ou que alí había, fuxindo de repetir peixe. De feito, mesmo recordo que nos últimos días da pesca se chegou a comentar que pedirían ao armador a achega de algo de carne, por exemplo de polo.

ALGÚNS DETALLES PERSOAIS NA SINGRADURA

Non era normal que o patrón de pesca falase coa tripulación mentres dirixía o arrastre, pero xa desde o primeiro día se decatou da excepcionalidade da miña presenza e varias veces me chamou á ponte de mando para latricar comigo. Era un home xa algo maior para as idades habituais do seu traballo (de feito, non tardou moito en xubilarse logo do meu desembarco). Coñecía os cantís como a palma da man e explicoume moitos pormenores dos lugares onde pescaba. Poucos patróns se arriscaban a baixar ata Portugal e sen embargo, como me dixo confidencialmente, era onde había máis cigala. Subía despois cara o norte, sempre a unhas 25-30 millas en paralelo á costa, ate quedar fronte a Fisterra, seguindo unha ruta por onde se collían outros peixes como meros e congros, ademais e sobre todo, tiña perfectamente sinalizados os barcos afundidos en naufraxios cun trazo vermello na súa carta mariña. Era unha precaución elemental, pois que o aparello podía embarrar neles e perderse. Tamén lle pareceu pavera a miña decisión de ter unha experiencia nun barco de pesca sendo estudante universitario.



Mapa de arrastre.

O traballo do patrón de pesca remataba ao cabo da última largada. Máis ou menos despois de cear se retiraba á súa liteira, ao fondo da ponte de mando, e nese momento comezaba a faena do patrón de costa, quen debía manter o rumbo norte ou sur, dependendo do lugar onde estivese o barco e seguindo as instrucións que lle deixara o de pesca. O patrón de costa era tamén un home de idade e bastante vello verde (na garda facía seguido chistes de mulleres e a min preguntoume varias veces como e onde nos arranxabamos os estudantes para follar). Con el debía estar un mariñeiro auxiliar na roda do temón e velaí que cumpría fixar entre nós unha quenda de gardas tódolos días. Eu librei o primeiro día, pero xa no segundo tocoume estar alí de once da noite á unha da madrugada. En todo caso, as gardas foron para min as experiencias máis agradables no barco, ollando as luces dos faros da costa que brillaban e ás veces reflectían unha música especial que eu escoitaba no silencio do horizonte. Alí descubrín as diferencias na potencia lumieira de cada faro, así coma os tempos de destello. O patrón de costa foime situando cadansúa luz, desde o cabo Silleiro, Panxón, Cíes, punta Subrido, Ons e Sálvora, onde rematou a miña quenda dese día. Un dos máis potentes era o de Ons, diante do que me tocou pasar nesa garda e logo na última noite da pesca.

O día 10 de agosto desembarquei no peirao de Marín por propia vontade. Levei para casa un quiñón (a propina dos mariñeiros) con dúas pescadas medianas, tres xardas grandes e algún peixe pequeno. E sobre todo, os recordos da experiencia vivida once días nun barco de pesca de arrastre polos cantís da plataforma continental galega.

Na noite do 10 de agosto chegamos a Marín e realicei o meu último traballo a bordo axudando a descargar a pesca no peirao da lonxa vella. Recordo que a operación foi moi rápida, mentres dous mariñeiros subían á cuberta as caixas de peixe desde a neveira, os demais facendo corda pasabámolas ao peirao, onde os traballadores da coia trasladábanas arrastrando con ganchos ate o interior da lonxa. Ao cabo dunha hora máis ou menos todo o noso peixe estaba disposto para a poxa, e como xa lle comunicara ao patrón de pesca a miña intención de desembarcar por propia vontade, collín a bolsa coas miñas cousas, subín ao peirao e marchei para a miña casa. Levaba un quiñón (a propina dos mariñeiros) con dúas pescadas medianas, tres xardas grandes e algún peixe pequeno, e sobre todo, os recordos da experiencia vivida once días nun barco de pesca de arrastre polos cantís da plataforma continental galega.

“Mariñeiro da Lanzada”. Un emblemático poema dun autor moi esquecido: Luís Rodríguez Seoane

Por: Emilio Xosé Ínsua

Mergullarse na produción literaria galega do século XIX, sobre todo naquela fracción habitualmente menos (re) coñecida, resulta un exercicio grato, interesante e cheo de sorpresas. Esta reflexión é especialmente válida cando o que nos agarda na lectura deses textos normalmente esquecidos conecta con intereses inmediatos que nun instante dado nos poidan ocupar. Así acontece co texto que hoxe suscita este noso artigo e que confeccionamos con moito pracer para unha revista, *Aunios*, que está afrontando as súas derradeiras travesías despois de ter rendido un servizo divulgativo e cultural verdadeiramente impagábel, que moito agradecemos na parte que nos toca. Beizóns!



Retrato ao óleo de Luís Rodríguez Seoane. Consello da Cultura Galega

Asinada ao parecer en Santiago en 1898 (cousa ben discutíbel, como veremos), publicada no primeiro número do semanario pontevedrés *El Obrero* (7 de marzo de 1898) e reproducida por Euxenio Carré Aldao na súa monografía *Literatura gallega* (Barcelona, 1911, pp. 265-267), a composición “Mariñeiro da Lanzada”, do escritor pontevedrés Luís Rodríguez Seoane (8 de abril de 1836- 12 de agosto de 1902), debe figurar por dereito propio en calquera escolma poética vinculada ás paisaxes da nosa comarca e á realidade da vida, o traballo e as traxedias da nosa xente mariñeira.

Composta en estrofas de arte menor, con cinco versos octosílabos e rima consonántica, ten como protagonista un mariñeiro castigado pola desgraza que ansía descansar a súa mágoa no mesmo leito mariño en que repouzan os seus propios fillos, mortos durante un naufraxio na praia da Lanzada do que el logrou, non obstante, zafar. A trágica figura deste mariñeiro, que fita obsesivamente o mar e dialoga coas ondas, fainos pensar rapidamente nas protagonistas femininas dalgúns dos poemas máis tristes de Rosalía de Castro, que sentían tamén a chamada do inmenso azul para emprenderen o camiño que nunca se desanda (como fixo a poeta arxentina Alfonsina Storni)

ou no vello do poema de Curros Enríquez que lle relataba as súas coitas familiares, sociais e económicas a un sapo que por todo consolo só lle repuña un triste e reiterativo “cro, cro”.

Nalgúns versos do poema de Rodríguez Seoane, ademais, fanse explícitas moitas outras circunstancias propias do xeito de vivir e da situación social das clases humildes da Galiza decimonónica: os cariños e coidados insubstituíbeis da nai, o contacto coa natureza como forma de aprendizaxe e gozo na infancia, a iniciación moi temperán ao traballo dos fillos da clase mariñeira, a inxusta e inoportuna obrigatoriedade do servizo militar, o total desamparo na desgraza e na vellez... Presidindo o conxunto aparece, ademais, unha temática incómoda e conflitiva, a da pulsión suicida, que desde a publicación do *Werther* do alemán Goethe a finais do s. XVIII viña provocando as iras da ortodoxia relixiosa da época, que teimaba en negar sepultura sagrada a quen decidía privarse da propia vida e que lanzaba anatemas contra aqueles a quen Rosalía se refería nos seus poemas, con actitude empática e misericorde, como “os tristes”, expresión baixo a que cabe hoxe advertir todo un abano de doenzas de tipo psíquico, como a depresión e outras.

O conxunto de motivos temáticos presentes no poema, a empatía coas clases desfavorecidas que se manifesta nel e as audacias ideolóxicas ao formular cuestións como o suicidio, a crítica ao servizo militar ou o total desamparo a que se condenaba a vellez mariñeira fannos pensar que a data de composición deste poema por parte de Luís Rodríguez Seoane dificilmente cadra coa anotada por Carré Aldao, 1898, pois non a atopamos coherente co status social e



Fotografía de Luís Rodríguez Seoane, reproducida na revista Galicia Moderna, 1898


co pensamento político-social do autor nesa altura, xa claramente conservador despois dunha remota época xuvenil de rebeldía e progresismo moi manifestos. Por contra, lendo o texto do poema que leu nos brindes do banquete de Conxo, o 2 de marzo de 1856, en que enxalza a democracia fronte ao fanatismo e predica unha irmandade do xénero humano presidida polo exemplo do cristianismo primitivo (posición moi en boga naquel momento entre a mocidade universitaria compostelá pola lectura das obras do pensador francés Alphonse de Lamartine), damos en pensar que “Mariñeiro da Lanzada” corresponde moito mellor con esa época de mocidade de Rodríguez Seoane, caracterizada polo ardor liberal e pola identificación cordial cos penares e coas ansias de redención dos máis humildes.

MAIS QUEN ERA O AUTOR DE “MARIÑEIRO DA LANZADA”?

Luís Rodríguez Seoane, médico de profesión e decano da propia Facultade de Medicina compostelá, foi tamén destacado político ata o final dos seus días, participando na *revolución setembrina* en 1868 e exercendo posteriormente varias veces como deputado polos distritos de Pontevedra (1869-1871), Pontecaldelas (1871-1872) e A Caniza (1881-1884) e como senador por Pontevedra (1886-1887) e A Coruña (1899-1900). Integrado nunha das dúas faccións do *turnismo* típico da Restauración, a liberal, afecto á figura de Eugenio Montero Ríos (con quen, non obstante, rompería en 1891, para abrazar a partir de 1897 a facción silvelista do Partido Conservador) e decote obediente á monarquía, chegou mesmo a ostentar a condición de gobernador civil de Cáceres (1871) e de Oviedo (1888). O seu fillo, Luís Rodríguez de Viguri (1881-1945), herdou del esa vocación política, afecto á facción do Partido Conservador que encabezaba Augusto González Besada e, tras ser ministro na *Dictablanda*, chegou a concorrer nas eleccións de febreiro de 1936 pola provincia de Lugo dentro da candidatura do moi reaccionario Partido Agrario Español.

Desde moi novo, Luís Rodríguez Seoane sentiu a vocación literaria. Xunto co seu irmán José (1839-1860) e con Francisco Fernández Anciles (1810-1880), promoveu na Pontevedra de 1854 o periódico semanal *El País*, no que chegou a publicar como folletín unha lenda en verso titulada “Las palomas misteriosas”. Participou máis tarde como redactor e colaborador de *La Perseverancia* (xornal no que deu a coñecer un soneto dedicado a Italia, amosándose favorábel ao seu proceso de unificación), de *El Progreso* (xornal no que publicou como folletín una crónica da viaxe oceánica dos navegantes pontevedreses Bartolomé e Gonzalo de Nodal) e de *El Buscapié*.


Na Compostela dos seus anos universitarios coincidiu e amigou con figuras como Eduardo Pondal (1835-1917) e Aurelio Aguirre (1833-1858), con quen compartiu a célebre ocasión do Banquete de Conxo (1856), xa antes aludida. O de Ponteceso chegou a lle dedicar nas páxina do xornal progresista vigués *La Oliva*, en 1857, un poema en castelán titulado “Epístola” con esta elocuente dedicatoria: “A mi especial y predilecto amigo Luís Rodríguez Seoane”.



Fragmento do poema/brinde lido por Rodríguez Seoane no Banquete de Conxo (1856)



Fotografía de Luís Rodríguez Seoane en El Eco de Santiago, 18 de agosto de 1902



No seu despacho, 1898. Fotografía reproducida na revista Galicia Moderna



Luis Rodríguez Seoane debuxado por Urbano González para a revista coruñesa decenal La Pequeña Patria en 1891

Animou logo na súa Pontevedra natal, canda outros, a posta en marcha do Liceo-Artístico, con local na Praza de Teucro, participando en debates ao longo de 1859 sobre temas reveladores como o porvir de Galiza ou a influencia social da literatura dramática. Foron sonadas no seu momento as súas discrepancias co intelectual pontevedrés Indalecio Armesto arredor da cuestión do librecambismo e no “álbum poético” particular do célebre boticario e folclorista pontevedrés Perfecto Feijóo estampou versos de corte antimilitarista, dedicados a un soldado anónimo morto na guerra (probabelmente na toma de Tetuán, en 1860) e que reproduciría moitos anos despois (1912) o *Diario de Pontevedra*. Nos Xogos Florais da Coruña de 1861, que deron orixe ao chamado *Álbum de la Caridad* (primeira antoloxía literaria da Galiza do século XIX e claro anuncio do Rexurdimento), resultou distinguido grazas ao seu poema “A la Religión”, que houbo facer as delicias do seu irmán Agustín, quen chegaría a ser cóengo da catedral de Tui e morrería en 1885.

En 1864 estreou no Liceo-Teatro de Pontevedra a peza lírica *Los desposorios de Helenes*, con música de Ricardo Pérez, e participou en 1867 na propia cidade do Lérez na edición do volume *Corona fúnebre a la memoria del Sr. D. Antonio de Valenzuela Ozores*. Máis tarde exerceu tamén como directivo de entidades culturais emblemáticas da Compostela de finais da centuria, como a Sociedade Económica de Amigos del País, na que promoveu un “Museo Arqueolóxico Central de Galicia” que se inaugurou en 1884, e mais o Ateneo León XIII.

Para Manuel Murguía publicou no *Heraldo Gallego* ourensán, en 1876, o poema “Epístola”. Nesa mesma publicación, dirixida por Lamas Carvajal, publicou tamén os poemas “Tribulaciones” e “El libro del destino”, un artigo animando á convocatoria en Pontevedra, coincidindo coas Festas da Peregrina de 1880, dun certame literario e outro artigo titulado “La envidia de los provincianos”. Para outra emblemática revista do derradeiro terzo do século XIX, a *Galicia* que impulsou en Ferrol Benito Vicetto, achegou ao longo de 1875 os poemas “El carbón de mi chimenea” (que xa dera a coñecer previamente no *Diario de Santiago*) e mais “A la antigua Helenes”, un poema en octavas reais que xa lle valera ao seu autor un premio nos Xogos Florais de Pontevedra de 1861.

Nos Xogos Florais de Compostela de 1875 recibiu un accésit pola composición “A la traslación del Apóstol Santiago” e no xornal galaico-habaneiro *El Eco de Galicia*, dirixido por Waldo Álvarez Ínsua, publicou ao longo de 1879 o traballo “El puerto de Marín y el lazareto de Tambo” e o poema “Preludios”, mentres que na *Gaceta de Galicia* compostelá, nese mesmo ano, deu a coñecer os seus poemas “Gotas de agua” e “La Caridad” e, xa durante 1880, as tituladas “Consejos y bendiciones”, “Al sabio gallego Frey Benito Gerónimo Feijóo” e “A mis discípulos”.

As páxinas de *La Ilustración Gallega y Asturiana* acolleron en 1879 unha proposta de bases para a creación dunha Asociación de Escritores e Editores de Galicia que el confeccionou e en 1881 un poema seu titulado “A la batalla de Puente San Payo contra los franceses en 1809”. En 1882 prologou o volume *Colección de poesías gallegas*, preparado e editado en Pontevedra por Francisco Portela Pérez e no 1883 publicou na revista madrileña *Escenas Contemporáneas* o poema “La Exposición celebrada en Galicia”, en que se refire nos versos iniciais á nosa terra como “risueño edén, Galicia idolatrada”.

O seu poema “Al batallón de Literarios” apareceu publicado na revista *Galicia Diplomática* en 1884 e sobre o mesmo asunto escribiría en 1896, pola época en que foi nomeado Decano da Facultade de Medicina compostelá, un erudito ensaio titulado “Reseña histórica del Batallón de Literarios”. En 1889 aplaudiu publicamente a iniciativa de Rogelio Lois de proceder a protexer as ruínas e restos arqueolóxicos do convento de Santo Domingos en Pontevedra, suxerindo a idea de converter ese espazo nun centro museístico e enviou á revista ourensá *Álbum Literario*, dirixida por Luciano Cid Hermida, o seu poema “Espíritus y nieblas”.

En 1891, na revista *La pequeña patria*, escribiu favorabelmente sobre o auxe da escola literaria “naturalista”, representada en Francia por Alphonse Daudet e Émile Zola e nas letras hispanas pola condesa de Pardo Bazán. En 1892 publicou na revista *Galicia*, que promovía na Coruña o erudito astorgano Andrés Martínez Salazar, o traballo “La residencia del Padre Isla en el Colegio de Jesuitas de Pontevedra” e no xornal ourensán *El Derecho* un artigo sobre o merecido monumento a Concepción Arenal. En 1894 prologou o volume *Galicia, León y Asturias*, de Ramón Álvarez de la Braña, editado na “Biblioteca Gallega” de Martínez Salazar, mentres que en 1897 o xornal galaico-arxentino *El Eco de Galicia* publicou nas súas planas o ensaio de Rodríguez Seoane “Paralelo entre Feijóo y Sarmiento”. Na pontevedresa *Galicia Moderna* deu a coñecer nese mesmo ano o soneto satírico “Costumbres populares”, no que retratou comportamentos electorais verificados, disque, no concello de Meaño:

Vi pactar con altiva independencia
A muchos electores de Meaño
— Jamás, diciendo, á un candidato extraño
Nuestros votos daremos en conciencia. —

Llamóles el Alcalde á su presencia,
Y fingiendo ignorar aquel amaño,
— No quiero, dice, que os llaméis á engaño;
Podéis libres votar sin resistencia. —

Votaron en verdad; mas diligentes,
A la taberna al punto concurrían,
Y allí del candidato y sus agentes

Dos pesetas por voto recibían:
¡Cuanto al proclamarse independientes
Por el vino y su espíritu se guían!

Finalmente, compuxo tamén un poema titulado “Os pelouros” e dedicou composicións na nosa lingua a Rosalía de Castro e ao músico Xoán Montes, neste último caso publicándoa na *Revista Gallega* de Galo Salinas. De 1900 data o seu único libro poético édito en vida, titulado *Mis ideales*, que inauguraba en Compostela unha “Biblioteca de Autores Gallegos” promovida, entre outros, polo seu propio xenro, José María Santaló Rodríguez (1877-1947) e na que se anunciaron outros volumes de Urbano González Varela (o libro de contos *Entre luces*) e de Xoán Barcia Caballero. Ao aparecer o volume *Mis ideales*, Francisco Portela Pérez comentouno así na citada *Revista Gallega*:

[...] Compoñen o tomo «Mis ideales» dezanove poesías, á cal mellor, delicadas, sencillas, tenras, naturais, sentidas... que son fiel y-espontáneo refrexo d’a bondá de caráute d’o autor, retrato acabado d’o seu eterno cariño por esta bendita térra, e dan idea esauta, aqueles ringuilóns, d’os gratos afeutos que aniñan n-o seu corazón de neno, sin malicias, rencores nin vinganzas.

Sentimos moi grata compracencia ó ver este novo traballo literario d’o ilustre decano de Medicina d’a escrarecida universidá gallega, pois eso demostra que non colgou — como coidáramos — a sua preciada lira, aquela lira que tan ben soupo cantar ó «Mariñeiro d’a Lanzada» e outras, n-a doce fala, e que sempre que se ll’antoxa o tañela, vibra ispirada, sentida, armoniosa...

Fecharemos o noso artigo reproducindo, como non podía ser menos, o emblemático poema do escritor pontevedrés:

MARIÑEIRO DA LANZADA

Cando me poño á mirar
para ti, mar da Lanzada,
vexo que levas gardada
da miña vida pasada
unha historia de pesar.
Vícheme ti, ben rapaz,
por estas prayas brincando,
e n-eses días de paz,
ser da miña mai solaz
seu agarimo buscando.
Máis tarde, xa mozo novo,
xunto á meu pai traballei;
mais a dura lei do pobo
arringoume com'un lobo
para o servico do rey.
Volvín dempois, pobre e cheo
de coitas e desenganos;
meu pai xa se fora ô Ceo
e eu collín o seu emprego,
e pasaron moitos anos.
Soilo ti, mar da Lanzada,
tés dende aquela pra min
no fondo amargo gardada
a chave da ucha pechada
do duro pan que comín.
Envolto en brétemas frías
vinte berrar con furor;
vin a maldá que encobrías,
que sempre andas ás porfias
c'o bote do pescador.
Vin a ola que s'escarrancha
contr'o barco, feita escuma,
cando tragar quer'a lancha
e nin da bóveda ancha
siquera un luceiro aluma.
Foi meu bote á embarrancar
desfixose n-un penedo,
caeron meus fillos ô mar
eu detrás... e inda de medo
parés que os oyo chorar.
.....
¡Noite fera! Eu os chamaba
berrando á todo berrar,
e a miña voz s'anegaba
no vento que me arredaba
d'os qu'eu quería salvar.



Ilustración de Juan G. Lara presente no libro Pontevedra. Recuerdos, monumentos, música y costumbres (1900), de J. López Otero



Praia da Lanzada. 1952

A luz do día primeira
topoume no chan tendido
da desleirada areeira,
e baixo o mar escondido
todo o sol da vida enteira.
Mortos meus fillos, sin modo
de vivir, xa n-este mundo
para min abonda todo,
xa son penedo que rodo
sin parar hastr'o profundo.
Xa, xunt'ô meu lar non miro
á ninguén por quen chamar,
ti serál-o meu retiro,
mar por quen triste sospiro,
mar da Lanzada... ¡meu mar!
Com'as bágoas que chorei
salgadas son tuas olas,
se maldiciós che botei
ningunha noite deixei
xunto de ti vir á solas;
Ningunha noite que bramas
deixei eu de acompañarte
e cand'as olas entramas
ben t'oyo como me chamas
pra que de ti non m'aparte.
E cando fungand'os ventos
t'azoutan, mar da Lanzada,
penso que antr'os seus acentos
inda oyo aqueles lamentos
d'aquela noite lembrada.
Se cal fuches cobizoso
das miñas prendas un día
quixeras darme bondoso
no teu fondo rocolloso
unha sepultura fría,
xunt'estas olas ferventes
que arrolan o santuario,
quizais topara os qu'ausentes
dend'as cobas transparentes
chaman por un solitario.
Chámanme porque na vida
todo m'arringou o mar
e se a deuda está comprida,
dame ¡ouh mar! fosa esquencida
e leito en que asosegar.

SALDÓNS

Por: Juan Castiñeiras



Despois de varios días cunha chuvieira poalleira de principios de verán, CAESARIUS, dono da Salina de Canexol e da Factoría de Salga anexa á mesma, mandou retirar os coiros que cubrían as pías de decantado, evaporación e cristalización de sal que se estendían polo alto da costa a carón da praia. Ía comezar a soprar un nordés forte que traería, para os vindeiros días, bo tempo con sol claro, e que sería moi bo para secar as augas salgadas da Illa de Ons para extraer o valioso sal esperado polos pescadores, e por el mesmo, para a súa industria illán.

Estas augas mariñas, levadas dende o mar ate as pías por animais de carga en tempos pasados, agora eran elevadas por unha especie de nora de madeira con caixóns, movida pola forza das pernas dos escravos, que se montaba no verán e se gardaba, despezada, ao chegaren as noites de orballo.

Facía falla moito sal. Había moito peixe. Necesitábase o tan ansiado Garum¹ para os pratos dos cidadáns podentes do Imperio Romano, tanto en Hispania como no resto do mesmo.



Conxunto de Murex, sal e púrpura. Foto sacada no Museo Arqueolóxico de Vigo. Salinae.

Deveciase pola púrpura. En Ons faciana cuns pequenos gasterópodos picudos de Murex.

Toda a costa galega, pero sobre todo as Rías Baixas, era o centro de maior produción de sal do norte peninsular, e quizais de toda Hispania, nos séculos II e III d.C. Esta zona foi provedora de sal, de toneladas de sal e de produtos elaborados con el, dende o século I ata o VI d.C. E o sal de Ons, era do mellor de toda a costa polas algas, minerais e oligoelementos² que o mar aportaba na súa auga.

CAESARIUS sabía extraelo moi ben. Meticuloso, listo, duro cos escravos que alí traballaban, era ademais un fenomenal pescador e coñecía cales eran os mellores peixes e cando era o seu tempo, con boa graxa para facer salga con eles, e tamén para fermentar sangue, tripas, pellos dos peixes para envasar o Garum ou Liquamen,

salsa que as cocineiras do Imperio usaban para condimentar case calquera prato, un líquido escuro, espeso, que vindo de Ons, levaba unhas herbas aromáticas que só CAESARIUS engadía.

Agora, que xa chegara o verán, a mestura de sardiñas enteiras con tripas de congro, maragota, buraces, abadexos, fanecas, sargos,..., conseguíase que esa salsa fose a máis cobizada do Imperio. Despois, desa salsa espesa, de cor escura e cheiro moi forte, xa coada, aínda se conseguían dúas salsas máis.

A Muria resultaba ser a salmoira que quedaba do proceso do Garum, tamén moi apreciada, pero de menor valor. Aproveitábase todo. Coas espiñas dos peixes, unha vez secas, facían fariña para cocinar.

¹ **Garum**: Salsa de pescado fermentada, semellante á salsa de soia actual e moi popular na antiga Roma.

² **Oligoelementos**: Minerais esenciais presentes en cantidades pequenas no corpo, pero importantes para o metabolismo, sistema inmune e función hormonais.

A propia cocíneira da domus³ de CAESARIUS, facía receitas con esas salsas e mesmo mesturábaas con viño, vinagre, aceite, mel e especias, potenciando o sabor dos peixes e dos coellos, que este illán romano cazaba a ducias na illa. Salsa de luxo para xente poderosa e mesmo para os lexionarios, o famoso Garum Hispano que, a súa falta no *condumio*⁴, provocou históricos motíns nas lexións romanas.


Derradeiramente, aínda quedaba o Hallec que aparecía despois de filtrar o Garum e apartar a muria, como un residuo basto en forma de pasta que era consumido polas clases menos podentes e polos escravos xa que non se podían permitir mercar o auténtico Garum. Este Hallec de Ons era tan extraordinario que nas urbes do Imperio servíase na “gustatio”⁵ mesturado con pementa e viño como aperitivo, porque estaba feito con fígados de salmonetes da illa.

Co Garum, como produto máis devecido, íanse elaborando outras salsas exquisitas como o “Oxygarum”, mestura de vinagre e Garum, o “Hydrogarum” Garum rebaixado con auga e especias para elaborar, por exemplo, albóndigas, o “Oleo-garum”, Garum e aceite, o “Garum piperatum”, Garum con pementa.

O máis caro e fino, era o “Gari Flos”, o equivalente ao viño de bágoas actual. Era o que facían tan ben en Ons e que CAESARIUS elaboraba con mimo.

Todo este inmenso Banco Biolóxico mariño de vida en Ons, grazas o sal que se producía na illa, convertíase en riqueza.

CAESARIUS aproveitaba as mareas vivas para facer o recheo de auga das pozas rectangulares ou cadradas feitas con



Estas dúas pozas, están na praia de Canexol, a carón do cantil onde se atopan as pías de salga romana e fronte ao poboado romano descuberto no Castro dos Mouros (Canexol). Estas dúas pozas (a grande e a pequena), non puideron ser no seu momento unhas zonas de obtención de sal?

Aí queda a incógnita para os arqueólogos!!!.

laxes da praia e pegadas cun cemento especial e delimitadas por laxes planas de pedra, onde a auga botaba días evaporándose co sol, pero sobre todo coa axuda do vento do nordés que conseguía un sal branco, fino, espectacular. Tiñase que producir moito sal porque non era só Garum, senón outros produtos os que se elaboraban.

O máis apreciado era ese po fino, escarlata ou mesmo feito en tintura con eses gasterópodos (Murex) que apañaban nas nasas de madeira e coas propias mans na beiramar, precisamente, moitos caracois mariños, arredor de 10.000 para un gramo de púrpura. Sacábanse as glándulas internas de cor morada e poñíanse en sal a mace-rar durante, polo menos, tres días. Logo, despois de coar ese líquido, eran cocidas durante dez días para evaporalo, ate conseguir unha tintura ou po que se gardaban en

botellas de cristal.

No caso das salsas, envasábanse en ánforas que se facían por toda a costa onde houbera barro, como en Bueu, a carón da praia de Pescadoira.

En xeral, aproveitábase o nordés para salgar e secar ao sol os peixes da illa. Logo eran enviados a terra en cestos ou sacos de esparto ou herbas trezadas.

Ons tiña unha industria de gran capacidade produtiva. As distintas especies mariñas de peixes, moluscos, bivalvos,...., eran moi demandadas e consumidas pola poboación do Imperio. Tanta demanda, facía que esta industria da salga fose moi

3 Domus: Casa urbana típica das familias acomodadas da antiga Roma.

4 Condumio: Palabra castelán que se refire ao alimento preparado para comer.

5 Gustatio: Entrantes ou aperitivos da antiga Roma.

estendida: Norte de Portugal, a Garda, Nerga, Toralla, Sálvora, a bisbarra do Grove, a Lanzada, Illa de Arousa, Vilagarcía,..., e outras. Eran factorías romanas xa localizadas e cóidase que existan moitas máis, aínda por desenterrar.

Existía unha potentísima industria de produción de sal e salga durante os séculos I e o VI d.C..

Tamén Ons era un banco emisor de diñeiro, como?, pois porque o sal era usado como forma de pagamento a xornaleiros, soldados,..., xa que recibían parte da súa paga en bolsas de coiro cheas de sal.

O “Salarium argentum”, era o salario de hoxe en día, porque era escaso e moi valioso. Infírese logo que os lugares que o producían, tiñan unha importancia extraordinaria para o Imperio.

Hai que entender que non existían conservantes para os alimentos perecedoiros, polo que se tiñan que consumir frescos e rapidamente. O sal, mantiña a despensa chea durante grandes tempadas, sobre todo na invernia.



<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/salinas-rupestres-de-camposancos/>

Para producir sal en Ons, aproveitábanse todos os ocos posibles do terreo, sobre todo entre penedos, laxes, cons, seguindo o costume usado polas tribos prerromanas de escavar pozas pouco profundas nesas pedras preto do mar, ás veces a 100 metros del. Quen sabe si a Laxe do Crego non puido ser tamén un salineiro, remendando os que se atopan no lugar do “seixal” en Camposancos, na Garda, tamén nunha zona moi similar ao Canexol de CAESARIUS.

Imos andando no verán, e as pías de sal van enchendo os almacéns están a tope de traballo. Hai un barco varado na praia cargando peixe e sal para mandar a terra, con destino aos campamentos militares romanos, cidades hispánicas e para a metrópole. CAESARIUS

contento coa faldriqueira chea de sestercios ou ouro...

De seguro que un vello amigo cocifeiro romano e escritor, Caius Apicius, aproveitouse do sal de Ons, deses peixes salgados e desas salsas tan especiais e demandadas para realizar algunha das moitas receitas, incluída na súa obra “de Re Coquinaria” e que tanto gustaba en Ons, feita cuns mexillóns collidos ao pé do Sentulo con mareas moi vivas.

Aí vai... Mexillóns Cocidos: “Garum, porro picado, cominos, viño de pasas, axedrea e viño branco”. Mesturar con auga doce e cocer os mexillóns alí...

Aínda que a CAESARIUS polo que máis devecía era a de Polbo de Ons asado ao Garum: “Pementa, coandro, menta seca, semente de apio, cebola, uvas pasas, mel, viño branco, Garum, aceite e polbo cocido”. Asar o polbo e servir coa salsa por riba... CAESARIUS sabía vivir.

NOTA: Aínda se está a descubrir o que os romanos deixaron na costa galega en forma de achados arqueolóxicos. Hai moito por localizar.

Agora, coas novidosas técnicas de localización, como o LiDAR, montado en drones, a Fotogrametría moldeada en 3D e os sistemas de Monotorización VAV, pódense detectar de forma moi rápida e barata, as dimensións, formas e características das “Fontes do Pasado” na Illa de Ons e noutros lugares da costa das Rías Baixas.

Quen sabe o que se pode atopar nela!!! A Illa de Ons, meréce!!!

O PEIXE DO SANTO

Por: Xosé Fuentes



Nun tempo, o Grove foi unha illa. Sen decatármonos, a natureza fixo un traballo prodixioso creando, coa sedimentación da area arrastrada polo vento, o tómbolo que nos vencella ao continente.


A Lanzada, praia que resulta desta metamorfose xeolóxica agroma cunha lenda: “O baño das nove ondas”. Este ritual para que as mulleres infértils poidan ter descendencia (a impotencia dos homes non se ten en conta) coincide coa celebración da festa na honra da virxe que ten alí o seu santuario. É de subliñar a relación entre a fe e a maxia da natureza. O baño no mar fecundo con nove ondas que simbolizan o tempo de xestación. Cómpre que a sedución das lendas, da historia, non se esvaeza. Cando morre unha lenda, morre algo de nós.

De ter neurotransmisores moi sensíbeis nas plantas dos pés, por aquilo de estar pegados á terra, sentiríamos os latexos da enerxía, dos corazóns que nela se acubillan.

O veciño compasivo que deixou á súa sorte, para non sacrificalos, dous asnos na illa da Toxa por mor dunha enfermidade da pel, abonda na idea.

As augas subterráneas que nutrían a abundosa herba da que se alimentaban os dous animais, contiñan elementos químicos que deron en curarlle os males, deixándolles a pel e o pelo ben lucidos. Hoxe o balneario segue a curar as doenzas da pel de moitas xentes. Aquí, o San Caralampio, non parece ter protagonismo, coma a virxe da Lanzada.

O Meco!!! Personaxe lendario onde os haxa!



Representación pictórica da lenda do “Peixe do Santo”, realizada polo biólogo e pintor meco: Jacobo Fernández.

Hai distintas olladas sobre a súa vida. O Padre Sarmiento fala do “meco, moro, agudo”. Home ilustrado que chega ao Grove, fuxindo da xustiza de por alá, polas castelas. Outros falan dun crego, moi saído. For como for, resultou un sátiro luxurioso de insaciábeis desexos sexuais que satisfacía montando a toda dama distraída que caía na rede.

Sarmiento di: “Moro, por ser musulmán. Meco, por ser fillo da meca, centro espiritual ao que deben visitar unha vez na vida. Agudo, por teimado, astuto”.

As pegadas da historia son máis resistentes que as lendas, están ancoradas en elementos máis sólidos, estruturas de pedra imperecedoiras que se poden estudar. Cantodorxo, Siradella, O Castriño, Adro Vello,...

Imos perdendo a paisaxe, o decorado onde naceron as lendas. A aldea de S. Vicente xa perdeu o quiquiriquí dos galos mañanceiros, os alalás, as cantigas na esfollo do millo

nas noites serenas de luar. Un ben inmaterial que se perdeu. Mágoa!!!

Quen habitaría no Con dos Mouros? E que ninfas se bañarían nas purísimas augas da Fonte das Mouriscas? Evocación da mitoloxía.

O vinte e dous de xaneiro, en S. Vicente segue a lenda do Santo milagreiro.

Un día ou dous antes da súa festa, os veciños percorren as praias na procura da ofrenda co que o santo agasalla aos seus devotos. **O Peixe do Santo!!!**

En S. Vicente, cando había marusías nas invernías, ían aos achados polas praias e, atopaban cousas. Un veciño atopou un peixe grande na véspera do Santo. Correuse a voz e..., xa se identificou coa bondade do Santo.

As lendas, nacen de xeito espontáneo. Xa aniñaban no maxín colectivo.

Para que o dogma non ocupara todo o espazo, as xentes ían tecendo as lendas na memoria coa maxia e o simbolismo da paisaxe.

En algures temos que gardar as lendas.

1 Meco: Este honroso alcume vai camiño de mudar o xentilicio dos nados no Grove: no canto de, grovenses, mecos!!!



A Illa de Ons ante o reto dos residuos: unha alternativa posible

Por: Adrián Ferrer Reboiras

Na actualidade, a xestión dos residuos constitúe un dos principais retos ambientais no contexto europeo, debido ao incremento constante da produción de residuos, á presión sobre os recursos naturais e á necesidade de minimizar os impactos negativos sobre o medio ambiente, e a Illa de Ons, integrada no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, non é allea a esta realidade, a pesar de presentar uns fluxos de poboación residente e visitante marcadamente estacionais. Nos últimos anos aprobáronse diversas directivas comunitarias, fundamentalmente a *Directiva (UE) 2018/851*, que promove a economía circular e a recollida selectiva, especialmente dos biorresiduos, trasposta en España pola *Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular* e en Galicia pola *Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia*. Este marco normativo establece obrigas claras en materia de prevención, valorización e xestión sostible dos residuos urbanos.

Na illa de Ons xéranse residuos procedentes de 117 edificacións, entre as que se inclúen 12 vivendas forestais destinadas ao persoal do Parque Nacional (pernocta, gardería, vixilancia, persoal técnico e guías), 92 vivendas pertencentes a persoas concesionarias insulares, así como outras instalacións. A illa de Ons conta ademais cun punto limpo no que se depositan residuos voluminosos, como aparellos eléctricos, cascallos e outros residuos especiais. Anualmente, a illa recibe arredor de 145.000 visitantes. A poboación censada rolda as 68 persoas, ás que se suma o persoal do Parque Nacional, cunha presenza variable tanto da veciñanza como do persoal ao servizo do parque. O actual servizo de recollida e tratamento de residuos, aínda que é xestionado polo propio Parque Nacional, o actual sistema de recollida non cumpre cos criterios mínimos de sustentabilidade nin coa normativa, xa que a maioría das 92 vivendas só dispoñen de colectores para a fracción resto e en relación coa xestión dos biorresiduos, só algunhas vivendas realizan unha xestión adecuada con composteiros domésticos.



Punto limpo na zona de Pereiró no ano 2014

Cómpre salientar que os principais xeradores de residuos orgánicos na illa son os tres establecementos de hostalaría e as dúas zonas de acampada, unha de uso turístico e outra dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. A única medida eficaz adoptada desde a creación do Parque Nacional foi a implantación dunha norma que obriga ás persoas visitantes a levar consigo os residuos xerados ata os portos de orixe (Bueu, Sanxenxo, Portonovo, entre outros). Por todo o exposto, resulta necesario un replanteamento integral do sistema de xestión do lixo, baseado na participación e cooperación de todos os axentes implicados, hostalaría, veciñanza, administracións públicas, visitantes e persoal do Parque Nacional, para avanzar cara a un modelo máis sostible e eficiente.

Collendo como exemplo o ano 2023, imos desglosar e os datos a ter en conta para propor un modelo de xestión do lixo en Ons. A illa de Ons rexistrou unha forte estacionalidade tanto na afluencia de persoas como na xeración de residuos. Ao longo do ano contabilizáronse un total de 143.496 visitantes, concentrándose a maior parte deles nos meses de verán.

Mentres que nos meses de inverno a presenza de visitantes foi moi reducida (153 persoas en xaneiro e 296 en febreiro), a partir da primavera comezou un incremento progresivo que se intensificou notablemente entre xuño e setembro. O pico máximo produciuse en agosto, con 58.155 visitantes, seguido de xullo con 42.647 e xuño con 18.116. Xunto aos visitantes, a illa conta cunha poboación estable vinculada á veciñanza e ao persoal de servizos, que se mantén en torno ás 20 persoas durante o inverno e aumenta considerablemente nos meses de maior actividade turística, entre maio e outubro.

A suma de visitantes e persoal dá lugar a un total anual de 143.976 persoas que pasaron pola illa ao longo do ano, entendendo este valor como persoas acumuladas por mes e non como poboación simultánea.

2023													
DATOS XESTION RESIDUOS ONS	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
AFLUENCIA DE VISITANTES (UD.)	153	296	266	4.230	4.436	18.116	42.647	58.155	11.370	3.563	251	13	143.496
PERSONAL EN ILLA/VECINANZA (UD.)	30	30	30	30	50	50	50	50	50	50	30	30	480
TOTAL HABITANTES (UD.)	183	326	296	4.260	4.486	18.166	42.697	58.205	11.420	3.613	281	43	143.976
TOTAL RESIDUOS 2023 (KG/MES)				1.000	940	11.820	26.450	35.980	14.840	1.480		6.420	98.930

Datos da xestión de residuos da illa de Ons no ano 2023. Datos do Parque Nacional Illas Atlánticas

Esta marcada estacionalidade reflíctese directamente na xeración de residuos. Durante os meses de menor afluencia, a cantidade de residuos é moi baixa, situándose por debaixo dos 1.000 kg mensuais en abril e maio. Pola contra, no período estival prodúcese un aumento moi significativo, con 11.820 kg en xuño, 26.450 kg en xullo e un máximo anual de 35.980 kg en agosto. En setembro a cifra segue sendo elevada, con 14.840 kg, para descender de novo de forma acusada en outubro e nos meses posteriores. No conxunto do ano 2023, a xeración total de residuos na Illa de Ons foi de 98.930 kg, o que equivale a preto de 99 toneladas anuais. Estes datos poñen de manifesto que máis do 75 % dos residuos xerados na illa concéntranse entre os meses de xuño e setembro, o que confirma a necesidade de sistemas de xestión de residuos flexibles e adaptados á forte estacionalidade.

Para mellorar a xestión dos residuos na Illa de Ons, a idea é propoñer medidas adaptadas ás diferentes necesidades da poboación e dos establecementos turísticos. Para a veciñanza, a recollida das fraccións de residuos realizaríase porta a porta, agás os residuos orgánicos, que serían tratados mediante composteiros individuais en cada vivenda. Porén, no caso dos bares-restaurantes as fraccións de residuos serían trasladadas a un punto de recollida común situado no mesmo barrio de Curro onde se atopan. Para os biorresiduos tanto dos locais de hostalaría como das dúas zonas de acampada, a proposta sería implantar unha pequena planta de compostaxe.

Como introducín anteriormente para as vivendas da illa a proposta sería a implantación dun sistema de recollida selectiva de residuos porta a porta (PaP) das fraccións (envases, papel e cartón, aceites, vidro e fracción resto) dirixido especificamente ás vivendas da Illa de Ons, como modelo máis axeitado ás características dun núcleo insular, con vivendas dispersas e cunha forte estacionalidade. Este sistema baséase na entrega dos residuos diante da porta das vivendas, segundo un calendario e horarios previamente establecidos. Os residuos entréganse en bolsas, cubos ou recipientes específicos en función da fracción, eliminando así a necesidade de contedores.

No caso da illa de Ons o máis razoable, sería dispoñer dun vehículo que permita facer esa recollida de todas as fraccións nunha mesma visita as vivendas; segundo a temporada do ano podería facerse entre un ou 3 días por semana, que no caso da temporada alta os domingos sería un día obrigatorio de recollida e cunha necesidade de maior persoal e organización coa veciñanza que só residen nas vivendas na fin de semana e teñen un horario de desprazamento no transporte de pasaxeiros. Para que o sistema funcione, seguramente o primeiro ou primeiros anos tería que convivir de forma híbrida para facilitar a súa implantación, conciencia ambiental, e axustar necesidades de barrios ou vivendas concretas.

Aínda que este modelo require unha maior dedicación de persoal, os sobrecustes vense compensados pola redución dos gastos de tratamento da fracción resto (transporte marítimo a terra ou o canon de SOGAMA etc), polo aumento dos ingresos derivados da recollida selectiva e pola mellora global da eficiencia do sistema. O sistema porta a porta garante unha elevada calidade da recollida selectiva, facilita a participación e permite acadar niveis de reciclaxe moi elevados



Compostaxe doméstica nunha vivenda da illa de Ons

No referente á fracción orgánica a idea é que non se recolla mediante o sistema porta a porta, senón que se xestione a través da compostaxe doméstica. A compostaxe é un proceso biolóxico aeróbico controlado que pode realizarse en composteiros domésticos situados en espazos exteriores. Para iso, repartiríanse composteiros individuais a cada vivenda da illa, permitindo tratar os residuos orgánicos e vexetais no propio lugar onde se xeran. Deste proceso obtense compost de alta calidade, útil para hortas de autoconsumo e xardíns, evitando así a recollida e o transporte destes residuos.

Para a xestión dos residuos nos locais de hostalaría e nas zonas de acampada da illa, o ideal é por un lado propoñer a implantación da recollida porta a porta, incluído o bioresiduo no caso das zonas de acampada. A respecto da hostalaría máis



Contedores de recollida de lixo na zona da canteira de Curro, onde hoxe está a caseta de Primeiros Auxilios. Ano 2005

lóxico e chegar a un acordo de colaboración para trasladar as fraccións (envases, papel e cartón, aceites, vidro e fracción resto) a puntos de recollida comúns situados no lugar de Curro (como xa se fai na actualidade), desde onde serían levados polo persoal contratado ata o porto para o seu transporte á terra firme. Despois si sería interesante implantar o PaP para o bioresiduo procedente tanto da hostalaría como das zonas de acampada e trataríase nunha pequena planta de compostaxe situada en Pereiró, compartindo espazo co punto limpo, lugar que xa no propio PRUX do Parque Nacional está zonificado como zona de uso especial.


A implantación dunha pequena planta de compostaxe nun ámbito con tres bares-restaurantes de actividade estacional e dúas zonas de acampada, como é o caso da illa de Ons, é técnica, ambiental e economicamente viable, sempre que se deseñe e xestione de

maneira axeitada. Os residuos xerados presentan un perfil moi favorable para a compostaxe, xa que consisten maioritariamente en restos de comida, froitas e verduras, pousos de café, panos de mesa e papel sen plastificar, así como unha pequena proporción de restos vexetais procedentes de podas e mantemento de zonas verdes.

O funcionamento da planta estaría a cargo de persoal especialista en compostaxe, apoiada puntualmente por asistencia técnica externa, encargada de supervisar o proceso, coordinar a achega de residuos e garantir a calidade do compost final.

De maneira orientativa, unha instalación deste tipo requiriría entre 80 e 150 m² ao aire libre, con superficie impermeable, unha zona cuberta para o almacenamento de material estruturante e accesos sinxelos para carretillas ou pequenos vehículos.

O compost producido non ten por que destinarse exclusivamente a usos agrarios, especialmente nun contexto como o da Illa de Ons, onde este tipo de aproveitamentos son limitados e complexos na realidade actual. Non obstante, existe a posibilidade de destinalo a hortas ecolóxicas, para o uso por parte dos restaurantes da illa, especialmente orientadas a proporcionar produtos de maior calidade etc. Dende a perspectiva ambiental unha opción interesante podería ser a produción de planta autóctona mediante a creación dun pequeno viveiro forestal na propia illa, a zona de Curro pode ser unha ubicación ideal. Este viveiro podería desenvolverse en colaboración con centros de ensino próximos, como a Facultade de Enxeñaría Forestal, o CFEA de Lourizán ou o CIFP A Granxa, permitindo que o alumnado realice prácticas formativas na propia illa ou a realización de investigacións. Así mesmo, o compost pode empregarse en proxectos de reforestación e restauración ambiental, e daría sentido a implantación dun campo de voluntariado na illa de Ons, con accións de educación ambiental e divulgación.



Mapa de zonificación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Arquipélago de Ons. Espazo indicado para a pequena planta de compostaxe en Pereiró.

En conclusión, como xa se foi comentando anteriormente a illa de Ons presenta unhas características singulares, cunha poboación residente reducida, unha forte estacionalidade de visitantes e unha xeración de residuos moi concentrada nos meses de verán, o que fai necesaria unha xestión adaptada e flexible. O modelo proposto combina a recollida porta a porta coa compostaxe doméstica para vivendas, bares e zonas de acampada cunha pequena planta de compostaxe descentralizada para os biorresiduos. Este enfoque, ademais de ser técnica e economicamente viable, promove a sustentabilidade ambiental e a economía circular. A implantación deste novo modelo require unha estratexia de comunicación e un proceso participativo previo coa veciñanza, co fin de acadar consenso, implicación da mesma e éxito na súa execución, consolidando así un sistema de xestión de residuos máis eficaz e respectuoso co medio ambiente.

A Illa de Ons engaiolou de por vida a Celestino Pardellas de Blas.

Por: Francisco Calo Lourido

As illas exerceron sempre unha fascinación nas xentes de terra firme. Desde ben cativos, a literatura mundial e o cine enchéronos a imaxinación de illas do tesouro, de piratas, de loitas, de traizóns e heroísmos. Os moradores das illas, os que con toda a carga léxica vivían illados e chamaban á costa veciña terra firme, eran vistos como algo exótico.

Galicia non é precisamente unha polinesia, pero, amansando os mares que veñen feitos ao longo de miles de millas de Atlántico, está a illa de Ons na entrada da ría de Pontevedra. Xusto aí, nesa Boa Vila, naceu o 20 de xaneiro de 1957 Celestino Pardellas de Blas. Criouse na cidade, cursou o bacharelato, o COU e, despois de dubidar entre facer os estudos de historia ou, polas calidades que o levaban á práctica deportiva, matricularse no INEF, rematou por tirar pola carreira de maxisterio. En COU tivo a fortuna de ter como profesor a un historiador, Alfredo García Alén, que levaba toda a vida traballando no Museo de Pontevedra, do que era secretario vitalicio, nos campos tan conectados da etnografía e da arqueoloxía. Lembro que a derradeira vez que o visitei, na semana do seu pasamento, despedínme del cordialmente despois de apalabralo para, no verán, xa recuperado, facer xuntos un traballo sobre as comboas do litoral. O que Alfredo lles falou aos seus alumnos sobre historia e etnografía de Ons, incitou a Tino e algúns amigos a achegarse á illa, en canto puidesen, pero para dedicarse á pesca submarina, pois a súa inclinación levouno sempre cara aos deportes relacionados co mar e a pesca.

Decontado, en 1975, ano de ingreso en maxisterio, tivo a oportunidade de desembarcar na súa illa soñada, sen daquela se decatara do que para el chegaría a significar ao longo de toda a vida. Seu irmán Xulio, vello amigo meu, rematara a carreira de económicas e ía desprazarse a Ons, coordinando un equipo de traballo, para facer un estudo socio-económico-biolóxico para o Iryda, que nese ano se facía cargo da administración da illa. Levárono con eles e alí coñeceu a unha antropóloga, Ana Fernández Alonso (Ana Liste, tras o casamento con Fernando Liste, mariño mercante e fareiro da illa, homenaxeada no nº 25 desta revista Aunios), que levaba un ano investigando na illa e que, introducíndoos na comunidade, lles facilitou moito o traballo e revivió e acentuou nel aquelas inquiredanzas iniciais do aprendido con García Alén, para quen xa fixera unha investigación en equipo sobre os piornos de Campañó. Rematado o traballo, marcha o grupo, mentres Tino fica ata outubro, conseguindo vivir do que pescaba, comendo e trocando peixe por patacas, cebolas e pan cos veciños así como da asignación económica familiar.

Inicialmente, acubillouse en tenda de campaña; despois un illán que marchou a vivir a Bueu prestoulle a casa, na que morou uns oito veráns ata que lle vén abaixo o tellado, pasando a vivir nun piorno e, posteriormente, nunha habi-



Tinón, primeiro pola esquerda, e os seus amigos, dispostos a marchar de cámping. El, co seu típico gorro, coa mochila, a bolsa co traxe de buzo e o arpón de pesca submarina. Ano de 1976



Tinón, con gorro branco, sentado no barco de Pancho, xunto a varios membros do Grupo de Traballo da Universidade de Santiago e amigos. Xusto detrás del, Ana Liste e o seu irmán Xulio con viseira. 1975

HOMENAXE A: Celestino Pardellas de Blas

tación de aluguer. Podo dicir que, aínda que fose, en parte, obrigado pola necesidade, tivo que practicar unha antropoloxía funcionalista, aplicándose á “observación participante”, algo que -con todo o respecto a Malinowsky- nunca me interesou como xeito de investigar, como método; outra cousa é o funcionalismo como metodoloxía. Tivo que vivir como un veciño máis, indo á fonte, lavando nos lavadoiros, apañando leña para cociñar e axudando a uns e a outros, tanto nos traballos do mar como nos agrícolas. Documentaba todo canto vía, fotografaba e exhibía as diapositivas en distintas casas, o que lle axudaba a profundar nas relacións e a recoller novos materiais inéditos. Así chegou, en ocasións, a comer e cear cos veciños e mesmo a pasar a noite nalgunha casa afastada da súa por mor do temporal, a acompañar os mariñeiros na pesca e a durmir moitas veces nos propios barcos. A inmersión cultural foi fonda e continuada.




Tinón, acampado no Pinal de Chan da Pólvora, nunha das súas dúas etapas de campista en Ons

Rematada a carreira e aprobadas as oposicións, en 1983, comezou o habitual periplo por diferentes escolas ata, sete anos despois, conseguir a praza definitiva no Grove, no colexio Rosalía de Castro, de onde non se moveu ata a súa xubilación en 2019 e onde tivo a fortuna de dar sempre clase nos niveis preferidos, non se ver en ningunha situación especialmente desagradable e dispoñer de tempo para colaborar no labor didáctico e cultural do colexio e da vila do Grove. E a cita con Ons seguiu, pero circunstancias persoais e os cambios que se deron na illa, fixeron que, dende 2006, pase os veráns, ata o presente, nun apartamento alugado.

Segue investigando sobre todos os aspectos da illa e poñendo os resultados a dispor de todos os que a ela chegan na procura de información. Tantos anos en Ons virárono un veciño máis, converténdoo nun anfitrión de

excepción, tanto para turistas curiosos, como para investigadores ou medios de comunicación. Moitos foráneos xa se encamiñan directamente a el, por coñecer previamente os seus artigos periodísticos e reivindicativos sobre a illa. Transcorreu moito tempo desde aquel ano de 1975 en que a antropóloga Ana Liste o introducira na comunidade, pasando a ser el, desde hai décadas, quen informe e abra as portas dos nativos a todos os que chegan con interese de ampliar os saberes sobre a illa. Hai moi ben anos que coñezo a Tino, sei da súa dispoñibilidade para compartir coñecementos, sempre repetindo que é necesario que cheguen especialistas (etnólogos, arqueólogos, filólogos, biólogos...) que revaloricen con criterios científicos saberes como os que el foi aprehendendo e acumulando; os arqueolóxicos, mentres estean enterrados, non se coñecen; pero tampouco se perden, mais os antropolóxicos, non só por razóns biolóxicas, senón tamén polo éxodo cara a Bueu, xa pouco máis existen ca nos seus arquivos. Eu sempre lle insistín en que é el quen ten que dar a coñecer todo iso. El foi o investigador e o que posúe o maior arquivo, sen a contaminación que, despois de décadas de vida en Bueu, afecta, necesariamente, aos posibles informantes.

Nos inicios, as únicas publicacións coas que contaba eran uns brevísimos traballos de Álvaro de las Casas, Portela Pazos e Santiago Castroviejo, algún artigo de prensa, unhas poucas notas que lle facilitaron no arquivo da deputación e a consulta directa da catalogación do Museo de Pontevedra, que o seu secretario, o devandito García Alén, xunto co director Filgueira



O primeiro artigo de Tinón na revista Raigame, no seu nº 8, do ano 1999, sobre o Cancioneiro Popular de Ons

Valverde, botou anos elaborando. Xa desde os inicios dos anos oitenta comeza el mesmo a dar a coñecer en artigos de prensa moitas das notas de historia, etnografía, mar e terra, urbanismo e sociedade. Colaborou así, con diferente asiduidade, con xornais como Diario de Pontevedra, Faro de Vigo, La Voz de Galicia, Nós, Atlántico, El País, e o mesmo con revistas como Raigame, Ardentía, Nodales e San Roque. E a súa intención sempre foi incitar e involucrar no traballo

HOMENAXE A: Celestino Pardellas de Blas

sobre Ons a outras persoas que puidesen abordar as cuestións cunha visión especializada. Este interese levouno a participar nun grupo, “A Peneira”, constituído na cidade de Pontevedra e outro, “Amigos da illa de Ons”, formado por veraneantes na propia illa; con estes compañeiros dedicouse á divulgación sobre Ons cos campamentos e grupos de traballo que alí se desenvolvían nos veráns; elaborou un folleto sobre a illa a petición do servizo de Medio Ambiente da Consellería de Agricultura, ao tempo que colaboraba, na década dos 80, cos escasos investigadores que chegaban á illa, caso duns membros do Centro de Investigacións Submarinas dirixidos polos biólogos Rosina Acuña Castroviejo e Carlos Durán Neira.

Nas seguintes décadas irán aparecendo novos traballos sobre Ons da autoría de Alonso Romero, María Castroviejo, Mörling, Pedro de Llano ou Fernández de la Cigoña, mais tamén xorden novos problemas, como a loita protagonizada polos veciños que se viran obrigados a abandonar Ons e que, regresando agora, esixen poder arranxar as súas antigas vivendas e a dotación de servizos básicos, como luz, auga, saneamento ou camiños. Tino Pardellas súmase a estas reivindicacións sociais, loita pola consecución dun retén de primeiros auxilios, colabora cos distintos presidentes da constituída Asociación Veciñal de Ons, escribe artigos reivindicativos na prensa e envía instancias ás autoridades, coordina unidades didácticas sobre a illa e colabora con Escola Aberta, realizando un bo número de diapositivas para un traballo, “Galicia en imaxes”, dirixido a escolares. Curiosamente, sen relación directa con el, eu fixen o mesmo dende a Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, centro do CSIC. Coordina e participa activamente na preparación de exposicións fotográficas, presentación de libros, regata de dornas, xogos populares, concursos de relatos curtos e festa dos maios, Precisamente, fun por el invitado a dar unha conferencia sobre esta festividade o 17 de maio de 2005, pasando un día espléndido na illa. Investigou sobre urbanismo, arquitectura popular, toponimia e talasonimia, traballou a favor da pesca deportiva e do campismo, fose o control da Xunta de Galicia ou do Concello de Bueu, na defensa dos piornos, no seu estudo, rehabilitación e protección, no interese dos campos de traballo temáticos, desde a arqueoloxía ata a etnografía e patrimonio. Insistiu na creación dun museo para Ons, conseguindo, polo menos, un centro de visitantes.

O 7 de xuño de 1998, un grupo de amigos que frecuentaban a illa formaron a Asociación Cultural “PineirÓns”, nome produto da fusión da *Haliotis tuberculata* co nome da illa. Iniciouse aquela con Laureano Mayán como presidente, Lino Pazos como vicepresidente e o propio Tino Pardellas como secretario e coordinador de acti-



Primeira directiva de PineirÓns, presentando a revista nº 0 de Aunios na Illa de Ons. Tinón, segundo pola esquerda



Exposición fotográfica, organizada por PineirÓns no ano 2008 nunha das salas da escola de Ons (hoxe Centro de Visitantes), con imaxes do propio Tinón das décadas de 1970/80. Na presentación, no centro, con camiseiro branco, e á súa esquerda o Director do Parque Nacional, José Antonio Fernández Bouzas



Ano 2005, Día das Letras Galegas. Presentación do nº 10 de Aunios, Conferencia de Calo Lourido e Festa dos Maios en Ons

HOMENAXE A: Celestino Pardellas de Blas



Tinón, nunha das últimas sesións de recompilación de datos nunha casa illán. 2018



Minixornal Onstopus, especial musealización do Faro de Ons e o diploma entregado a Tinón pola veciñanza e concello de Bueu, pola súa dedicación cultural cara á Illa.

vidades, entre as que destaca a fundación da revista Aunios, nome evidente dos intereses da mesma. A publicación, de saída anual con algunha edición “especial xacobeo”, chegará ata un total de 32 números neste do ano 2026. Podo dicir que el foi alma mater et custodia da revista, desde a organización e maquetaxe da mesma, pasando pola consecución de fondos, contactando e involucrando articulistas e ata collendo o seu coche para lles levar en man a revista acabada de saír do prelo. Eu mesmo fun uns dos captados, manténdome fiel, ano tras ano, desde o número 2 do ano 2000. Por suposto, a súa propia sinatura nunca faltou á cita, sempre con artigos sobre a súa illa

O abandono da directiva por parte de Lino Pazos, xunto coa morte de Lano Mayán, presidente de honra, levou a un cese de actividades e fixo que Tino Pardellas se dedicase de cheo a esta revista Aunios; pero mantendo sempre todas as reivindicacións veciñais, insistindo diante da Consellería de Medio Ambiente e Parques na necesidade de investir non

só en ecoloxía, senón tamén en estudos históricos e, sobre todo, etnográficos, xa que o que aínda non se perdeu está a piques de facelo. Chegou a xubilación laboral e, aproveitando a conxunción da dispoñibilidade de tempo xunto coa pandemia, decidiu retomar unha vella teima da asociación: sacar adiante un pequeno periódico onde se contasen sucesos, polo menos do verán. Xorde así un pequeno xornal dixital de nome -enxeñoso e transparente- Onstopus, onde este auniense de adopción, conxugando humor con seriedade, informa do que sucede na illa, verán e inverno, sendo el o ideólogo, o reporteiro, o director, o maquetista e o distribuidor, conformando os cento e pico números unha verdadeira obra de autor. Comezou cun a ver que pasa e xa hai tempo que cruzou a liña da centena de saídas, converténdose na “Voz dos Aunienses”. Todos os temas e aspectos da illa que fomos citando ao longo do artigo teñen aquí o seu espazo, destacando, desde hai un tempo, a reclamación de que o faro de Ons, xa automatizado e, por conseguinte, a piques de ficar baldeiro de persoal, non se transforme nun posible restaurante, senón nun centro cultural, que, para diferencialo doutros, estea dedicado aos faros, fareiros e naufraxios, ao tempo que conte cunha importante biblioteca sobre o Parque Nacional en conxunto e en particular sobre a Illa de Ons. Esta reivindicación estivo apoiada por un artigo en Aunios, outro na revista Os Galos da capital do concello e, insistentemente, en Onstopus, así como polo concello e diversas asociacións de Bueu como Liboreiro, Os Galos, Anduxía, PineirÓns en Ons e un importante número de persoas e asociacións vinculadas coa cultura. Agarda Tino acontecementos positivos á celebración dos 100 anos, que se cumpren neste 2026, dende a última renovación deste emblemático faro.

Tanto amor e traballo a prol da Illa de Ons, como diría Uxío Novoneira, “non pode ser estéril” e así, o 21 de agosto de 2022, a veciñanza da illa, representada pola Asociación de Veciños e amigos, xunto co concello de Bueu, homenaxearon a “TINO PARDELLAS DE BLAS-TINÓN polo amor que profesa por Ons e as súas xentes nas súas facetas creativas e de posta en valor do sentimento de pertenza colectiva”, segundo reza a placa, asinada polo alcalde, que lle entregaron. A illa de Ons e Bueu demostraron saber tratar e agradecer o traballo altruísta ben feito ao longo de tantas décadas.

E, como dicimos os mariñeiros, a rede pescando.

POR UN MONTE CASTROVE LIBRE DE EÓLICOS

Por Cosme Damián Romay Cousido

O espazo natural

Imponente, o monte Castrove érguese ata os 613 metros de altura xusto ao norte da ría de Pontevedra, a cabalo dos concellos de Meis, Barro, Pontevedra e Poio (latitude: 42,4801; lonxitude: -8,6999; Figuras 1 e 4-8). Esta mole granítica, de perfís relativamente suaves e orientación suroeste-nordeste, acollía ata hai uns poucos séculos amplas extensións de uces (*Ericaceae*) e toxos (*Ulex* spp.), pastoreadas extensivamente, que se aclaraban formando pradarias na zona máis alta. Existían daquela cultivos de cereais e vides nalgúns recunchos súas abas. As masas arbóreas, reducidas naquel pasado non tan remoto, estaban compostas por carballos albares (*Quercus robur*), castiñeiros (*Castanea sativa*) e, preto dos regatos que nacen no alto do Castrove, por salgueiros cincentos (*Salix atrocinerea*) e amieiros (*Alnus glutinosa*). Xa no século XIX, popularizáronse as plantacións de piñeiros marítimos (*Pinus pinaster* var. *maritima*), que se verían acompañadas (ou substituídas) nos séculos XX e XXI por eucaliptos azuis (*Eucalyptus globulus*), recluindo a vexetación nativa a pequenos parches, que, así e todo, resultaron valiosos desde o punto de vista ecolóxico.

Un presente con pequenos tesouros

A pesar da paulatina degradación de boa parte do macizo montañoso do Castrove por causa das plantacións forestais (pero tamén pola apertura de pistas, tendidos eléctricos, repetidores, construcións e mesmo por un campo de golf), este espazo natural segue atesourando hábitats naturais, seis de interese comunitaria (Táboa 1), ademais dunha fauna e flora diversa (Táboa 2). En concreto, considerando o monte Castrove e a súa contorna (delimitada polo litoral, os trazados da autoestrada AP-9 e da autovía AG-41 e os límites occidentais dos municipios de Poio e Meis; Figura 2), inventariáronse ata finais de 2025 no nodo global de biodiversidade nada menos que 1205 especies, das cales 172 están protexidas (considerando a normativa española, directivas europeas e/ou convenios internacionais). Cómpre subliñar tamén a presenza neste ámbito dalgunhas especies ameazadas a nivel galego

e/ou español (Táboa 3). Estes atractivos naturais fan do monte Castrove un lugar ideal para o paseo e a observación da natureza, co engadido de ter unha das mellores vistas das Rías Baixas -un reclamo turístico!-.

A desgraza

A resolución do 27 de maio de 2024, da Dirección Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria, supón un antes e un despois para a conservación da paisaxe e dos valores naturais do Castrove e do conxunto das Rías Baixas. Por vía deste documento, someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción das instalacións do parque eólico Castrove [Ref. 1]. Noutras palabras, queren chantar uns aeroxeradores xigantescos no corazón das Rías Baixas, estragando a paisaxe dunha das áreas turísticas máis relevantes de Galicia e destruíndo un dos puntos de maior interese para a biodiversidade da zona.

Un modelo cuestionado

Se ben a enerxía eólica é unha das denominadas “renovables”, a instalación de grandes parques eólicos no cumio de montes ecoloxicamente sensibles ou en mar aberto é unha estratexia máis que cuestionada pola cidadanía galega. En Galicia hai máis de 4.000 aeroxeradores en funcionamento, sobre un territorio de menos de 30.000 km². Polo momento, non hai “muíños” eólicos no mar, pero si plans para instalalos. Ademais do impacto visual -desnaturalizando e banalizando a paisaxe-, hai unha degradación ambiental asociada aos eólicos: ábreanse pistas ata os cumios que seccionan hábitats de interese e alteran o fluxo hidrolóxico. As liñas de evacuación impactan visualmente e ocasionan a colisión de aves grandes, en especial en días con mala visibilidade. O xiro das aspas, ademais de facer ruído, provoca un capelexo constante en determinados momentos do día (isto é, interrupcións rítmicas da luz do sol). E, por último, moitas aves e morcegos son vítimas do choque coas aspas dos aeroxeradores, con estimas de mortalidade preocupantes [Ref. 2, 3].



Figura 1. Vista do monte Castrove desde o leste (Santo Antoniño, Perdecanaí, Barro) (X. Rodríguez Pomares).

Un estudo de impacto ambiental insuficiente

Estudando a fondo o estudo de impacto ambiental vinculado á resolución do 27 de maio de 2024, anótanse unha serie de carencias do mesmo. Por exemplo, nese estudo non hai información suficiente sobre varios grupos taxonómicos considerados nos catálogos español e galego de especies ameazadas [Ref. 4, 5], como tampouco da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [Ref. 5], obviando a presenza, por exemplo, de moluscos ameazados e/ou protexidos. A metodoloxía do traballo de campo é moi mellorable: faltan visitas despois do crepúsculo enfocadas á detección daquela fauna nocturna máis discreta (mamíferos, aves nocturnas, moluscos, algúns insectos, etc.). Ademais, bótanse en falta máis visitas ao longo do ciclo anual (non só unha ao mes) e durante máis anos. A revisión bibliográfica do estudo de impacto ambiental obvia bases de datos públicas de fauna e flora onde existen multitude de rexistros de especies (en especial GBIF.org, o nodo global de datos de biodiversidade [Ref. 6]). Tampouco existe unha verdadeira análise do impacto do futuro parque eólico do Castrove e de todas as súas infraestruturas asociadas sobre aqueles grupos de especies que non sexan aves ou quirópteros.

Agradecementos

A Xaquín R. Pomares (Colectivo Ecoloxista do Salnés) e a Gustavo Ferreiro (SEO/Pontevedra, CES) pola amable cesión das fotografías de paisaxes. A Marta Lois (CES), Antonio Fontoira e Pablo Sanmartín pola axuda.

Referencias bibliográficas:

[Ref. 1] *Diario Oficial de Galicia*, 109 (6 de xuño de 2024): 34545. [Ref. 2] Farfán, M. A.; Vargas, J. M.; Duarte, J. & Real, R. (2009). What is the impact of wind farms on birds? A case study in southern Spain. *Biodiversity Conservation*, 18: 3743–3758. URL: <https://doi.org/10.1007/s10531-009-9677-4> (con acceso: 31.12.2025). [Ref. 3] Sánchez-Navarro, S.; Gálvez-Ruiz, D.; Rydell, J. & Ibáñez, C. (2023). High Bat Fatality Rates Estimated at Wind Farms in Southern Spain. *Acta Chiropterologica*, 25 (1): 125-134. URL: <https://doi.org/10.3161/15081109ACC2023.25.1.007> (con acceso: 31.12.2025). [Ref. 4] Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. [Ref. 5] Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas. [Ref. 6] GBIF.org. (2025). *Global Biodiversity Information Facility*. URL: <https://www.gbif.org/> (con acceso: 31.12.2025). [Ref. 7] Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (“Directiva de Hábitats”). [Ref. 8] Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres (“Directiva de Aves”). [Ref. 9] Convención sobre a Conservación das Especies Migratorias de Animais Silvestres, coñecido como Convenio de Bonn, de 23 de xuño de 1979. [Ref. 10] Convenio sobre a conservación da vida salvaxe e hábitats naturais europeos, denominado Convenio de Berna, de 19 de setembro de 1979. [Ref. 11] González, M.; Cerradillo, S.; Penas, X. M.; Romay, C. D. (coords.); Álvarez-Balbuena, F.; Fernández, F.; González, S. J.; Jiménez, M.; López, R.; Sánchez, M. D.; Santamarina, A. & Taboada, J. (2024). *Os nomes galegos das aves de Galicia e de España*. Real Academia Galega. URL: doi.org/10.32766/rag.442 (con acceso: 31.12.2025). [Ref. 12] A Chave (2025). *Recursos léxicos da Chave*. A Chave. URL: <https://achave.gal/#recursos> (con acceso: 31.12.2025).

Os microhábitats específicos das especies catalogadas como ameazadas e/ou protexidas non están descritos, cando resulta fundamental para poder suxerir medidas correctoras efectivas. Por último, o informe de efectos acumulativos e sinérxicos do estudo de impacto ambiental non fai alusión aos impactos que a ampliación e creación de estradas de 6 m de ancho, gabias de cableado, subestación eléctrica e quilómetros de liñas de alta tensión, entre outras, terían sobre hábitats, especies ameazadas e/ou protexidas e sobre servizos ecosistémicos (de regulación, de subministro, culturais e de apoio) que brinda gratis o monte Castrove.

Conclusión

En síntese, estamos ante un proxecto desastroso para a paisaxe das Rías Baixas, nocivo para os hábitats naturais do monte Castrove e potencialmente letal para a fauna e flora catalogada como ameazada e/ou protexida presente na propia serra e na súa contorna inmediata. A creación dunha figura de protección (Espazo Natural de Interese Local, por exemplo) para o Castrove sería unha medida efectiva para blindar estes cumios fronte á especulación eólica. Está da man da cidadanía facelo posible.




Figura 2. Localización do monte Castrove e área de estudo considerada.

Código	Nome	Evolución
4020*	Queirogais húmidos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>	-
4030	Queirogais secos europeos	-
8220	Pendientes rochosas silíceas con vexetación casmofítica	=
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira	=
91E0*	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i>	-
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>	-

Táboa 1. Hábitats de interese comunitario [Ref. 7] presentes no Monte Castrove e na súa contorna. *: hábitats de conservación prioritaria. Evolución: tendencia en cobertura de cada hábitat no último medio século: -: regresión. = estable. +: aumento.

Reino	Filo	Clase	TOTAL	PROT.				
Animais	786	Artrópodos	490	Arañas e opilións (Arácnidos)	20	0		
				Colémbolos	3	0		
				Insectos	447	4		
				Isópodos e similares (Malacostráceos)	17	0		
				Outros artrópodos	3	0		
		Cordados	256	Anfibios	9	7		
			Aves	197	145			
			Mamíferos	16	3			
			(Réptiles)	11	5			
			(Peixes)	21	3			
	Moluscos	31	Ascidiacea	2	0			
		Outros grupos animais	9	9	0			
Algas	4	Ocrófitos (Ochrophyta)	4	4	0			
Fungos e líques	39	Fungos con ascos (Ascomycetes)	6	Liques (Lecanoromycetes)	3	0		
				Outros ascomycetes	3	0		
		Fungos con basidios (Basidiomycetes)	33	33	0			
Plantas	376	Plantas vasculares	366	Anxiospermas monocotiledóneas (Liliopsida)	62	4		
				Anxiospermas dicotiledóneas (Magnoliopsida)	283	0		
				Ximnospermas (Pinopsida)	3	0		
				Fieitos (Polypodiopsida)	18	1		
				Plantas non vasculares	10	Brións (Bryophyta)	6	0
					Hepáticas (Marchantiophyta)	2	0	
		Clorófitos (Chlorophyta)	2	2	0			
	TOTAL				1205	172		

Táboa 2. Visión global da biodiversidade de especies presentes no monte Castrove e a súa contorna (ver texto), segundo os datos do nodo global de biodiversidade (GBIF.org) [Ref. 6]. Analízanse os niveis taxonómicos de Reino, Filo e Clase, fornecendo o total de especies para cada un deles. Prot: número de especies protexidas para cada grupo, incluíndo as protexidas por normativa galega [Ref. 4], española [Ref. 5], por directivas europeas [Ref. 7, 8] e por convenios internacionais [Ref. 9, 10].

Grupo	Nome galego	Nome científico	Categoría (fonte)	Evol.
Plantas	Fento guanche	<i>Dryopteris guanchica</i>	Vulnerable (CGEA)	=?
Moluscos	Lesma manchada (Figura 3)	<i>Geomalacus maculosus</i>	Vulnerable (CGEA)	=?
Insectos	Esmeralda de Curtis	<i>Oxygastra curtisii</i>	Vulnerable (CGEA, CEEA)	-?
Peixes	Espiñento ibérico	<i>Gasterosteus gymnurus</i>	Vulnerable (CGEA)	-
Anfibios	Ra ibérica	<i>Rana iberica</i>	Vulnerable (CGEA)	-
Anfibios	Salamántiga galega	<i>Chioglossa lusitanica</i>	Vulnerable (CGEA, CEEA)	-
Mamíferos	Morcego de ferradura pequeno	<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Vulnerable (CGEA, CEEA)	=
Aves	Gatafornela	<i>Circus cyaneus</i>	Vulnerable (CGEA)	-
Aves	Tartaraña cinsenta	<i>Circus pygargus</i>	Vulnerable (CGEA, CEEA)	-
Especies do litoral cercano:				
Aves	Paíño europeo	<i>Hydrobates pelagicus</i>	Vulnerable (CGEA)	=?
Aves	Corvo mariño cristado	<i>Gulosus aristotelis</i>	Vulnerable (CGEA, CEEA)	=
Aves	Aguia pescadora	<i>Pandion haliaetus</i>	Vulnerable (CGEA, CEEA)	+
Aves	Mazarico real	<i>Numenius arquata</i>	En Perigo de Extinción (CEEA)	-
Aves	Gaivina negra	<i>Chlidonias niger</i>	En Perigo de Extinción (CEEA)	-

Táboa 3. Especies catalogadas como ameazadas en Galicia e/ou en España citadas no monte Castrove ou na súa contorna inmediata (ver texto). Póñense aparte as citas só no litoral próximo. Claves: CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas. CEEA: Catálogo Español de Especies Ameazadas. Inicialmente, non se listan *Scolopax rusticola*, *Gallinago gallinago* e *Vanellus vanellus*, rexistradas na zona sen evidencias de reprodución (no CGEA só se consideran ameazadas as poboacións nidificantes). *Numenius arquata* está nesta situación pero figura como “En Perigo” para Galicia segundo o CEEA. Evol: evolución poboacional no último medio século: -: regresión. = estable. +: aumento. Para nomenclatura en galego, ver as Ref. 11, 12.



Figura 3. Lesma manchada (*Geomalacus maculosus*), molusco terrestre ameazado (“Vulnerable” en Galicia) e presente na contorna do monte Castrove (C. D. Romay Cousido).



Figura 4. Vista da ría de Pontevedra desde o monte Castrove, isto é, mirando cara ao sur (G. Ferreiro Martínez).



Figura 5. Vista do val do Salnés desde o monte Castrove (G. Ferreiro Martínez).



Figura 6. Vista do monte Castrove desde a ladeira oeste, neste caso desde Padrenda, Meaño (X. Rodríguez Pomares).



Figura 7. Pastoreo extensivo no monte Castrove (G. Ferreiro Martínez).



Figura 8. Alto do monte Castrove (G. Ferreiro Martínez).

A factoría romana de Canexol: un xacemento á mercé do mar

Por: Patricia Valle Abad, Alba Antía Rodríguez Nóvoa, Nerea Ruanova Álvarez, Rita González Villanueva, Nicolás Villaceros Robineau e Adolfo Fernández Fernández.

INTRODUCCIÓN

O xacemento de Canexol localízase no litoral oriental da illa de Ons, nun pequeno acantilado situado na praia homónima. Catalogado pola Xunta de Galicia baixo o código GA36004028, reaparece durante os labores de limpeza da costa durante a catástrofe do Prestige, que permitiron identificar a existencia de, polo menos, dúas fábricas de salga de peixe datadas de época romana. A Universidade de Vigo realizou no ano 2021 dúas campañas de intervención arqueolóxica sobre os restos, a primeira dentro do marco do proxecto *Galfish: Salt and fish salting in Ancient Gallaecia. Looking for the origins of the Galician canned fish industry* e unhas segunda promovida polo PNMTIAG (Xunta de Galicia), redefinindo a arquitectura das factorías, recuperando material moble das mesmas (principalmente cerámica e restos de fauna) e datando o conxunto entre os séculos I e IV d.C. (Rodríguez Nóvoa et al. 2024).

Os labores arqueolóxicos foron complementados, no ano 2022, cunha prospección xeofísica. Esta revelou un intricado sistema de muros no espazo comprendido entre as dúas factorías de salga xa coñecidas, apuntando á posible existencia doutras edificacións de funcionalidade similar. A recuperación de restos de moluscos na coñecida como Unidade 1 permitiu ademais determinar o procesado e explotación de múrices (*Stramonita haemastoma*) nestas instalacións, vinculado probablemente a obtención de pigmento púrpura para a elaboración de tinguiduras (Rodríguez Nóvoa et al. 2024).



Figura 1. Complexo de factorías de salga de Canexol e localización do cuncheiro de múrices

MONITORIZACIÓN DA FACTORÍA: O PROXECTO SENTINELA

A intervención sobre o complexo da praia de Canexol puxo de manifesto a intensa erosión sufrida polo xacemento ao longo do tempo. Estímase unha perda estrutural de entorno ao 60-70% da coñecida como Unidade 2, que se localiza aproximadamente a uns 2 metros sobre o actual nivel de praia. Esta erosión, habitual noutros xacementos similares da

costa galega como a factoría de Cariño (Ortegal, A Coruña) (Suárez Piñeiro 2003) ou a da praia do Naso, na illa de Arousa (Fernández Fernández et al. 2021), acentuouse especialmente na última década, debido aos eventos climáticos extremos e ao aumento das mareas. Unha circunstancia largamente estudada en toda a fachada atlántica europea, que xerou numerosos proxectos de monitorar para intentar paliar os efectos destes procesos naturais sobre o patrimonio arqueolóxico (Valle Abad et al. 2026).

A intervención arqueolóxica sobre o xacemento de Canexol nos anos 2021 e 2022 permitiu constatar unha erosión acelerada dos restos conservados no acantilado. A aparición de material moble e restos estruturais (perpiaños, morteiro) na praia indicaba unha afección constante sobre os restos, sobre todo en puntos específicos da fronte da praia. Co obxectivo de monitorar e cuantificar esta perda progresiva do patrimonio arqueolóxico da illa nun período de tres anos (2023-2025), implementouse o proxecto *Sentinel*, *monitorando e documentando os procesos erosivos no patrimonio cultural das Illas Atlánticas de Galicia*, financiado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, dentro do marco do programa de investigación da Rede de Parques Nacionais.

O proxecto propoñía a realización dun catálogo detallado de bens patrimoniais dos catro arquipélagos do Parque Nacional, con especial atención ao estado de conservación dos diferentes elementos patrimoniais; e vixiar a afectación de tres bens específicos, entre os que se atopaba o complexo de Canexol. O método empregado para a obtención de datos foi neste caso o SfM ou fotogrametría, e dicir, a realización dun duplicado dixital do xacemento mediante a realización de series de fotografías. No caso de Canexol combináronse o emprego dun UAS/dron e fotografía terrestre (Valle Abad et al 2024). Este proceso repetiuse ata en tres ocasións entre os anos 2023 e 2025 para obter unha secuencia de modelos dixitais comparables entre si, que permitisen cuantificar e medir o deterioro sufrido polo xacemento ao longo de tres anos. Cabe destacar que no caso de Canexol, grazas ás intervencións arqueolóxicas realizadas, o equipo da Universidade de Vigo contaba xa un modelo fotogramétrico anterior, polo que a secuencia puido retraerse ata o ano 2021.

Paralelamente, no ano 2024, grazas a unha colaboración entre o Parque Nacional, a Universidade de Vigo e o CSIC, instalouse un sensor de ondas na praia de Canexol, permitindo analizar as tendencias das mareas e os puntos de maior impacto sobre a praia. A este traballo sumouse un estudo das imaxes históricas da illa (1945-2003), dos datos LiDAR do CNIG (2010-2015) e un levantamento topográfico con GPS (2024), para estimar o retroceso da liña de costa ao longo dos anos.

RESULTADOS

A análise dos datos extraídos dos distintos métodos de seguimento aplicados sobre o xacemento de Canexol permiten falar dunha degradación constante dos restos, que provocou no período de 5 anos o colapso dalgunhas das estruturas arqueolóxicas. As principais causas de erosión foron o embate das mareas e o arrastre pola auga das choivas.

A acción das mareas é especialmente visible na base do acantilado, onde se observan perdas de ata 60 cm de terra, provocando que parte do terreo permaneza suspendido sen apoio e provocando colapsos como o observado na rampla localizada entre as Unidades 1 e 2. Cabe destacar que o sector no que se localiza a rampla é ademais o máis afectado polas mareas, como indican os datos extraídos do sensor de ondas e do estudo do retroceso da liña de costa. Fóra deste punto específico, a afección por parte das mareas parece limitarse ás partes térreas do cantil, sen afectar directamente aos restos arqueolóxicos, producíndose o colapso dos mesmos pola falta de soporte ocasionado pola erosión da base do acantilado.

O arrastre provocado pola caída de auga da choiva xera unha importante erosión nas partes altas do cantil, dando lugar ao desprazamento ou caída de vexetación de tamaño medio-grande (arbustos e árbores), que arrastran parte do terreo ao caer. O desprazamento destas masas de terreo afecta aos niveis de terra que cobren e protexen os restos arqueolóxicos, deixando parte dos mesmos ao descuberto. Ademais de provocar o colapso de parte do acantilado, que carece de apoio debido ao efecto das mareas sobre a súa base. O terreo colapsado durante estes procesos é posteriormente arrastrado polo mar, xunto co material arqueolóxico desprendido das estruturas.

Un terceiro axente sería a vexetación, que inicialmente se considerou coma parte dos procesos erosivos que afectaba ao xacemento de forma activa. Sen embargo, o seguimento realizado en 2024 demostrou que o crecemento de vexetación



Figura 2. Colapso da rampla de acceso ás factorías, identificado a inicios do ano 2024.

sobre os restos arqueolóxicos e no entorno directo dos mesmos favoreceu a protección do conxunto e do propio cantil, minorando a erosión provocada polas mareas.

O xacemento de Canexol e o acantilado sobre o que se sitúa presentan unha erosión continua, aínda que menos acentuada do que se presumía inicialmente. Existe unha erosión xeral en toda a fronte da praia, que entre os anos 2021 e 2023 situaba a perda de terreo por debaixo dos 10 cm na maior parte da súa extensión. Esta tendencia viuse modificada no período 2023-2024, debido a unha tempada de choivas e mareas especialmente violentas, que aumentaron esta cifra ata os 20-30 cm na maior parte do cantil. As maiores perdas rexístranse en puntos específicos do conxunto, destacando a área ocupada pola rampla da factoría, o espazo no que se localiza o pavimento da Unidade 2 e a zona ao sur desta unidade. Estes sectores coinciden coas áreas indicadas polo sensor de ondas como os lugares de maior impacto das mareas e se corresponden coa parte máis retraída da liña de costa cara o interior.

A erosión observada en Canexol forma parte dun proceso observado noutros puntos da xeografía atlántica europea, relacionada cunha maior violencia das mareas e uns eventos climáticos máis extremos (Valle Abad et al. 2026). O xacemento localízase nun ambiente marítimo-costeiro no que a natureza xoga un papel primordial na configuración da paisaxe e no que os axentes encargados do patrimonio apenas poden tomar medidas para frear temporalmente a acción dos axentes erosivos sobre os restos. A isto sumase a peculiar casuística deste xacemento, localizado no alto dun acantilado, dentro dun Parque Nacional protexido. O destino do complexo de factorías de salga de Canexol é hoxe incerto, pero sen dúbida o estudo do xacemento e da problemática que o afecta axudarán a comprender e protexer outros xacementos similares localizados ao longo das costas de Galicia.




Figura 3. Resultados da monitorización entre os anos 2021 e 2024

BIBLIOGRAFÍA

- Fernández Fernández, A.; Rodríguez Nóvoa, A.A.; Valle Abad, P.; Ruanova Álvarez, N. (2021). La factoría de salazón romana de praia do Naso (Illa de Arousa, Pontevedra). *Minius*, 26: 137-161
- Rodríguez Nóvoa, A.A.; Valle Abad, P.; Fernández Fernández, A.; Lago Cerviño, M.; Ruanova Álvarez, N.; Méndez Otero, R. (2024). Intervencións na Illa de Ons: as factorías romanas de Canexol (2021-2024). *Minius*, 29.
- Suárez Piñeiro, A.M. (2003). La explotación del mar en la Galicia romana: el ejemplo de las instalaciones de salazón. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 50 (116): 9-25
- Valle Abad, P.; Lago Cerviño, M.; Ruanova Álvarez, N.; Rodríguez Nóvoa, A.A.; Fernández Fernández, A. (2024). Proyecto SENTINELA. Técnicas y procedimientos para el registro del patrimonio cultural inmueble. *Minius*, 29.
- Valle Abad, P.; Rodríguez Nóvoa, A.A.; Lago Cerviño, M.; Fernández Fernández, A. (2026). Project SENTINELA. Monitoring and documenting the erosive processes on the cultural heritage of the Galician Atlantic Islands. En *Coastal archaeology in small islands: prehistoric lifeways, research perceptions, biases, methods and approaches*. Sidestone Press.

“Algo máis que cunchas”

Por: Rafael Quintía Pereira

(Antropólogo)



Quen visite a Illa da Toxa de certo que reparará nas numerosas colareiras que, á caza do turista, ofrecen os seus colares e adobíos varios confeccionados con fermosas cunchas mariñas. Estas mulleres, auténticas artesás da tradición, constitúen xa unha estampa típica nestas terras do Salnés e podémolas atopar, non só no Grove senón tamén no santuario da Nosa Señora da Lanzada. Eu mesmo lembro, hai xa máis de corenta anos, como nunha excursión escolar á Toxa merquei un deses colares para miña nai. Coido que aínda debe andar pola casa. Estas pequenas artesanías de cunchas, entre o arcaico e o naíf, son algo máis que meros abelorios, son relatos culturais enfiados en cordel, son obxectos que nos falan dalgo máis fondo que o mero ornamento dunha cuncha. Falan, pois nunha linguaxe simbólica anterga que evoca o valor cultural que estes obxectos nacidos do mar tiveron para os seres humanos dente a antigüidade máis remota.



Postos de vendedores de amuletos e colares de cunchas na romaría da Lanzada

A cuncha, do mesmo xeito que outros moluscos mariños, serviu de atributo de diversas deidades das augas. Para os gregos e romanos, por exemplo, a buguina era un emblema de Poseidón/Neptuno e de Tritón. Quizais a máis famosa de todas estas deidades sexa a deusa Venus, esa divindade nada da escuma do mar. Filla de Zeus e Dione, foi unha importante deusa romana, asimilada á deusa grega Afrodita e relacionada principalmente co amor, a beleza e a fertilidade, que desempeñaba un papel crucial en moitas festas e mitos relixiosos romanos. A Virxe María e a deusa Venus comparten atributos. Do mesmo xeito que ocorreu coa Virxe, no culto a Venus enzalzouse tanto a súa virxindade (*Venus Genetrix*) como a súa maternidade (*Venus Mater*) e mesmo a súa graza e beleza, chegando a absorber as funcións

de deidades femininas anteriores. Como outras deidades romanas importantes —e como ocorre coa Virxe María— a Venus atribúenselle varios epítetos para referirse aos seus distintos aspectos ou virtudes. Así chámasele *Venus Genetrix* (Venus nai), polo seu papel como devanceira do pobo romano e como deusa da maternidade e a vida doméstica; *Venus Cloacina* (Venus purificadora); *Venus Caelestis* (Venus celestial) ou *Venus Áurea* (Venus dourada) entre outros moitos epítetos. A *Venus Ericina* (Venus venerada no santuario de Erice) representa a paixón amorosa e era, ademais, protectora dos navegantes, como a Virxe do Carmen ou a Nosa Señora da Area ou Virxe da Lanzada.

Á deusa Afrodita/Venus represéntaselle frecuentemente de pé sobre unha cuncha de vieira. O feito de que a cuncha poida levar no seu interior unha fermosa perla relacionouna con esta, a deusa da felicidade, do amor e da beleza. De igual maneira, o simbolismo mariano deriva de que a Virxe María levou no seu seo a Xesús, a perla preciosa. Co cristianismo, a cuncha converteuse en ofrenda funeraria ao simbolizar a sepultura da que renacería o ser humano no día do Xuízo Final. Tamén pasou a representar o santo sepulcro e a Resurrección, por iso se converteu en símbolo dos peregrinos. Hoxe en día, en moitos cemiterios das vilas e aldeas das nosas costas aínda podemos ver sepulturas recubertas con brancas cunchas. De igual xeito, aínda que cun significado distinto, as cunchas tamén aparecen nos sepulcros da necrópole da Lanzada formando parte dos enxovais funerarios, nun contexto de enterramentos precristiáns.

A epigrafía galaico-romana móstranos indicios da existencia na Gallaecia dalgún tipo de culto ao mar. Por exemplo, no castro de Aobre, en Vilagarcía e por tanto na ría de Arousa, achouse unha inscrición romana dedicada a Neptuno, deus romano de mar. En Santo Tomé de Nogueira tamén se atopou un ara romana dedicada á auga do mar “que atravesan as

naves”. Curiosamente, o famoso pedrón ao que, segundo a lenda da traslatio, ataron os discípulos do apóstolo Santiago a súa barca de pedra, era un ara dedicada aos deus Neptuno.

O mitema dunha deusa nacida das augas, como é o caso de Afrodita/Venus, foi reutilizado polo cristianismo para a confección de moitas lendas haxiográficas de carácter popular. Así aconteceu con santa Mariña. Son varias as lendas galegas onde se nos presenta a Mariña nacendo das augas, xa sexan das dun río ou de entre as ondas do mar. O propio nome de Mariña, para algúns filólogos, significaría nacida do mar. En Cortegada do Miño existe unha capela dedicada a santa Mariña que se sitúa na beira dun meandro do Miño. Segundo a tradición recollida por Bouza-Brey Trillo¹, onde hoxe está a capela, e cal Venus saída do mar, naceu santa Mariña quen xurdiu das augas neste exacto punto do río Miño. Dinos Bouza-Brey:

Cando o cristianismo quere afastar da mente estes deuses, coloca no seu lugar a santos como a Santa Mariña, que saída do Miño, segundo a tradición de Cortegada, só acepta unha capela dende a cal se ve o río do cal xurdiu, saíndose do altar ou pódose de costas, en tanto non se deu cumprimento a este desexo da imaxe.

No concello de Muros volvemos atopar unha lenda similar que sitúa a Mariña saíndo das augas do mar. Na parroquia de Santa Mariña de Esteiro cóntase a lenda² de que a santa xurdiu do mar preto da praia de Parameán, e deixou as súas pegadas nunha rocha que é visible coa marea baixa na Ribeira do Maio. As pegadas que a santa deixou nas penas coñécense como as Patudas de santa Mariña (Quintía, 2017b). Máis preto de nós, no concello de Sanxenxo, atopamos na parroquia de Dorrón a pequena cala da Santa Mariña. Segundo a tradición local, a santa chegou por mar ata esta pequena praia e quedou varada nunha furna deste areal. Este feito prodixioso provocou a construción dunha capela en honor á santa e a celebración dunha romaría anual.

Alén de lendas e vellos cultos, vemos como as cunchas e as buguinas de mar teñen un valor simbólico en moitas culturas. Por unha banda, evocan ás augas onde se forman e participan da idea de fecundidade propia do líquido elemento. Doutra banda, a forma profunda da buguina lembra ao órgano sexual feminino —de feito en moitos países de Hispanoamérica utilízase esta palabra para referirse ao sexo da muller— o que a converte en símbolo da fecundidade. En Galicia, para facilitar o parto, entre outros métodos tradicionais (como as fregas con ruda no ventre da nai, colocar unha camisa de serpe sobre a barriga ou poñer debaixo da almofada a chave da casa), adoitábase utilizar tamén unha buguina na que había que soprar con todas as forzas pola súa parte aberta.



As Patudas de santa Mariña na praia de Parameán, Muros

Sabemos que as cunchas son uns dos amuletos e adobíos máis antigos que existen. Hoxe en día aínda se poden mercar nos postos de artesanía da romaría da Lanzada numerosos amuletos confeccionados con cunchas e buguinas, de igual xeito podémolos atopar noutros santuarios como, por exemplo, o da Nosa Señora da Barca, en Muxía. Temos testemuños arqueolóxicos da súa presenza como adornos e ofrendas mortuorias xa no paleolítico. Tamén foron utilizadas como amuleto polas súas virtudes apotropaicas, protectoras do mal de ollo, dos feitizos e de todo mal en xeral. Segundo C. Alarcón Román (1987: 32), as cunchas que con máis frecuencia se usaban como amuleto en España eran as de ciprea, a buguina, o berberecho e as de caurí —que, por certo, foi valiosa moeda de cambio na África colonial—. Estes amuletos aparecen asociados á protección infantil, polo que non é infrecuente atopar cunchas e buguinas engarzadas en prata e convertidas en axóuxeres. De feito, os prateiros composteláns fabrican axóuxeres e mordedores de prata con forma de cuncha de berberecho ou de vieira. Tamén, nalgúns lugares da Península Ibérica facían coser estas cunchas en pezas propias da vestimenta infantil, por

¹ Bouza-Brey Trillo, F. (1942). “La Mitología del agua en el Noroeste hispánico”. *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 268, pp. 89-104

² Agrelo Hermo, X. e Abejiñón Núñez, F. (2004). “A Freguesía de Santa Mariña de Esteiro”. *Cuadernos Cruceiro do Rego* n.º 11. Ed. Toxosoutos.

exemplo nos gorros de bautizo, curiosamente o rito cristián no que a auga cobra especial significación e valor purificador. Pero, aparte de protector da infancia, estas buguinas e cunchas, quizais polo seu valor simbólico asociado á fertilidade, tamén aparecen como amuletos propiciadores da concepción, e por iso eran levados polas mulleres. Ao mesmo tempo, as buguinas, polo seu parecido cuns peitos sans e voluminosos, empregáronse para impedir que estes se deteriorasen e para favorecer o seu endurecemento e resistencia para os efectos da lactación. De igual maneira ocorre con outros obxectos de forma peculiar como determinadas pedras (A Pedra do leite), os caracois recheos con cera ou os glandes das landras usados en Cáceres, por exemplo, para estes mesmos fins.

O valor simbólico das cunchas e a crenza de que estes obxectos vidos do mar posúen determinadas propiedades protectoras ou sanadoras perdurou na cultura popular galega dende a antigüidade. A presenza de cunchas de vieira e de carneiro nas tumbas da Lanzada poderían ser testemuño desas vellas crenzas, e o feito de que hoxe en día se sigan utilizando as cunchas como amuletos permítenos establecer este *continuum* temporal ou *longue durée* que din os franceses, aínda que os amuletos, como calquera símbolo ou produto cultural, non son inmutables e o seu significado e usos puideron ir variando ao longo do tempo segundo cambiaba a sociedade e as súas xentes.


Respecto da cuncha de vieira, na actualidade é un dos elementos máis representativos de Galicia por ser símbolo icónico da peregrinación a Santiago de Compostela. Levar de volta unha cuncha de vieira —a *Pecten iacobeus*— era demostración de que o romeiro chegara á terra do Apóstolo, polo que os peregrinos que se achegaban ao mar de Fisterra adoitaban recoller estas cunchas nas súas praias. Co tempo creouse en Santiago un mercado de venda destas cunchas, algo que aínda perdura hoxe en día coa masiva afluencia de turistas. Os prateiros e acibecheiros de Compostela converteron estas cunchas mariñas en fermosas xoias, amuletos e adornos feitos en chumbo, latón, estaño, acibeche, óso, marfil e metais preciosos. Estas cunchas e alfaias representan o símbolo por excelencia do apóstolo Santiago e vendíanse nun florecente mercado na Porta de Acibecheira, que tivo que ser regulado contractualmente pola Igrexa. Así, acabou formando parte da indumentaria decorativa do traxe de romeiro figurando na esclavina, no sombreiro e no zurrón.



As vieiras aparecen esculpidas nos sartegos dos primeiros cristiáns das igrexas coptas; e na Idade Media, xa convertida en símbolo xacobeo, aparece no enxoval de numerosas tumbas europeas. Tamén atopamos a súa presenza en laudas medievais de Noia, de Compostela, e doutras vilas europeas como poden ser Toulouse (Francia), Guimarães (Portugal), ou nunha igrexa de Soro (Dinamarca). A vieira xa era utilizada en Roma como amuleto, segundo algunhas interpretacións, pola súa semellanza coa man e co mesmo significado do amuleto musulmán máis popular: a Man de Fátima ou a nosa figa. A súa forma radial tamén lembra o rito que fan os peregrinos da imposición da man na columna da Árbore da Vida no Pórtico da Gloria. Como símbolo do mar asociouse á fertilidade, atribuíndoselle efectos afrodisíacos. Segundo outras interpretacións simbólicas, a cuncha de vieira, como símbolo de Venus, representa o renacer do peregrino, a súa resurrección tras chegar ao seu destino en Compostela, é dicir, a morte do ego para dar paso ao eu auténtico, o da sinxeleza e a humildade. Non falta quen relaciona esta cuncha coa pata palmeada dunha oca, símbolo de recoñecemento iniciático para moitas tradicións antigas (Quintía, 2024: 214-215). Leandro Carré Alvarellos, na súa obra *Las leyendas tradicionales gallegas*, relata unha orixe lendaria do uso destas cunchas como símbolo do Apóstolo, e no *Liber Sancti Jacobi* relátase un dos milagres atribuídos ao apóstolo Santiago no que a cuncha de vieira serviu de amuleto curativo.

Conta a tradición que a certo cabaleiro en terra de Apulia se lle inchou a gorxa como un fol cheo de ar. Pediu esta unha cuncha de Santiago e tocando con ela a súa gorxa enferma atopou remedio inmediato. Velaí o milagre da cuncha xacobeá. Sexa cal fose o motivo da elección desta cuncha como símbolo xacobeo, o que está claro é que coa súa adopción por parte da Igrexa se produciu a cristianización de todos os valores simbólicos anteriores que puido ter este antigo amuleto (Quintía, 2011: 195-196).

O valor simbólico das cunchas e das buguinas mariñas —como tamén da madreperla, o coral ou ollomaos— e a súa evocación das augas e a fecundidade podémolo percibir hoxe en día en moitos dos elementos decorativos da ermida da Nosa Señora da Lanzada, entre outras igrexas e santuarios costeiros. No interior da capela, e a man dereita da porta que se abre na cara sur, unha cruz realizada con buguinas destaca sobre os perpiaños da parede do templo. Polos testemuños que puideron recoller no seu día, posiblemente se trate dun exvoto doado por algún devoto da Virxe. É fermoso ver como nesta imaxe se unen o simbolismo da cruz cristiá, como icona da morte e resurrección, co valor simbólico das buguinas, estreitamente relacionadas co feminino e a fecundidade, pechándose nun único símbolo todo o ciclo da vida, morte e resurrección e do masculino e o feminino. A man esquerda do altar, e xunto á columna sobre a que descansa o arco que separa en dous a nave, áchase unha pía bautismal do século XVIII sobre a que se instalou unha nova pileta en forma de cuncha. É a cuncha a que recolle a auga bendita, o *súmmum* da pureza e do poder purificador. A auga que limpa os pecados e que protexe de todos os males. Isto lémbreme que na igrexa de San Martiño de Noia a pía de auga bendita é unha fabulosa cuncha mariña.



Cruz exvoto feita con caracolas e cunchas.
Santuario da Nosa Señora da Lanzada

Non quero rematar este artigo sen lembrar a miña infancia de xogos na praia da Lanzada onde pasaba horas buscando esas pequenas caracolas coñecidas como margaridas. Non sabía eu que aquelas pequenas cunchas rosadas, chamadas caurís, son, sen lugar a dúbidas, unha das cunchas máis usadas no mundo con fins apotropaicos, decorativos e incluso monetarios e de prestixio. En Galicia usáronse como elemento decorativo e como amuleto. No Museo do Pobo Galego consérvase unha fermosa monteira adobiada con caurís. Tamén son eses pequenos caurís os que usan as nosas colareiras para facer os seus colgantes, pulseiras e adobíos. Cando vexo o vello frasco de cristal cheo de margaritas que conservo dende a miña nenez non podo máis que evocar todo ese mundo simbólico que envolve a estes pequenos obxectos paridos do mar, como a deusa Venus ou a nosa santa Mariña. Porque estes fermosos obxectos que, tantas veces vemos varados na area sen reparar na súa importancia cultural, son moito máis que cunchas, son símbolos da nosa identidade.

BIBLIOGRAFÍA:

- Agrelo Hermo, X. e Abeijón Núñez, F. (2004). “A Freguesía de Santa Mariña de Esteiro”. *Cuadernos Cruceiro do Rego* nº 11. A Coruña: Ed. Toxosoutos.
- Alarcón Román, C. (1987). *Catálogo de amuletos del Museo del Pueblo Español*. Madrid: Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 173 pp.
- Bouza-Brey Trillo, F. (1942). “La Mitología del agua en el Noroeste hispánico”. *Boletín da Real Academia Galega*, nº. 268, pp. 89-104
- Carré Alvarellos, L. (1978). *Leyendas tradicionales gallegas*. Madrid: Espasa- Calpe.
- Quintía Pereira, R. (2017a). *Vade retro. Ritualística protectora, obxectos curativos e uso de amuletos na cultura popular galega*. Valga: Concello de Valga.
- Quintía Pereira, R. (2017b). *Mariña: de deusa a santa*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Quintía Pereira, R. (2011). *A Nosa Señora da Lanzada. Estudio antropológico de un santuario costero*. Sanxenxo: Librería Nós.
- Quintía Pereira, R. (2024). *Diccionario de amuletos galegos. Obxectos de poder da cultura popular*. Pontevedra: Ab Origine Edicións.



Margaritas e colgantes de caurís.

1985. A LENDA. CAPÍTULO 5

“O primeiro tesouro. A fonte cristalina”

Por: **Álvaro Díaz Vidal**

“*Varu Camawey*”. *Histórico campista de Melide. Ons*



Espertei a media mañá con algún que outro grasnido *Camawuayano*, e abrí a cremalleira da miña tenda canadense azul. Ao contrario que a noite anterior, todo era claro, os raios do sol entrelazábanse nun enmarañado bosque de altas árbores con centos de ramas, nas que os paxariños cantaruxaban unha continua melodía ao unísono e unha suave brisa mariña acariñaba a miña adurmiñada pel. O cheiro da madeira queimada e das fumegantes cinzas nocturnas, bañábao todo.

A tribo estaba activada e dende a porta daquela tenda, puíden observar as 15 – 20 tendas como a miña alí radicadas, e as fogueiras que á noite anterior non analizara ben; estaban compostas por un semicírculo de pedras perfectamente colocadas feitas de cachotería *Camawuyana* de non menos de 50 cm. de alto polo diámetro dunha grella da época, que todas tiñan incrustadas a media altura.



Tamén puíden observar tendais con vistosas roupas de cores como o arco da vella, e hamacas voadoras mecíanse coa súa propia existencia..., ao fondo de todo este escenario unha cor turquesa, máis digna doutro planeta que deste, tinguía unhas augas cristalinas dunha máxica praia formando o infinito marco daquela composición irreal.

Os meus novos amigos estaban dispersos por aquel lugar. Todos tiñan ben delimitadas as súas funcións, uns limpaban o entorno un pouco desordenado da noite anterior, outros dirixíanse en grupo, non sei a onde, portando garrafas e botellas baleiras. Podía escoitar un pequeno eco ao lonxe, o son dun

machado tronizador de madeiras, coma o pica pica dun paxaro carpinteiro. Era coma un pequeno circo de pulgas mariñas, na que cada compoñente tiña a súa función.

Sen saber que facer, aturrullado por tanta información entrando na miña mente, alí quedei, deixando que o presente se seguira manifestando...

- Varu!!! – Grandullón e o sorrinte Cuchillo men, reclamábanme.
- Que tal durmiches?
- Xenial, troncos.
- Vente con nós, colle ese par de garrafas, imos á fonte por auga para cociñar e lavar os pratos.

Así foi, era o mínimo que podía facer para colaborar con aqueles chicos pola súa xenerosidade. Dirixímonos por un sendeiro de “a un” que transcorría por un acantilado duns 20 m. de altura, paulatinamente baixaba ata somerxerse no mar apracible e tranquilo, que cun pequeno vaivén, aloumiñaba as rochas daquela paraxe. Despois duns minutos puíden escoitar xocosas risas, acompañadas de mesturadas charlas ao final do camiño. Xa na orella, unha frondosa e verde árbore xeraba unha cúpula natural sobre a fonte potable de auga cristalina..., que no mar desembocaba (era o único lugar con auga potable, “*o primeiro tesouro*”, sen ela nada sería posible).

Os que alí estaban, saudaban a Grandullón e ao Cuchillo men, ao que eles respondían igualmente, finalizando co perenne sorriso. Eu apoiei as garrafas onde eles apoiaran as súas, esperando a súa quenda de enchido nunha inexistente cola, fixándome moi ben onde poñía os meus pés, pois o solo era moi irregular e formado por grandes rochas de mar; puíden acomodarme nunha delas e observar con detemento a fonte. Era un cano de 5 cm. de diámetro, a media altura, que regalaba abundante auga, sombreada por aquela árbore.

Procedín á espera da miña quenda, mentres... puíden deleitarme coa idílica visión da bronceada pel daquela serea, contorsionando todo o seu corpo espido, sorrinte, bañándose sen ningún pudor, facendo do natural un arte e, dos meus prexuízos, unha miseria.

Non sen un pouco de estrañeza, apartei a mirada daquel cadro impresionista e dirixíndoa cara ao leste, directo ao mar, todo se complicou aínda máis..., as irmáns daquela serea, xa bañadas anteriormente, dispersas por aquelas rochas, sentadas cunha toallíña nas súas nádegas, secaban os seus corpos ao sol. Longos cabelos mollados, cepillos dourados, cremas, aceites varios. Era unha emboscada dos sentidos para o imberbe renacido, non estaba preparado para tanta beleza en tan pouco tempo, eran realmente sereas e existían...

Non quería ser indiscreto, pero aquel elenco superábame. Parte delas eran as mozas coas que pasar toda a noite anterior.

Non comprendía como o natural podía ser tan innato para elas e comecei a darme conta do ignorante que era, dos complexos herdados e do longo camiño que quedaba por percorrer... En resumo, fíxense máis pequeno do que era.

Nese preciso instante, Grandullón emitiu un daqueles berros: - Camaaaaweeeyy!!! E choutando de rocha en rocha, cal orangután, puxo os seus engurrados e peludos figos, a un palmo do meu nariz, o que obrigoume a un rápido movemento, do mellor dos *ninjas*, co conseguente susto e rotura do máxico momento (movemento que repetiría no futuro en máis dunha ocasión). As risas mesturáronse, e o “orangután” dun chimpo meteuse debaixo daquel frío chorro de auga que da fonte manaba e a serea abandonara para pasar ao posterior secado de irmás, como unha máis.

Mentres, Grandullón berraba e arquexaba, retorcéndose coma un lagarto baixo aquel cano, e Cuchillo men, sen parar de rir, como tiña por costume, fabricaba cheirentos artefactos fumables que compartía con todos os que quixeran. Finalmente tod@s e cada un dos alí presentes, fóronse tapando coas súas roupas varias, vistosos vestidos, saias, chalecos, fulares,..., ricos olores; colleron as súas cheas garrafas de fría e transparente auga e comezaron a desfilar por aquel sendeiro, camiño arriba, digno da máis famosa pasarela, despedíndose das súas máis sensuais formas.



Aquela fonte parecía ser o laboratorio onde as miradas entrecruzábanse, e o estudo das anatomías e as almas forxábase, tatuando as mentes coa ilusión de que algunha daquelas sereas douradas, nun movemento de despiste dos seus cerebros, sentira por un segundo a décima parte do que un sentía e desexaba nese preciso instante.

- Varu, dúchaste? – Increpou Grandullón
- Non. - Respondín timidamente. - Estou limpo.
- Dúchate, coño!!! – Graznou.
- Hoxe non, mañá..., mañá... – Foron as miñas últimas palabras

Recollemos as garrafas cheas e fixemos o camiño de volta. De regreso, na zona compartida das nosas tendas, coma un salón natural co lume aceso por un irmán, botamos nun capacho negro, parte da auga recollida, onde lavamos os pratos e cubertos do día anterior; seguidamente aclarámolo todo nunha bañeira granate con perfecta e limpa auga, facéndoo escorrer todo nunha caixa de peixe de madeira que, totalmente pulida e limpa, regaláranos o mar. As perolas, negras polo exterior do lume real, comezaban a facer a súa ebulición; era o intre de introducir as pastas, ovos, aceites, cebolas e calquera outro elemento, como uns simples caramuxos acabados de recoller que, experimentalmente, darían un pouco de sabor a aqueles humildes condimentos. Mentres todo isto ocorría, outra parte do grupo ocupaba o seu tempo no descanso, polo chan do lugar, en amplos farrapos, balanceándose nas hamacas voadoras, lendo un libro, ou facendo música cos máis diversas utensilios. Os saúdos e apertas sucedíanse entre aqueles mozos, vestidos ou espidos; existía unha irmandade, que non sei de onde coño saía.

No medio daquel máxico bosque, os olores a diferentes potaxes sucedíanse, bañados polo continuo olor a leña queimada que todo o envolvía.

Unha hamaca baleira presentouse ante min e a ela subín. No medio de todo aquilo, por primeira vez, observei as altas árbores que a sostían, troncos robustos, repletos de verdes follas a partir de tres metros do chan, e mecido cun movemento provocado por unha brisa do máis aló.

Ao fondo daquel verde, o contraste dun ceo limpo e despexado azul blue; naquela serenidade, quedeime flotando por un tempo.

O viño tinto haino que beber no cacho dunha centola

Por: José Manuel Dopazo Entenza

Colaborador externo do Instituto da Lingua Galega
(Universidade de Santiago de Compostela)

O 31 de decembro de 2010, o señor Fransisco entrou pola porta da cociña da súa casa do Valado, no Camiño da Videira. Eu xa estaba a falar con siña Benedita a *Sentuleira*, a súa muller. Nese momento, ela sentiuse liberada de me ter que contar como era o Entroido, que se facía polo Nadal e que supuxo para ela ter que marchar do lugar en que nacera, medrara e fundara a súa familia. O señor Fransisco copou a conversa con temas de socioloxía, antropoloxía e, sobre todo, de historia. A el fascinábao a vida de Marcial Bernadal e de Didio Riobó. A min todo o transcurso da Guerra Civil contado en primeira persoa.

Mantívose en pé, diante miña, termando coa man dereita do respaldo da cadeira máis próxima e sen renquear en absoluto durante máis dunha hora que durou a conversa. Eu estaba marabillado ante unha persoa con tal lucidez en todos os aspectos. A súa sinxeleza, a súa honradez, a súa pericia para os detalles. Pouco tempo despois, recunqueei, desta vez con intención de recoller a nomenclatura das partes do carro, as do arado, as do piorno... e, por suposto, as da dorna. Con esta última empezaron a saír os nomes das puntas, cabos, enseadas, pedras, cons, illotes... unha infinidade de microtoponimia que non fun quen de xestionar nin a día de hoxe.

Decateime, entón, que nomear o territorio é fundamental para sabermos onde estamos. Para xeolocalizármolos no microespazo en que vivimos. Era esencial no tempo do señor Fransisco e é primordial no noso día a día porque o que non se nomea deixa de existir. A paisaxe deixa de gardar un sentido social para ser só un cúmulo de pedras e eucaliptos ardidos.

Non pretendo con este artigo facer un alegato da necesidade de recuperar e pór en valor a microtoponimia, pois iso xa vai na conciencia de cadaquén. Máis ben busco entender a motivación que pode haber detrás dun topónimo en concreto que me fascinou desde que o escoitei por primeira vez. Non son, en absoluto, experto en toponimia e poida que os meus métodos sexan errados por completo, pero a análise máis académica neste sentido déixolla a quen estea realmente preparada/o.



Ruínas da casa da siña Benedita en Melide. 1975

Siña Benedita naceu no Centulo, de aí que lle chamasen a *Sentuleira*. Era súa a última casa, a que está situada xusto enriba da praia de Melide. Era súa e, antes, da súa nai, da súa avoa... até remontármolos a mediados do século XIX, cando os seus tataravós Xosé e Cipriana chegaron de Carreira (probablemente da illa de Sálvora, como a propia Benedita sempre insistiu) e se asentaron na Illa de Ons.

O Centulo non só é un topónimo que identifica esta aldea ben afastada do centro histórico da Illa (O Canexol) e cultural máis actual (Curro), senón que é o signo de identidade de quen naceron nel, pola marxinación que supuxo como arrabalde desta sociedade.

Con todo, O Centulo aparece como punto

estratéxico en innumerábeis mapas e cartas náuticas. É a dicotomía entre o elemento estraño, afastado e irrelevante para uns, e o punto estratéxico, focal e importante para outros. Tal é así, que xa o atopamos nos escritos desde o século XVI (AHDSC, 1562).

A súa aparencia pódenos remitir mui facilmente ao crustáceo decápodo de cacho ovalado e cor rosácea ou vermella. Así e todo, eu prefiro rabuñar máis profundo. Sería mui doado dicir que o topónimo do Centulo viría a través de *centolo* como denominación deste marisco, cunha inflexión do O tónico por influencia metafónica dun U final latino (Fernández Rei,

1990; 51). De feito, se o observamos desde o Alto da Vixía, en Pineiró, o monte do Centulo semella un crustáceo descansando sobre as augas do Atlántico.

A mediados da década de 1970, Carme Ríos Panisse percorreu toda a costa galega, eses 1.500 quilómetros que posúe Galiza, recollendo a nomenclatura dos peixes, algas, mamíferos, moluscos e aves que habitan as nosas augas, e publicou toda a información en dous volumes (Ríos Panisse, 1977; e Ríos Panisse, 1983). Curiosamente, *centolo* aparece como forma en toda a franxa atlántica, o Golfo Ártabro e A Mariña. O mesmo espazo en que aparece a forma *centola*. E facendo referencia ás mesmas dúas especies *Maja squinado* e *Aranca crustata*. Con todo, eu nunca escoitei denominar na Illa de Ons a este crustáceo como *centolo*, sempre *centola*.



Monte do Centulo visto desde Pineiró (Arquivo Dopazo, 2012)

Ademais, nos textos escritos apenas temos rexistro da forma *centolo* e só a partir de 1955¹ mentres que *centola* xa aparece desde 1877². Se cadra, habería que pensar se existe unha cronoloxía para o uso destas dúas formas... aínda que iso é fariña doutro muíño. Se cadra, só se cadra, o que acontece é que O Centulo da Illa de Ons ten outras influencias, orixes ou motivacións que non son o crustáceo.

O Padre Sarmiento dedicou parte das súas viaxes a Galiza (desde o convento madrileño en que se enclaustrara aos 15 anos) a recoller léxico que para el era extraordinario. Deste modo, pretendía facer un estudo etimolóxico en que o galego era unha peza chave en tanto que, como lingua máis conservadora, estaba máis próxima ao latín. Boa parte dese léxico publicouno no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (Pintos, 1859), unhas 1.200 coplas en galego dedicadas á morte do rei Filipe V. Entre as palabras que el identificou está *centulo*, escrito así, *centulo* non *centolo*.

Esta figura aparece ligada ás mascaradas ou mesmo a un ser sobrenatural. Citando o propio Sarmiento no seu remate inédito das coplas galegas e a respecto do uso das chocas:

De Deza e Trasdeza
e de Carboeiro
son os que as levan
de cote e arreo.
Estes as mornean
con moitos maneos,
e fan o centulo
ou o fareleiro...

Non desenvolve o Padre muito máis a este respecto, porén infírese que debe ser algún tipo de máscara. Iso si, nunha carta súa do 23 de marzo de 1757, mostra o Centulo como un santo. Non queda claro se certamente ou irónicamente...

Alegrareme que nuestro padre abad de Lérez haya ido, vuelto y esté con salud. Ponme a su obediencia y que tenga buen viaje, Santas Pascuas e muitos ovos . Y lo mismo dirás al santo Centulo de Deza.

Pasado o tempo, nunha nota do século XIX depositada no Museo de Pontevedra³ pódese ler, desta volta, algo máis concreto a este respecto “Llevaba una careta de palo, con cuernos y el traje era de lienzo de color de sabandija enterino

¹ Fole, 1955; 118

² En *O Tío Marcos da Portela*, tomo 50.

³ Na colección “Casal” do Museo Provincial de Pontevedra (LXII-3).

O que xa non ten tanto sentido e está totalmente fóra da lóxica lingüística é o rexistro de Sarmiento. El localiza este nome, este *centulo*, esta máscara, no Deza e Trasdeza, é dicir, no centro xeográfico de Galiza. Mui lonxe da influencia da metafonía e realmente lonxe de ningunha posta nin recollida de centolas. Vaia, que eu saiba... Se cadra no río Deza deron construído un viveiro en pleno século XVIII...

Insisto en que non son experto en toponimia e os estudos profundos neste campo deben quedar para quen o domine. Con todo, imaxinar un ser mitolóxico de noso, cunha cuncha de centola por máscara, unhas enormes pinzas en cada man e vestido de bocho e correola ao estilo de Maruxa Mallo daría muito xogo para o imaxinario popular. Mesmo me aventuro a propolo como malvado dunha novela de fantasía ao estilo dos Power Rangers.



Maruxa Mallo, cun manto de algas en Chile

Sexa como for, o certo é que as centolas do Centulo son unha vianda ben selecta hoxe en día. Mais no tempo en que os tataravós de siña Benedita chegaron á Illa de Ons non o serían tanto. Aínda no tempo en que o señor Francisco volveu da Guerra en Aragón e Catalunya, as centolas non valían un peso, para canto máis case cen anos atrás. E, se non tiñan un gran valor culinario e, polo tanto, económico, por que ía interesar nomear un illote e un monte a respecto dun crustáceo carente de interese?

Ese 31 de decembro de 2010, Ano Vello, o señor Francisco deixou de termar da cadeira, despediuse de min na entrada da casa desexándome a mellor entrada posíbel no 2011. Fechou a porta, afeitouse despois de muita insistencia de siña Benedita a *Sentuleira*, e pasou a cear un caldiño branco e mais un anaquiño de *torrón*. A continuación, bebeu unha fecha de viño tinto na súa cunca de cerámica branca, pensando que o viño tinto haino que beber no cacho dunha centola.

BIBLIOGRAFÍA

AHDSC - Arquivo Histórico Diocesano Santiago de Compostela (1562): *Rentas de la dignidad arzobispal. Foros del Mayorazgo de Pontevedra 1459-1696* (57), en *Bienes y rentas de la Mitra* (168 rº - 187 vº). Inédito.
Casas, Álvaro das (1934): *A Illa de Ons*, en *Nós*, tomo 131-132, separata. Nós: Santiago de Compostela.
Cuveiro Piñol, Xoán (1876): *Diccionario Gallego*. Barcelona.
Dopazo Entenza, José Manuel (2022): *Até aquí podó contar. A fala da Illa de Ons*. Chan da Pólvara: Santiago de Compostela.

Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Fole, Ánxel (1955): *Terra brava. Contos da solaina*. Galaxia: Vigo.

Lamas Carvajal, Valentín (1877): *O Tío Marcos da Portela*, tomo 50. Ourense

Pintos Villar, Xoán Manuel (1865): *Vocabulario gallego-castellano*, ed. Margarita Neira e Xesús Riveiro (2000). Real Academia Galega: A Coruña.

Ríos Panisse, María do Carme (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces*, en *Verba*. Anexo 7. Universidade de Santiago de Compostela: Santiago de Compostela.

Ríos Panisse, María do Carme (1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. II. Mamíferos, aves y algas*, en *Verba*. Anexo 19. Universidade de Santiago de Compostela: Santiago de Compostela.

Rodríguez, Francisco Xavier (1863): *Diccionario gallego-castellano*, ed. Antonio dela Iglesia González. A Coruña.

Sarmiento, Martín (1732-1770): *Epistolario do P. Sarmiento*, ed. Xosé Filgueira Valverde e Mª Xesús Fortes Alén (1995). Consello da Cultura Galega: Santiago.

Sarmiento, Martín (1746): *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, ed. Xoán Manuel Pintos (1859).

Sarmiento, Martín (1746-1755): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, ed. J. L. Pensado Tomé (1973). Universidade de Salamanca: Salamanca.

Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008): *Talasonimia da costa sur de Pontevedra*. Nova Galicia Edicións: Vigo.

Vigo e O Grove unidos por Jenaro de la Fuente: A historia oculta trala casa do poeta Luis A. Mestre

Por: Francisco Meis Durán

A casa do poeta Luís A. Mestre, no Grove, constitúe unha peza singular da arquitectura local que mantivo a súa integridade case intacta ata o ano 2009. Porén, na década posterior, a propiedade derivou nun estado de ruína debido ao abandono e á falta de mantemento. Esta situación viuse agravada pola desidia das administracións local e autonómica, que ignoraron as reiteradas advertencias e omitiron o seu deber de velar pola protección do patrimonio cultural permitindo a degradación, por parte da propiedade, dun legado que tiñan a obrigaón legal de tutelar. Trátase dunha obra única, proxectada por un dos “arquitectos de facto” máis influentes da Galicia de entreséculos: o mestre de obras **Jenaro de la Fuente Domínguez**. Para entender como un dos proxectistas máis relevantes da época chegou a crear unha obra tan icónica na vila, é preciso analizar os antecedentes e as motivacións que o impulsaron a creala no Grove a finais do século XIX.

Esta vinculación forxouse a través da familia Mestre, que na década de 1880 alternaba a súa residencia entre Vigo e o Grove. Durante os meses estivais, a familia desprazábase á localidade para xestionar o balneario da Toxa; un complexo termal administrado por Luis Mestre Roig e cuxa xerencia desempeñaba o pai do editor de Vida Gallega, o empresario Carlos Solá de Haz.

Foi no contexto urbano de Vigo onde se consolidou a confianza co proxectista xa que no ano 1885, a familia decidiu edificar nun soar da céntrica rúa Velázquez Moreno confiando o deseño da súa vivenda a un profesional que xa destacaba pola espectacular presenza das súas obras. Este encargo inicial na cidade olívica sería o preludio da pegada arquitectónica que o mestre de obras deixaría máis tarde no noso municipio. Para Carlos Solá de Haz e a súa muller, Luisa Mestre Hernández, o facultativo mestre de obras proxectou un edificio ecléctico entre medianeiras de carácter sobrio, empregando materiais locais para unha estrutura orixinal de planta baixa e dúas alturas. Segundo o reputado investigador Jaime Garrido Domínguez, o arquitecto admitía na memoria presentada ao Concello a posibilidade de que o propietario non chegase a completar o segundo piso, un temor que resultou infundado xa que a obra concluíuse na súa totalidade.

Aínda que o inmoible chegou aos nosos días con modificacións que alteraron a súa estrutura orixinal —como a adición dunha terceira planta que rompe a coherencia estética do conxunto—, unha rehabilitación recente permitiu recuperar a esencia dos baixos da fachada baseándose nos planos orixinais. A pesar destas transformacións, o edificio segue sendo o testemuño físico da vivenda onde transcorreu gran parte da vida do mozo escritor e editor Jaime Solá e os seus irmáns. Foi nesas mesmas dependencias onde, con toda probabilidade, se instalou o taller, as oficinas e a redacción do seu influente xornal, *El Noticiero Gallego*.

Na actualidade, a casa de Velázquez Moreno segue en pé, conservando a súa beleza orixinal e formando parte do patrimonio histórico de Vigo. Aínda que xa non pertence á familia Mestre, segue evocando a memoria dunha época e dunha familia que viviu a cabalo entre o Grove mariñeiro e a cosmopolita cidade de Vigo de finais do século XIX.

A exitosa execución deste inmoible en Vigo guinda un dato relevante e fundamental para comprender a orixe da



Casa da rúa Velázquez Moreno. Vigo

casa do Grove: a sólida relación profesional e de confianza establecida entre Jenaro de la Fuente e a familia dos Mestre. Esta sintonía levou aos propietarios a recorrer novamente a él case unha década despois. Nesta ocasión, o encargo consistía en proxectar as novas vivendas familiares, pero trasladando a súa linguaxe arquitectónica á contorna costeira da vila do Grove. Este novo proxecto non só reafirmaría a mestría de *De la Fuente*, senón que dotaría á localidade dunha das súas pezas arquitectónicas máis singulares, hoxe lamentablemente ameazada pola ruína ante a impasibilidade da administración.

Deste xeito, o proxectista firma en 1895 o deseño da vivenda de Luis A. Mestre, unha operación realizada probablemente por mediación do seu cuñado, Carlos Solá de Haz. No entanto, as investigacións suxiren que a intervención de Jenaro de la Fuente na localidade foi máis ambiciosa do que os rexistros conservados indican inicialmente; sospeitamos que construíu en realidade dúas vivendas para a familia. Deste conxunto, lamentablemente, só queda constancia documental e física da casa do poeta. A outra edificación, pertencente a Carlos Solá e a súa esposa Luisa Mestre (irmá de Luis A. Mestre), tería sido proxectada apenas uns meses ou anos antes, pero foi destruída na década dos corenta para levantar sobre os seus cimentos a chamada *A Torre da familia Lores*. Esta perda previa subliña, se cabe, a importancia excepcional da casa de Luis A. Mestre como o último vestixio do legado de Jenaro de la Fuente na arquitectura civil do Grove.



Vivenda do poeta Luis A. Mestre proxectada por Jenaro de la Fuente Domínguez

Para entender a dimensión real deste legado, debemos considerar que o conxunto monumental que posuía o Grove a principios de século incluía dous proxectos de Jenaro de la Fuente Domínguez. Se ben estas construcións non pretendían competir en escala coas súas maxestosas obras da cidade olívica, constituían dous exemplos nítidos da súa linguaxe arquitectónica. Tratábase dun desenvolvemento máis contido e económico, pero fielmente herdeiro do estilo francés decimonónico que o mestre de obras dominaba con mestría. Estas vivendas representaban unha adaptación da elegancia urbana á tipoloxía local, demostrando que incluso nos seus proxectos máis sobrios, *De la Fuente* mantiña unha coherencia estética e unha calidade técnica excepcionais.

Durante moito tempo, a autoría desta obra permaneceu no terreo das hipóteses; parecía que nunca coñeceríamos con certeza o nome do proxectista nin atoparíamos un documento que despexase as especulacións históricas. Porén, o destino —sempre teimudo— permitiu que a verdade saíse á luz grazas ao labor de investigación no arquivo do arquitecto realizada por **Jesús Ángel Sánchez**, doutor e catedrático da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Foi o profesor Sánchez quen nos facilitou o documento definitivo que identifica ao autor da obra do Grove. A proba irrefutable reside no libro de contabilidade orixinal que se conserva no arquivo persoal dos herdeiros de Jenaro de la Fuente Domínguez. En dito rexistro, con data de 14 de decembro de 1895, figura a seguinte anotación literal que confirma o encargo e a autoría:


“Terminación para la casa que construye en el Grove D.Luis A.Mestre.”

Con esta escueta pero reveladora anotación, Jenaro de la Fuente deixaba meridianamente claro o peche da liquidación dos honorarios pendentes que o poeta lle aboaría a mediados de decembro. Deste asento contable dedúcese, por tanto, que a edificación da vivenda concluíu a finais de 1895. A relevancia desta data non é menor: nese mesmo mes, e apenas uns días

máis tarde, o mestre de obras deixaba constancia no mesmo libro da liquidación doutra das súas creacións máis insignes: a maxestosa casa de Prudencio Nandín, situada na céntrica Praza de Compostela da cidade olívica. Este paralelismo documental non só ratifica a autoría, senón que sitúa á casa do Grove no mesmo plano cronolóxico e creativo que as grandes obras que transformaron a paisaxe urbana de Vigo a finais do século XIX.

A OUTRA OBRA DESAPARECIDA DE JENARO DE LA FUENTE: A CASA SOLÁ MESTRE

Aínda que a proba documental confirma a casa de Luis A. Mestre, a análise arquitectónica obríganos a mirar máis alá. Como se mencionou, existiu unha segunda edificación, a da súa irmá, cuxa autoría, por analogía formal, debe atribuírse tamén a Jenaro de la Fuente. O elemento máis revelador da construción desaparecida era a súa escaleira, un recurso que



Inmable desaparecido de Luisa Mestre Hernández, proxecto atribuído a Jenaro de la Fuente Domínguez (finais do s. XIX)

o arquitecto desenvolvería con mestría en proxectos de gran envergadura como o Pazo de Lourizán ou o Gran Hotel de Mondariz. Nestes edificios, as escaleiras e as terrazas abertas non son meros accesos, senón os verdadeiros protagonistas da fachada principal. Este esquema repetíase na vivenda proxectada para a familia Solá Mestre no Grove; a súa entrada, de carácter monumental, derramábase nunha ampla estrutura escoltada por dúas terrazas a dereita e esquerda. Esta base servía de preámbulo a unha construción máis sobria onde a galería se erixía como o elemento central e distintivo.

Esta configuración, única e radicalmente distinta a calquera outra construción na armazón urbanística mariñeira do Grove da época, reforza a tese dunha autoría compartida. Ambas

vivendas representaban un fito de modernidade sen parangón na contorna local, consolidando a pegada de Jenaro de la Fuente Domínguez no noso patrimonio local. No caso da vivenda do Grove, a galería corrida, despoñida de ornamentación superflua, remite directamente a modelos similares executados polo autor. Esta solución técnica lembra á fachada frontal do Hotel-Balneario Acuña en Caldas de Reis, na súa cara orientada ao río Umia, ou á galería de madeira que proxectou en 1895 para o inmable de Andrés Pérez, situado na intersección da rúa Urzaiz coa baixada á estación de Vigo.

Chegados a este punto, a historia documental encóntrase coa memoria oral a través dunha frase transmitida de xeración en xeración entre os grovenses. Marianita Solá Mestre, única filla do matrimonio, adoitaba comentar ao lembrar a vivenda familiar, pequena e sobria:

«...Miña nai gastou todos os cartos na entrada».

Este testemuño familiar cobra hoxe un novo sentido técnico. É moi probable que a irmá do poeta, fascinada pola elegancia da época, se namorase da maxestade daquelas escaleiras que Jenaro de la Fuente deseñara para o Gran Hotel de Mondariz, esixindo para a súa residencia no Grove unha entrada que replicase, a menor escala, aquel símbolo de distinción e modernidade.

AGRADECEMENTO

Ao arquivo xestionado pola familia de Jorge Alonso de la Fuente e ao profesor Jesús Angel Sánchez García.

A PEDRA VIXÍA DA ILLA DE ONS: ESPANTALLO MONOLÍTICO E CALENDARIO ASTRONÓMICO

Por: Fernando Alonso Romero e Antón Bouzas Sierra



Fig. 1 Antigo piorno no barrio de Canexol. Ons



Fig. 2 Grupo de nenos xogando nos campos situados entre a Pedra Vixía e o castro, ao fondo da imaxe

Fai máis de cincuenta anos, concretamente no mes de agosto do ano 1973, visitei a illa de Ons en compañía de Julián Becares, por aquel entón profesor da Universidade de Salamanca. Tivemos a sorte de localizar e de fotografar numerosos aspectos etnográficos e arqueolóxicos da illa; como o piorno que se sustenta sobre pilares ladeados, dando a impresión de que camiñaba cambaleante cara ao norte, quizais á espera de recibir a colleita de millo que se cultivaba aos pés da *Pedra Vixía* (Fig. 1). Eran tempos nos que aínda había familias que vivían na illa de Ons durante todo o ano. A súa subsistencia dependían dunha economía case autosuficiente, pois baseábase na pesca, na gandaría e nunha agricultura da illa que se practicaba principalmente nos campos que se estendían dende o lugar onde se atopaba a *Pedra Vixía* e o outeiro do castro (Fig. 2). Non resultaba doado manter en boas condicións o desenvolvemento dos cultivos co fin de obter unha colleita satisfactoria, pois o conseguila requiría a utilización de varias tarefas, como labrar sucos na terra con arados tirados por bovinos e depositar neles a semente, procurando cubrila con terra para que non llela comesen os paxaros. Despois había que confiar en que o tempo atmosférico fose favorable para o crecemento das plantas e que non xurdise ningunha praga, nin que os temidos corvos que aniñaban na illa ou que viñan dende a costa pontevedresa, se comeran as mazarocas de millo ou outros cereais. Xa dende a remota Antigüidade os agricultores preocupáronse sempre de deseñar diferentes procedementos para defender os seus cultivos. Adoitaban ser de dous tipos: uns baseábanse na representación na figura humana por medio de espantallos; e outros na preparación de instrumentos de protec-

ción máxica: como talismáns, amuletos, ramos de plantas, falos de pedra e tamén cruces cristiáns, como as que se vén nalgúns piornos en ambos lados dos seus tellados. Un falo e unha cruz. Dos importantes testemuños simbólicos da confianza que se poñía tanto nos poderes da fe cristiá como na da fecundidade que se representaba co falo, polo menos dende os tempos dos romanos. Tempos nos que se tiña preferencia polas imaxes ou os símbolos do deus Priapo protector dos cultivos e da fertilidade. E o falo era o seu atributo simbólico máis representado. Os espantallos e todos eses obxectos de protección máxica adoitábanse poñer nos campos cultivados coa esperanza de que os seus poderes sobrenaturais cumpriran a súa función protectora, incluso contra o mal de ollo que puidera botarlles algún veciño envexoso.

Sen embargo, na illa de Ons uns dos riscos que máis corrían as colleitas eran as actividades depredadoras dos corvos; aves consideradas de mal agoiro en Galicia debido á cor negra da súa plumaxe e as desagradables gralladas do seu canto. Pero, sobre todo, como di o dito galego: *porque sempre o corvo vai a onde preada hai*, é dicir, sempre o corvo vai a onde hai comede-la.¹ De modo que para evitar esa actividade, en Ons seguíase recorrendo a mediados do século pasado a un procedemento ancestral, pois era o mesmo que fai miles de anos realizaban os nenos do Antigo Exipto para escorrentar aos paxaros². En Ons elixíase a un neno ou nena para que se subira á *Pedra Vixía* en Xabreiras, preto de Caniveliñas³. Un monólito natural de algo máis de dous metros de altura no que o ser humano, en data descoñecida, labrou catro chanzos que facilitaban a subida ao seu remate superior. Dende a súa altura un neno ou unha nena tiñan a misión de actuar como vixiantes para escorrentar aos corvos berrándolles e tirándolles pedras coa man ou coa axuda de fondas (Fig. 3). Na fotografía da (Fig. 4) pódese ver á nena que no mes de agosto de 1973 estaba cumprindo esa función. Chamábase María. Lamentablemente non recordamos o seu nome completo. É posible que algún lector de *AUNIOS*, que coñecera tamén esa actividade infantil, recoñézaa, e poidamos de novo




Fig. 3 A Pedra Vixía



Fig. 4 María cun canciño no seu regazo sentada na Pedra Vixía contemplando o campo que debía vixiar

1 Rodríguez González, E. 1960, v. corvo

2 Abdelhakin, W. Mohamed, 2020, 7.

3 Segundo información de Staffan Mörling, a finca Xabreiras no ano 1965 a traballaba Maruja Méndez Reiriz, que levaba os bois que tiraban do arado mentres que o seu pai, Gabriel Méndez Patiño, dirixía o arado.

volver a ter a oportunidade de falar con ela e recordar o que xenerosamente nos contou que facía subida a esa pedra fai algo máis de cincuenta anos.


Pero sobre o significado máxico da *Pedra Vixía* fáltanos aínda algo rechamante que contar, pois tivo tamén outra importante utilidade para os antigos habitantes da illa. Staffan Mörling, que coñecía moi ben a vida tradicional da illa de Ons, conta que a mediados do pasado século vinte os insulares tiñan un sentido moi particular do paso do tempo, pois non necesitaban reloxos para coñecerlo. Bastáballes con *botar unha ollada á altura do sol para saber a hora do día*. Pois ben, esa observación lévanos a pensar que posiblemente a *Pedra Vixía* puido ser empregada tamén como marcador do paso do tempo: quizais como reloxo de Sol por medio da observación da lonxitude da súa sombra ao longo do día. Pero incluso, e aquí estaría outro importante valor engadido ao seu significado etnográfico, puido servir durante a Prehistoria para coñecer determinadas datas do calendario que influían na planificación das actividades laborables, así como na celebración das festividadeas dedicadas aos seus deuses.

Revisada a posición topoastronómica da igrexa vella de Ons respecto da *Pedra Vixía*, resulta que ambas están situadas unha respecto á outra de tal forma que a pedra marca con bastante exactitude o ocaso do Sol durante el solsticio de verán, vista dende a radicación da igrexa. Ademais, o castro de Ons (tamén respecto da igrexa) podería marcar o ocaso do lunasticio maior sur, aínda algo menos exactamente, pois a Lúa neste momento do seu ciclo case chega a rozar o castro para poñerse ao seu pé.

Non obstante, se nos desprazáramos tan só 30 metros ao este da igrexa vella a un nivel lixeiramente inferior (mantendo a enfilación e 4 metros menos de cota) manteríase a aliñación do solsticio coa pedra e veríamos a lúa poñerse durante o lunasticio exactamente no castro, corrigindo o lixeiro desvío anterior (dende a igrexa).

A coincidencia de ambos aliñamentos astronómicos (solsticio e lunasticio) indican que a radicación da vella igrexa tivo que ser elixida en tempos moi anteriores á súa primeira construción, cando se practicaba unha “astronomía do horizonte” que tiña por obxecto controlar un calendario prehistórico lunisolar. Para iso obsérvanse as posicións do sol e a Lúa, o primeiro para comprobar a época do ano e o segundo para monitorizar os meses ao longo do chamado ciclo de lunasticios, durante o cal se alcanzan as posicións máis baixas e extremas da Lúa cara ao sur, cada 19 anos.

En consecuencia, isto indicaría que a elección do lugar para edificar a igrexa significou a cristianización dun antigo lugar pagán onde se rendía culto ao Sol e a Lúa, moi probablemente efectuado polos habitantes do castro de Ons. Tendo en conta que todo isto está baseado en cálculos realizados con software xeográfico e astronómico, sería interesante documentar “in situ” a validez destes aliñamentos astronómicos mediante observacións in situ ou fotos de cada un destes dous eventos astronómicos.




BIBLIOGRAFÍA:

ABDELHAKIM, WALAA MOHAMED, 2020. The concept of Scarecrow in Ancient Egypt. (*International Journal of Heritage, Tourism and Hospitality*, vol. 14, nº 3; pp. 1-14).

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. 1960. *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. (Editorial Galaxia. Vigo).

AGRADECEMENTOS:

Queremos deixar constancia do noso agradecemento a Celestino Pardellas de Blas. A Luís Bermúdez e a Julio César Martino (gardas do Parque Nacional de Ons). Así como aos membros do grupo de mantemento do verán de 2025. Sen a súa axuda e interese pola localización, o estudo e o significado da *Pedra Vixia*, este traballo non sería posible realizalo. Grazas tamén ao Grupo Arqueo Geaat-UVigo pola fotografía do dron.




RUTA XACOBEO MARÍTIMO-TERRESTRE-FLUVIAL DAS ILLAS CASSITÉRIDES

Por: Redacción asociación “Pineiróns”

INTRODUCCIÓN:

Un ano antes do 1993, ao conselleiro de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia, naquel entón, Victor M. Vázquez Portomeñe, ocorréuselle dinamizar as diferentes Rutas Xacobeas, resultando todo un éxito relixioso, económico, turístico e social que chega ata os nosos días, aumentando en afluencia ano a ano.



Representación da barca de pedra que traslada ao apóstolo Santiago.
Foto: <https://visitargalicia.es>

Por aquelas datas, aínda que a presenza de peregrinos por eles era escasa, coñecíanse os seguintes camiños: Francés, Portugués, Norte, Primitivo, Inglés, Vía da Prata e Camiño de Inverno. Logo uníronselle a Ruta Marítima a partires de 1999 e o de Fisterra-Muxía, aínda que esta última xa era coñecida dende a antigüidade. Antes de 1993, o que máis se empregaba, a nivel Galicia, era o Francés, partindo do Cebreiro.

Incriblemente, a Ruta Marítima, non existía como Camiño Xacobeo, tendo en conta que a lenda di que os discípulos do apóstolo Santiago, Teodoro e Atanasio, trasladaron o seu corpo dende Xerusalén, nunca barca de pedra e sen temón, ata Iria Flavia, navegando polo Mediterráneo e logo polo océano Atlántico, entrando en Galicia pola desembocadura do Miño, na Garda, e percorrendo o litoral galego, coas súas illas, ata chegar á ría de Arousa, para, despois de percorrela, remontar o río Ulla ata chegar a Pontecesures-Padrón-Iria Flavia.

Cando no 1993 revitalizáronse as Rutas Xacobeas, varios membros da actual asociación Pineiróns

comprobaron, que case de xeito residual ou anecdótico, se nomeaba a Ruta Xacobeo Marítima do Mar de Arousa e río Ulla, como unha Fundación creada polo ano 1963, que foi impulsada por José Luís Sánchez Agustino. O seu primeiro remonte realizárono no ano 1965.

Parece ser, que os remotes non tiñan unha continuidade e que si, a partires de 1993, revitalizouse de novo, pero como algo puntual dun día do verán que, aproveitando a marea alta, barcos das dúas marxes da ría de Arousa navegaban ata Pontecesures.

Foi nese intre, cando algúns membros da actual Pineiróns, a xeito particular, iniciaron a reivindicación, como unha Ruta Xacobeo Principal, a **MARÍTIMA** pero ampliándoa, a nivel Galicia, á costa que vai dende a Garda, desembocadura do Miño, ata Pontecesures, incluíndo as Illas principais, que hoxe forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas, e outras maiores que se atopan no seu percorrido.

Pensabamos que era importante RECLAMAR como Ruta Xacobeo, a singradura e derroteiro que seguiron os discípulos do Apóstolo e que posteriormente fixeron posible o fenómeno da Peregrinación. E ese itinerario tiña, obrigatoria-mente en Galicia, que comezar na Garda e pasar polas illas principais.

Comezamos con algún artigo de prensa, que non tivo éxito entre os programadores oficiais dos Xacobeos, aínda que si, nalgunha asociación da Garda e ría de Vigo, pois posteriormente saíron á luz reivindicacións, similares ás nosas.

Cando en 1998, formamos a Asociación Cultural “Pineiróns” xunto ao seu obxectivo principal (a Illa de Ons), estaba o solicitar aos responsables do Xacobeo da Xunta de Galicia, que se incluíra a Ruta Xacobeo Marítima como funda-mental, prestándolle todo o apoio institucional necesario e que, dende logo, o seu percorrido galego partira da Garda, con obrigatoria parada nas illas agora integrantes do único Parque Nacional galego para selar a Compostela, e que chegara ata

Pontecesures a través da Ría de Arousa e río Ulla. Para iso Pineiróns, pasou a formar parte das asociacións *Promotoras do Camiño de Santiago*.

Dende o primeiro momento, enviamos escritos, algunha nota de prensa e, na revista cultural AUNIOS, que edita a asociación, reivindicouse a través de varios artigos, dando, como sempre facemos, ideas e suxestións para un bo funcionamento.

Ata o de agora, non recibimos ningunha resposta sobre a nosa proposta de Ruta Xacobeá Marítima. Algún ano realizase unha xornada de remonte ata Padrón, xurdiu algunha asociación máis sobre a Traslatio,..., pero a *Ruta Xacobeá Marítima* segue sendo a *Grande Esquecida* dos *Camiños a Santiago*, pola Xunta.

SAÍDA NA REVISTA AUNIOS OS PRIMEIROS ARTIGOS SOBRE ESTA RUTA:

Como dixemos, a reivindicación da Ruta Xacobeá Marítima era unha das teimas de Pineiróns e de dala a coñecer encargouse o coordinador de AUNIOS e actual presidente da Asociación, Tino Pardellas.

Comezou no ano 2001¹, despois de que comprobáramos que as nosas reivindicacións sobre esta ruta non fixeran efecto no Xacobeo de 1999, ano seguinte da constitución da Asociación.

Foi un fermoso relato, realizado en catro entregas (2001 – 2004), onde un mariñeiro de Aguiño, alcuñado “Candorca” decide realizar esta Ruta Xacobeá Marítima dende A Garda ata Pontecesures na súa dorna “Cassitéride” para, dende alí, seguir a pé pola Ruta Portuguesa ata Santiago. Na súa singradura, non deixa sen visitar e dar a coñecer os principais lugares histórico-monumentais da costa pola que navega e das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, sen esquecerse, na remonta do río Ulla, de falar da súa riqueza monumental e ecolóxica.

Interesante proposta a realizada nestes artigos, intentando incentivar aos centos de patróns de embarcacións de recreo que teñen barcos, durmindo un soño letárxico nos clubs náuticos pola falla de actividade; navieiras de pasaxe das rías,..., e barcos tradicionais de todo tipo, para animalos a realizar esta ruta que daría vida aos clubs náuticos, ás rías, aos pobos costeiros,..., e ao Camiño Xacobeo Marítimo. Indubidablemente extensible aos miles de nautas doutros puntos da xeografía marítima galega, española e estranxeira. De novo non tivo éxito esta proposta e outras enviadas á administración, nin na preparación do Xacobeo 2004 nin no 2010.

Volve a intentalo un ano antes dos Xacobeos 2021 e 2022 (fixéronse en dous anos polo tema da pandemia), preparando outra proposta similar ás anteriores², sen novelar, e máis definida e exhaustiva sobre a ruta proposta anteriormente³. Tampouco calou nos responsables do Xacobeo da Xunta, aínda que, en xaneiro de 2022 xurde unha noticia na Voz de Galicia de 21 de xaneiro, onde informan que: “Una flota de peregrinos llegará desde el sur de España a las Rías Baixas en primavera”, onde nos indican que se está programando unha gran peregrinación por parte de varios clubs náuticos de Galicia e Portugal (en Galicia levábao Asnauga⁴). Comentaban que saía dende Barbate (Cádiz) o 28 de maio de 2022, cruzarían todo o atlántico portugués e entrarían en Galicia pola Garda. Visitarían un bo número de portos de Portugal e Galicia e contaban con chegar a Santiago, seguindo a pé o Camiño Portugués dende Pontecesures, sobre o 10 de xuño.

Unha iniciativa fantástica que fai pensar que para o 2027 esa *Ruta Xacobeá Marítima* poda comezar a súa verdadeira singradura institucional por parte da Xunta.



Vista de A Garda dende o Castro de Santa Tegra

1 Celestino Pardellas de Blas. “O camiño xacobeo marítimo das illas Cassitérides. A ruta das illas maiores”. Revista Aunios. Nº 4 (2001), nº 6 (2002), nº 8 (2003), nº 9 (2004).

2 Celestino Pardellas de Blas. “A ruta xacobeá marítima das illas Cassitérides e da Traslatio”. Revista Aunios. Nº 25 (2020). Páxs. 2 – 6.

3 Expón sete tramos a seguir, navegando dende a Garda ata Pontecesures. Tamén paradas e opcións para coñecer a cultura, monumentos,..., e gastronomía dos concellos portuarios por onde transcorre.

4 A máis importante rede de clubs náuticos e portos deportivos de Galicia.

XORDE A IDEA DA RUTA XACOBEEA MARÍTIMO-TERRESTRE-FLUVIAL DAS ILLAS CASSITÉRIDES

Os membros de Pineiróns que estaban a cavilar co tema da Ruta Xacobeia Marítima en embarcación, déronse conta que tamén se podería facer por terra, a carón do mar, seguindo a singradura dos discípulos de Santiago e, á vez, visitar ás zonas máis emblemáticas que ían atopándose polo camiño ou nas súas proximidades, con máis facilidade que indo en barco. Ademais, tendo en conta que a Marítima só poderían facela como nautas aqueles que tiveran os medios adecuados, que son poucos, sen embargo por terra, poderían realizala un importante número de peregrinos sen atranco.

Foi así como, paralelamente á marítima, naceu a **Marítimo-Terrestre-Fluvial**, entendendo como tal: *Andar a carón da costa e, por veces, navegar*. Queremos dicir, que a maioría da ruta sería a pé e a visita ás illas, en barco de pasaxe.

O poñela en funcionamento, requiriría unha posta en común entre a Xunta (organismo encargado do Xacobeo). Os concellos principais por onde discorre, navieiras que viaxan ás illas do Parque Nacional e remontan o río Ulla, algúns albergues, hoteis, cámpings e casas de comidas por onde pasa, empresas de autobús,..., e quizais podería necesitarse algún tipo de infraestrutura máis.

Esta Ruta, a carón da parte espiritual e relixiosa coa que algúns peregrinos se animen a realizala, hai que mirala tamén dende o punto de vista deportivo, anímico, natural, de ocio, de amizade,..., e, en especial, cultural.

Contando cunha boa posta en común, con medios e cuns servizos básicos apropiados, será unha Ruta doada de facer, sedutora, emocionante,..., atraínte e da cal imos a sacar moitas sensacións positivas.

Pois foi así que, polo ano 2003, naceu a idea desta Ruta Xacobeia que partiría da Garda e remataría en Santiago de Compostela, uníndose no seu percorrido, actualmente, con outras rutas de tipo cultural ou literario, como a do Pai Sarmiento (2016) ou a de Valle Inclán⁵ (2022) a carón das rías de Pontevedra e Arousa.

Imos dividila, ao igual que a Marítima, en sectores, 6 concretamente. En cada sector falaremos dos: **concellos** por onde discorre, posibilidade de **itinerarios** culturais a realizar, **barcos** de transporte ás illas, **selado** obrigatorio da Compostela,...

Estes son os **concellos e illas** por onde pasarán os peregrinos: A Garda, Oia, Baiona-Vigo, illas Cíes. Cangas, Bueu, illas de Ons. Sanxenxo-Portonovo, O Grove, illa de Sálvora. Cambados, Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa, illa Cortegada. Remonte do río Ulla, Pontecesures, Padrón. Aquí rematará a Ruta Marítimo-Terrestre-Fluvial para, dende Padrón seguir a Ruta Portuguesa (Teo, Rois, Ames e Santiago de Compostela).

A RUTA POR SECTORES

1º Sector: A Garda – Illas Cíes

Concellos: Partirán dende A Garda e pasarán polo de Oia e Baiona, podendo seguir para o seu remate ata o de Vigo, segundo preferencias. Esta primeira parte do sector coincide coa Ruta Xacobeia Portuguesa pola Costa. Logo viaxarán ás Illas Cíes, onde remata o sector primeiro.

Itinerarios: Dende o concello da Garda e antes de comezar a ruta, os peregrinos poden realizar percorridos culturais, visitando o Castro de Santa Tegra e os Muiños de Folón.

No concello de Oia, coñecerán o seu mosteiro, visitar os numerosos e interesantes petróglifos da zona e, segundo a época e día do ano elixido, poderán gozar dos Curros (Rapa das Bestas) que se celebran na Serra da Groba como os da Valga, Mougas, Torroña e ata os famosos Curros das Moscas.



Itinerario da ruta do Pai Sarmiento.
<https://www.osalnes.com/es/>

⁵ O principio ou primeiro Sector, da ruta que imos a presentar, hoxe en día atópase oficializada como “Camiño Portugués pola costa” dende o ano 2010, aínda que xa se coñecía dende a Idade Media. Ten como percorrido común coa Marítimo-Terrestre, o espazo xeográfico que vai dende a Garda ata Baiona-Vigo. Logo diferénciase en que, dende de Vigo vai cara a Redondela na procura do Camiño Portugués e a nosa segue a ruta dos Discípulos de Santiago a carón do mar.

No concello de Baiona, atravesarán os Faros de Cabo Silleiro, camiñarán rentes ao monumento da Virxe da Roca e entrarán na Vila a carón do seu Castelo, podendo visitar a zona antiga⁶.

Nas illas Cíes, poderán percorrer as rutas que Parques ten deseñadas.



Facho de Cabo Home. Cangas



Miradoiro de Punta Faxilda. Ons ao fondo

Barco: En Baiona (ou os que decidan ir ata, en Vigo) collerán o barco que os transportará ata as illas Cíes, só con billete de ida, pois o regreso o farán cara á outra banda da ría de Vigo, onde comeza o sector segundo.

Selado: De xeito obrigatorio, o selado da Compostela debería facerse, á saída na Garda, nos concellos de Oia e Baiona e nas Illas Cíes.

2º Sector: Cangas – Illas de Ons

Concellos: Dende as illas Cíes, collerán o barco cara a Cangas. Dende alí, polo camiño da costa proposto, irán cara ao concello de Bueu. En Bueu embarcarán cara á illa de Ons, onde remata o sector segundo.

Itinerarios: En Cangas, despois de visitar a vila e camiño de Bueu, pasarán pola parroquia de Aldán dende onde poderán achegarse ata o Hio para coñecer e visualizar un dos mellores cruceiros de Galicia e, dende alí, poder achegarse ata costa de Soavela onde pagará a pena subir ao Castro de Monte Facho con fermosas vistas e percorrer a pequena ruta dos Faros.

De volta a Aldán e despois de contemplar a Casa Torre, seguirán o camiño cara a Bueu. Na parroquia de Beluso, terán a oportunidade de aproximarse ata Cabo Udra, zona natural e que conta cunha pequena aula da natureza e preto dela unha fábrica de salga. Xa en Bueu, a visita obrigada, será ao Museo Massó.

Na illa de Ons, despois de visitar o seu Centro de Visitantes, percorrerán as diferentes rutas trazadas.

Barco: En Bueu embarcarán cara á illa de Ons, tamén con billete só de ida, pois regresarán cara á outra orella da ría de Pontevedra,

podendo elixir entre os portos de Portonovo ou Sanxenxo.

Selado: De xeito obrigatorio, selarán a Compostela nos concellos de Cangas e Bueu e na illa de Ons.

3º Sector: Portonovo-Sanxenxo – Illa de Sálvora.

Concellos: Camiñaran polos de Sanxenxo e O Grove. Case todo o percorrido pola costa, enlazando coa ruta do Pai Sarmiento que vén dende Pontevedra.

Itinerario: Dende Portonovo- Sanxenxo, marcharán a carón da costa, seguindo o itinerario trazado polo Pai Sarmiento. Na súa andaina, pasarán a carón de fermosas praias e vista panorámicas como a do Miradoiro de Punta Faxilda, na parroquia de Noalla. A escasos 2 km, a ermida, fortaleza e castro da Lanzada, dos máis interesantes da costa galega e onde as mulleres realizan o ritual das nove ondas para intentar quedar embarazadas.

Xa no Grove terán a oportunidade de aproximarse ata a parroquia de San Vicente, onde verán a escultura que reproduce a única moeda que hai representando a Traslatio, coñecer a historia do ataque dos piratas, pola cal se celebra o corpus unha semana antes que no resto do mundo, visitar Adro Vello, importante enclave arqueolóxico, e de volta o museo da salga en Punta Moreiras. Xa na vila e despois de saborear o seu excelente marisco, terán a oportunidade de achegarse ata a illa da Toxa ou navegar entre bateas.

Barco: Dende o porto de O Grove, navegarán cara a Illa de Sálvora. Nós propoñemos viaxe de ida e volta, para seguir o itinerario do Pai Sarmiento pola beira pontevedresa da ría de Arousa; aínda que, se o prefiren, mirarán o xeito de procurar

⁶ Dende Baiona, os peregrinos que o desexen poderán seguir a súa ruta ata a cidade de Vigo, que conta cunha interesante diversidade cultural que ver e visitar.

barco de volta á banda coruñesa da ría, para seguir o itinerario polos concellos de Ribeira, Pobra, Boiro, Rianxo, Dodro e chegada a Padrón.

Selado: De xeito obrigatorio, selarán a Compostela en Portonovo-Sanxenxo, no Grove a na Illa de Sálvora.

4º Sector: O Grove – Illa de Cortegada.

Concellos: Pasarán polos de Cambados, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa, seguindo as rutas do Pai Sarmiento e de Valle Inclán.

Itinerarios: No percorrido preto do mar, pasarán por varias telleiras e observarán as súas esveltas chemineas. En Cambados poderán visitar o seu casco vello, o Pazo de Fefiñáns e saborear un magnífico viño albariño nalgunha das súas adegas.

En Vilanova de Arousa, percorreran o itinerario de Valle Inclán visitando a súa casa natal e museo. Tamén, non estaría de máis, unha visita á Illa de Arousa.

Chegados a Vilagarcía de Arousa, entrarán na vila entre Pazos, como o do Ríal, Rubiáns, de Vista Alegre, Gorpelleira,... Antes de coller o barco, poderán saborear unhas exquisitas ameixas en Carril.

Barco: No porto de Carril, collerán o barco que os transportará ata a Illa de Cortegada. Illa de doado camiñar, onde visitaran a súa capela, as ruínas das casas labregas e o bosque de loureiros.

Selado: Obrigatorio en Cambados, Vilanova, Vilagarcía e illa de Cortegada.



Foto antiga da capela da Illa de Cortegada. Vilagarcía

5º Sector: Cortegada (Vilagarcía ou Carril) – Pontecesures.

Concellos: Aínda que este sector faise remontando o río Ulla, navegas polos concellos de Catoira, Valga e Pontecesures.

Itinerario: Navegarán por un percorrido histórico-natural único. Na súa singradura contemplarán o único Vía Crucis marítimo-fluvial, con 17 cruceiros. Pasarán a carón das Torres do Oeste en Catoira. E ao longo do percorrido poderán observar unha fauna e flora excepcional.

Barco: Collerano no punto de embarque que se busque, que poderá ser en Vilagarcía ou Carril.

Selado: Podería ser no propio barco que os transporte ou, co billete que acredite a navegación, á súa chegada a Pontecesures.

6º Sector: Aquí remata a Ruta Marítimo-Terrestre-Fluvial que promovemos e conectarán co Camiño Portugués. Pasando polos concellos de Padrón, Teo e chegada a Santiago de Compostela.

Itinerario: Poderán visitar a Casa Museo de Rosalía, o xardín botánico, Convento do Carme. Pasarán polo Santuario da Escravitude, polo Humilladoiro e o centro monumental de Santiago de Competela.

Selado: Como mínimo terán que selar en dous lugares deste sector: en Padrón, Escravitude, en Milladoiro e finalmente na Oficina do Peregrino en Santiago.

CONCLUSIÓN FINAL SOBRE ESTA RUTA XACOBEO MARÍTIMO-TERRESTRE-FLUVIAL DAS ILLAS CASSITÉRIDES

Temos pois unha Ruta que debería ter prioridade dentro do ámbito *Xacobeo Galego* pero que, sen saber por que, segue agochada, sen recoñecer que foi a que promoveu, grazas á lenda da singradura realizada polos discípulos do Apóstolo Santiago, que hoxe exista a Catedral de Santiago e que, ao longo dos séculos, os camiños cara a ela estiveran e estean cheos de peregrinos.

É unha Ruta doada de facer e con innumerables atractivos. Pode realizarse de xeito directo, sen saír do itinerario trazado ou percorrendo a riqueza monumental, paisaxística, natural, gastronómica,..., e espiritual que atopamos no seu tránsito e que, resumidamente, damos a coñecer como Itinerarios.

É importante e necesario, que esta ruta marítimo-fluvial ou a marítimo-terrestre-fluvial, en Galicia, comece na desembocadura do Miño e entre na nosa comunidade pola vila da Garda, pasando polas illas, que hoxe forman parte do único Parque Nacional galego. Reducíndoa só á ría de Arousa e río Ulla, queda un amplo espazo dela sen percorrer, deixando a lenda da Traslatio sen un dos seus principais membros.

A ILLA DE ONS, UN PECULIAR UNIVERSO MICOLÓXICO

Por: Jaime Bernardo Blanco-Dios

Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán (Pontevedra)

Galicia é unha comunidade cunha grande diversidade micolóxica e, paralelamente, a afección polos cogomelos comestibles segue medrando ano tras ano, dende que en 1961 se celebrara na antiga Escola de Capataces de Lourizán



Fig.1. *Bonomyces afrosinopicus*



Fig.2. *Leucocoprinus caepistipes*

(Pontevedra) o primeiro cursiño de identificación de especies comestibles e velenosas. Pero o interese popular por estes froitos silvestres, riqueza dos nosos montes e pasteiros, foi especialmente intenso dende que, a comezos dos anos 80 do pasado século, se popularizara a celebración deste tipo de actividades orientadas a coñecer os cogomelos comestibles. Quen escribe estas liñas así o pode testemuñar, xa que fomos e somos partícipes desta explosión de actividades relacionadas cos cogomelos silvestres, pois entramos en contacto con este mundo en 1981 e 45 anos despois nel seguimos. Ao mesmo tempo, tamén medra o coñecemento das especies que conviven con nós nesta bendita terra: os arredor de 3500 taxóns (especies, variedades e formas) que os investigadores galegos temos rexistrados e publicados ata o momento da nosa comunidade autónoma así o testemuñan. Con respecto ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, aínda queda moito camiño por percorrer ata conseguir ter un coñecemento axeitado das especies que viven no noso Parque Nacional, polo que cómpre continuar coa realización de estudos a medio-longo prazo da súa biodiversidade fúnxica dada a dificultade que temos para poder prospectar as illas do Parque Nacional (especialmente aquelas illas situadas nas bocas da rías) durante os mellores períodos para a frutificación dos fungos (outono, inverno, comezos da primavera), ao coincidir coas épocas dos principais adversos meteorolóxicos (temporais, mar de fondo...) e as conseguíntes limitacións de locomoción que fan que o acceso marítimo resulte dificultoso ou, ás veces, imposible.

En Ons, a xeito de exemplo, podemos destacar a presenza de especies raras ou pouco comúns coma *Collybiopsis vaillantii* (Pers.) R.H.Petersen, *Hygrocybe spadicea* (Scop.) P. Karst, *Leucocoprinus barssii* (Zeller) Migl. & Donato, *Leucocoprinus caepistipes* (Fig. 2) (Sowerby) Pat., *Leucocoprinus*

straminellus (Bagl.) Narducci & Caroti (especie de típica aparición en interior, en macetas con prantas ornamentais pero que en Ons atopamos ao aire libre), *Mycena chlorantha* (Fr.) P. Kumm. ou *Russula viscida* Kudřna. Por outra banda, queremos

reseñar a presenza de tres especies aínda mais destacadas pola súa extrema rareza: *Bonomyces afrosinopicus* (P.-A. Moreau) P. Alvarado, P.-A. Moreau, Khodja & Contu, *Entoloma nesophilum* Blanco-Dios e *Myriostoma coliforme* (Dicks.) Corda.

Bonomyces afrosinopicus (**Fig. 1**) é unha rara especie a nivel mundial que, ata o momento, só se coñece do norte de África (Marruecos, Arxelia), en Cerdeña (Italia), en Córcega (Francia) e na illa de Ons. Durante 2026 publicaremos un artigo sobre esta especie nunha revista científica micolóxica.

Entoloma nesophilum é unha especie soamente coñecida ata o momento da illa de Ons. *Nesophilum* quere dicir en latín “amigo das illas” (Blanco-Dios, 2017).

Myriostoma coliforme (**Fig. 3**) é unha especie rara en Europa e está incluída na lista de 33 especies ameazadas no continente europeo denominada *The 33 threatened fungi in Europe* (Dahlberg & Croneborg, 2006). Durante o 9º Congreso de Micólogos Europeos celebrado en Oslo (Noruega) en 1985 créase o Consello Europeo para a Conservación dos Fungos (European Council for Conservation of Fungi (ECCF)), ante a preocupación pola regresión dalgunhas especies. Ademais, vinte e oito países europeos asinan a Convención de Berna para regular a protección de plantas e animais e dos seus hábitats. Aínda que, nun primeiro momento, os fungos quedaron excluídos, a Convención de Berna encargou en 1998 ao ECCF o estudo dos macromicetos ameazados, para, en 2003, facer pública unha lista de 33 especies europeas de macromicetos que se considera están en perigo de extinción, e que aparecen recollidas no Anexo I das propostas desta Convención, anexo onde se atopa *Myriostoma coliforme*. Esta especie atopámola tanto en Ons coma na illa de Sálvora (Blanco-Dios (2010) [2009]).



Fig.3. *Myriostoma coliforme*

Por último, tamén queremos destacar a presenza na illa de Ons de especies comestibles de gran calidade coma o cotizado perrechico (*Calocybe gambosa* (Fr.) Donk) ou os populares niscalos ou fungos da muña (*Lactarius deliciosus* (L.) Gray, *L. quieticolor* Romagn.,...). Todas as especies citadas son exemplos da riqueza micolóxica desta illa.

Por último, dicir que a diversidade de fungos que podemos atopar en todos os arquipélagos do *Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia* podería ser tamén un bo atractivo turístico, especialmente indicado coma unha actividade para desestacionalizar a oferta turística actual, tan de sol e praia, dado que a aparición dos cogomelos (outono sobre todo, inverno e ata a primavera) está fora da época do masivo turismo estival. Pero consideramos que a idea debería ser enfocada non coma un turismo reducido a participar en recoleccións indiscriminadas con fins culinarios (que incumprirían a normativa do propio Parque Nacional) e que acaban sempre na típica pregunta cando atopamos algunha frutificación fúnxica dirixida ao experto que conduce a actividade que consiste en: “este cogomelo...cómese ou non se come?” senón que debería ser unha actividade contemplativa e respectuosa co noso medio, desfrutando da súa grande diversidade, fotografándoas ou estudándoas pero tendo claro o obxectivo final da súa conservación.

BIBLIOGRAFÍA

- Blanco-Dios, J.B. (2017). Notas sobre el género *Entoloma* s.l. en el Noroeste de la Península Ibérica (IX): *Entoloma nesophilum*, sp. nov. y algunas combinaciones y nombres nuevos. *Tarrelas* 19: 24-31.
- Blanco-Dios, J.B. (2010) [2009]. *Myriostoma coliforme* (Dicks.:Pers.) Corda, especie ameazada en Europa, presente no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. *Mykes* 12: 51-54.
- Dahlberg, A. & Croneborg, H. (2006). *The 33 threatened fungi in Europe*. Nature and Environment. Council of Europe, Strasbourg, 132 pp.

ACREDITADO BIÓLOGO, SEDUCIDO POLA PINTURA

Por: Anxo López Vergara / Tino Pardellas

O JACOBO, BIÓLOGO

Jacobo Fernández Casal, nacido no Grove no ano 1957, é un recoñecido e comprometido experto en bioloxía. Sempre estivo relacionado co tema da acuicultura (cría de rodaballo), formando parte do persoal de Insuiña (O Grove) durante 42 anos. Nela foi director de planta e responsable da saúde dos rodaballos.



Jacobo Fernández Casal

Insuiña é unha empresa fundada en 1983 e dirixida polos empresarios Manuel Domínguez, Sergio Devesa e Alfredo Fernández. Foi precursora en toda España do cultivo industrial do rodaballo.

A gran preparación de Jacobo e os seus altos coñecementos no cultivo desta especie, levárono a ser asesor en varias plantas de cultivo, destacando a de Los Molles en Chile.

Foi un dos impulsores no Grove do ForoAcui (Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Baixas) 28 anos, e do Ciclo Cultivando o Mar, 38 anos.

Foi promotor e impulsor do Aquarium de O Grove, en Punta Moreiras. Membro do Grupo Ecoloxista do Salnés e da Asociación de Amigos do Parque Central da Toxa.

Antes da súa xubilación, é cando Insuiña vai sufrir unha transformación pasando a ser Pescanova Biomarine Center, Jacobo pasa a ser o seu primeiro Director de Investigación.

No ano 2024, Jacobo foi recoñecido co premio de “Biólogo do ano” que concede o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. Un importante agradecemento á súa traxectoria como Director, durante máis de corenta anos dedicado á acuicultura, e como fundador do Foro dos Recursos Mariños.



Jacobo, terceiro pola esquerda, cando recibiu o premio de “Biólogo do ano”

Ao ano seguinte, 2025, Jacobo Fernández recibiu o Premio á Excelencia e Compromiso Profesional que outorga a Unión Profesional de Galicia.

Despois da súa xubilación comezou outra etapa, dedicando o seu tempo a outra das súas paixóns, a pintura.

JACOBO, PINTOR

Despois de dedicar toda a súa vida á súa paixón, a bioloxía mariña centrada na súa Terra, Galiza, e o seu mar do Grove, e rematado o seu período profesional, agora dedica o seu tempo á súa outra paixón: a pintura.

Sempre tivo moita admiración polas novas correntes artísticas do país, representadas sobre todo por artistas como Colmeiro, Lugrís, Díaz Pardo, Sevillano, Maruja Mallo, Laxeiro... e tantos outros renovadores da pintura galega.

Autor con vocación tardía, pero de espírito mozo no manexo da paleta cromática onde o seu adestramento coa pintura acrílica é arriscada e complexa. Forxado na mestría do pintor cubano Gerardo Valle, as súas fontes de inspiración céntranse en Galicia e o Caribe.



Maternidade caribeña


O mar e as embarcacións tradicionais abranguen o maior volume da súa obra pictórica aínda que tamén explora rostros anónimos, fauna e abstractos con cores e seres multiétnicos. Lembranzas das súas estadias polos lugares máis increíbles deste planeta, nos que sempre buscou na autenticidade dos habitantes, o que lle serve para representalos na súa obra. E todo isto sen esquecer nunca o berro contra as inxustizas que tamén téñen un oco na súa obra.

Autor que se move en dous mundos. No caos, as figuras habitan silenciosas de maior ou menor intensidade de cor.


Un tempo onírico. Brota outro tempo na obra onde un tumulto cromático semella unha alegoría en busca da luz.



Clases de pintura na Habana




Pesca de altura




A saia da Minina



Estudo



A flotilla de Gaza



A manifestación de Gaza



Fareiros de Ons do meu tempo na Illa

Por: Julio Santos Pena

Cando chegamos á Illa naquel outono do 71 sentimos de xeito inmediato un certo rexeitamento por parte de moitas das persoas que nos viron chegar naquel barco de Pancho que ía, naquel domingo de rabioso sol, cargado cos mobles que eran todo o noso capital de recién casados. Naquel barco chegaba tamén ao peirao de Curro un mestre novo ao seu primeiro destino, mozo, inexperto e cargado de ilusións profesionais e sociais, disposto a todo, como correspondía a quen se enfrenta a unha responsabilidade tan importante como a de acercar educación e formación aos rapaces, sabedor da carencia case continuada que a poboación escolar daquel enclave no medio do mar tivera durante os anos anteriores.

Aquela primeira resposta postural de moitos dos que nos viron chegar foi unha negativa sorpresa que nos fixo dubidar de se a decisión de tomar posesión da escola tiña sido acertada.

Pola tarde e gracias a o cura, daquela Don Andrés Nieto, que se atopaba na Illa como cada fin de semana, fomos quen de levar para a casa que ía ser o noso fogar en adiante, toda a moblaxe que quedaran no peirao, e gracias ás mulleres as que o sacerdote lles pedira axuda. Daquela, o cura foi o noso anxo da garda por unhas horas xa que volveu a “terra” na tardiña rematado o seu labor da semana na Illa.

E alí comezou aquel periplo de mil cousas que nos pasaron durante os tres cursos de estancia en Ons. Visto aquel frío recibimento e coas dubidas postas no futuro, iniciamos a tarefa na escola con traballo para organizalo todo. Moitos dos rapaces que se incorporaban á escola facíano por primeira vez e algúns tiñan pouca experiencia porque a súa escolaridade adoecía de intermitente co que non foi doado poñer en marcha aquela “unitaria”, aínda que pronto, gracias á ilusión da maioría dos nenos, quedou normalizada a dinámica escolar.

E foron pasando os días, un par de semanas, sen demasiada relación social mais que baixar ás tabernas de Curro nalgunha ocasión e saudar a quen presentaba un xeito de acercamento. E foi nunha destas cando apareceu o “torreiro”, un home grande de case dous metros de altura que se dirixiu a min cun sorriso por diante.

- *Seica é vostede o mestre novo - saudou afable*
- *Si señor - respondinlle sen saber con quen falaba en realidade*
- *Pois benvido - dixu, e Engadiu - Eu sonche o torreiro que acabo de chegar para facer a quenda.*
- *Encantado - contesteille -*

Don **José Soto**, chamábase aquel home grande fisicamente, e para min grande de valor humano tamén. O seu cometido era na illa manter a luz do faro en perfectas condicións para dirixir aos barcos que navegaban polo entorno cos seus oscilantes escintileos de catro en catro, cuns segundos de intermedio, como facendo unha conversa con capitáns que coñecían aquela linguaxe luminosa á perfección.

Así, Don José, que adoitaba baixar a Curro durante o día, desaparecía á hora do serán consciente da súa obriga de vixiar que aquela intermitente lanterna non alterase o seu cometido na cabeza da torre que semellaba un xigante no cumio da illa, alá polo alto do Cucorno. Moitas veces teño levado aos nenos da escola a visitar aquel faro e alí dentro, nas tripas



do *xigante*, recibían as explicacións do fareiro que tamén nos deixaba subir ata a lanterna con coidadiño e sen tocar en nada do que alá no alto había.

Don José Soto foi para nós de gran axuda naqueles primeiros días da chegada a Ons. Viña pola escola cando baixaba a Curro para saber se nos íamos acomodando á situación

- *Que? Vaste facendo? - preguntábame todos os días na súa cotiá visita*
- *Imos, Don José. Eu estou ao meu e non entendo moi ben o que pasa.*
- *Bueno - dixo un día - O que pasa non; as cousas veñen de atrás pero ti fas moi ben estar ao teu e verás como cambian as cousas. A xente da Illa e boa xente, xa o comprobarás, e nós somos de fóra e hai quen non sabe ser de fóra - sentenciou sen querer explicar máis nada polo que tampouco quixen escudriñar no asunto.*

Soto foi un bo compañeiro naqueles primeiros intres, sempre disposto na axuda e, daquela, comprendín que os “torreiros” en sitios como Ons eran persoas de gran importancia pola súa capacidade de colaboración cos veciños e, como no meu caso, a comprensión de situacións tan especiais como a que estaba vivindo.

Os torreiros daquela, cando o faro era puramente mecánico tiñan que estar de xeito obrigado na Illa pero facían



Ramiro, o peón do Faro, a súa dona Aurita e o seu fillo pequeno Alberto

quendas de quince días. Soto era o “titular” do enclave e cada dúas semanas viñan outros a relevalo mentres el permanecía coa súa familia en Pontevedra por ese tempo. Con moitos deles tiveron moi boa relación aínda que lamento non recordar os seus nomes salvo o de un deles, Don José Alcalá, que era o que máis relevos facía. Viña, como a maioría dos relevantes, do centro da península, algúns do outro extremo de España, e embarcaban no “barco dos faros” que patroneaba o señor Ramiro, un veterano capitán que recollía aos torreiros no porto de Marín naquel barco banco no que tamén levaba os materiais que o faro precisaba para una nova etapa como podería ser o combustible ou calquera outro que precisaran na illa.

Alcalá era un home de considerable idade e moi estrito e ríxido no seu cometido. Sempre vestido de punta en branco tamén buscaba con frecuencia a ocasión de conversar comigo de mil cousas probablemente para espantar o tedio que, seguramente sufría ao carecer de demasiada actividade no faro no que todo estaba ben da man de Soto e, como non, do seu axudante, o mítico Ramiro, que tiña á súa vez como colaboradora a Aurita, a súa dona, que facía moito labor no recinto da torre. Ramiro entendíase mellor con Soto, se cadra porque o contacto profesional entre ambos era moito máis próximo e constante, practicamente familiar. Con Alcalá mantiña unha tensa relación porque o torreiro madrileño tiña marcado de preto en todo momento e controlaba os chiquitos que o axudante bebía durante o día. Co seu falar intermitente, Alcalá afeáballe aquel costume aínda que tampouco era para tanto:

- *Raa-mi-ro, ¡ho-hombre!* - adoitaba dicirlle - *Paa-re-ce uss-te-ed un o-odre de vino.*

Ramiro sorría sempre cando o seu ocasional xefe insistía en tratar de que non bebera e ría de vez cando contaba aquela manía que o vello fareiro tiña de meterse con el a cotío

Nunha tarde de relevo, estaba Alcalá no peirao disposto a embarcar nunha gamela con Ramiro aos remos para que o levara ao Barco dos Faros que esperaba fondeado poucos metros máis alá. O veterano fareiro puxo un pé na popa da dorna e, incomprendiblemente a barca separouse da escaleira, co que o home foi directo ao mar verticalmente cos pés por diante afundíndose nel e xurdindo de novo en verticalidade contraria, momento en que, os que por alí andaban axudaron a sacalo do mar chorreando a impoluta vestimenta. Foi aquel un momento case tráxico pero, á vez cómico cando o rescate de Alcalá salvouno do perigo



Equipo de fútbol dos veciños de Ons. Á esquerda D. José Soto, o torreiro; e á dereita, D. Andrés, o Cura. No campo das Chans, a carón do Faro.

e, aínda máis, cando xa no bar de Checho apareceu ao pouco tempo vestido cun pixama mentres non lle chegaba a roupa de reposto.

Ramiro non daba contado o conto durante moito tempo e sempre negaba que el, amo dos remos da gamela naquel intre, tivese que ver co “naufraxio” do seu xefe máis incómodo

Lémbrome tamén doutro torreiro que cubriu naqueles anos varias veces a ausencia de Don José. Era outro veterano dos faros, catalán que contaba cunha capacidade cultural considerable, home de conversación fluída e sempre disposto á conversa diante dunha cervexa na taberna. Era un apaixonado dos ourizos do mar e, cando coincidía a seca de marea viva, alá íamos os dous ás pedras de Curro ou á Laxe do Crego onde, lamentablemente agora non é así, había grandes mexillóns, camaróns dabondo e, sobre todo, ourizos. Aquel home levaba consigo unha pequena culler coa que primeiro golpeaba no ourizo para romperlle a espiñosa cacha, e despois, rebandar o seu interior degustando con fruición aquel marisco que ben dicía que non había outro no mundo. Lamento non lembrarme do apelido daquel fareiro ocasional que por nome era Don Antonio.

De calquera maneira, o torreiro de Ons por excelencia no tempo da miña estancia alí era Don José Soto, home respectado pola veciñanza que tiña moitas veces a derradeira palabra para resolver calquera discusión. Con el e con Don Andrés, o cura das fins de semana, aprendín a querer a Illa e á súa xente e tamén a compartir aquel xeito de vivir tan distinto ao de “terra”. Compartimos actividades deportivas como os partidos de fútbol no campo das Chans ou de futbito no patio da escola onde el facía de árbitro ou de xuíz de liña e temos pasado no recinto do faro momentos inesquecibles de entre nós e cos veciños que participaban daqueles seráns.

Os torreiros, decididamente, eran xente exemplar no cumprimento do seu deber, conscientes da importancia do seu labor pero, ao mesmo tempo, membros da veciñanza á que lle prestaron con frecuencia moitos servizos administrativos, sanitarios ou psicolóxicos coa súa presenza e o seu bo facer.

¡Tempos aqueles!